

Como consolida o PP o seu poder local:

As Neves



Pax.: 16

1.000 primaveras máis para a sala Rebullón

Pax.:7

O PSdeG entra no goberno de Salceda

Pax.:9

Entrevista:

Vitor Mariño, responsable da CUT en Citroën

Pax.:10

Letras galegas 2026,

Begoña Caamaño

Pax.:XXIV

Entrevista:

Patricia Mariño, candidata do BNG á alcaldía de Salvaterra

Pax.:18

Festa da Sementeira en Salvaterra

Pax.:21

COMPRAVENTA JR

JOYERÍA Y RELOJERÍA EXCLUSIVA DE OCASIÓN

TALLERES PROPIOS 609 884 609

COMPRO ORO



Travesía de Foxo SM

Tui

Tel-Fax: 986 60 34 19

Joyeriajr@yahoo.es





Tino Lago, director de "A Nova Peneira"

O futuro do nacionalismo galego

editorial

As veces pregúntanme por que son nacionalista. Quen o fai adoitan ser persoas que, mediatizadas pola propaganda española, consideran, en forma de apriorismo, non como resultado dun proceso de reflexión previo, de maneira negativa, ou incluso moi negativa, aos nacionalismos galego, vasco ou catalán. Entenden eles que se trataría dunha especie de posición egoísta, de non querer compartir os recursos con outros, ou un xeito de de narcisismo pueril que precisaría a validación constante da identidade propia.

Cando me toca responder, sempre que a persoa interlocutora sexa alguén minimamente normal co que se poida falar, adoito citar primeiro ao Papa Xoan Paulo II. El diferenciaba dous tipos de nacionalismo: -Un nacionalismo defensivo que trata de preservar a formas políticas e ou culturais propias, ameazadas pola presión doutros pobos máis poderosos -Un nacionalismo ofensivo que agride a outros coa intención de roubarlles os seus recursos e imporlles a súa cultura e o seu

idioma.

O nacionalismo galego é un nacionalismo defensivo. Galicia é un país de seu, iso non o discute ningún que non sexa un fanático. Os seus sinais de identidade están en serio perigo de desaparición, e os seus recursos non benefician directamente ao pobo galego todo o que poderían beneficiar.

Eu son nacionalista porque quero que o noso idioma e a nosa identidade colectiva non se perdan. E tamén o son porque teño a convicción de que se nós tiveramos a posibilidade de xestionar integramente os nosos recursos e de defender nós mesmos o interese colectivo do noso pobo, o conxunto de persoas que vivimos en Galicia viviríamos mellor. Cal é o camiño para superar os marcos cativos do estatuto de autonomía e poder en verdade chegar a que o pobo galego se governe a si mesmo?

Só hai unha vía posible: Que o nacionalismo galego logre conquistar o corazón da inmensa maioría do pobo galego. Para que iso sexa real é imprescindible participar en todos os procesos electorais e obter os mellores resultados posibles. Cómpre gañar máis e máis concellos nas municipais do 27, aumentar a representación do nacionalismo galego no congreso español e podermos gobernar o antes posible a Xunta de Galicia. Normal-

mente cando o nacionalismo gaña algún goberno municipal acaba consolidándose, pois xestiona ben, fai políticas en beneficio das maiorías sociais e en 40 anos de existencia do BNG nunca tivo ningún caso vinculado coa corrupción.

A estratexia electoral é moi importante claro que si, pero para os que amamos a este país e sentimos nas insondables profundidades da alma a necesidade de que Galicia se poida gobernar a si mesma, non é suficiente. Non abonda só con iso.

Nas eleccións estatais do 2015 o nacionalismo galego despois de Amio, estaba sumido nunha crise enormemente grave. Perdeu a representación política que tiña no parlamento de Madrid desde hai 10 anos e o seu chan de voto ficou reducido case ao nivel dunha forza marxinal, tan só 70.464 persoas votamos nacionalista naquel proceso electoral.

Nas eleccións autonómicas do ano 24, tan só 9 anos despois, o BNG recibiu un apoio inmenso. Case medio millón de galegas e galegos apostamos polo proxecto que encabezaba Ana Pontón. Que pasou neses 9 anos?, É que 400.000 persoas se fixeron de súpeto nacionalistas en tan breve período de tempo?

Non, claro que non. O que aconteceu non foi estrutural, foi circunstancial:

unha suma de razón políticas e históricas varias que favoreceron a multiplicación do voto nacionalista. Esas circunstancias que incidiron no aumento enorme dos apoios ao BNG non son o obxecto deste artigo que só pretende trasladar a idea de que o voto é algo conxuntural, hoxe pode terse e mañá non. Pero o corazón de alguén cando se ten gañado xa é máis difícil que se perda.

As conxunturas electorais atravesan ciclos, ás veces favorables e ás veces non. Toda esta inmensa onda de ilusión no nacionalismo non tería valido para case nada se cando volvan as vacas fracas o nacionalismo retrocede de novo substancialmente sen ter acadado máis que algúns gobernos municipais que tal como chegan, acaban por marchar

Non, non é suficiente coa estratexia electoralista para que nas xeracións futuras poida seguir existindo un nacionalismo vivo, forte e solvente. É imprescindible que alén de gañar eleccións se chegue ao corazón da maioría social do pobo galego. A ninguén se lle obriga a dedicarse á política, e cando alguén libre e voluntariamente decide ser unha cara visible do BNG debe de comprometerse a contribuir na medida das súas posibilidades a convencer a máis persoas de que xestionando nós mesmos os nosos intereses e recursos viviríamos mellor. Só desesa maneira, convencendo á maioría social do pobo galego, o nacionalismo galego pode ter futuro. E só dese modo Galicia poderá ser un país libre no mundo en igualdade de condicións a calquera outro.



Avda. Galicia, 25 - Baixo
986 34 79 52
Salceda de Caselas



AUTOCARES LUCHO, S.L.

CTRA. N-120
PETELOS
MOS

986 331 203 - 649 901 278 / 649 901 279

Taparía A Calustra

Se hacen banquetes programados

Todos los días desde las 18:00 h hasta las 24:00 h.

SÁBADOS Y DOMINGOS DESDE LAS 12:00 H. HASTA LAS 24:00 H.

Bouzavedra, 23 - San Xurxo - SALCEDA

986 349 298



Non lembrar, non querer aprender

Baldomero Iglesias Dobarrio 'Mero'

opinión

Estamos condenados a repetirnos. Non damos aprendido da historia e da experiencia que deixa como ronsel ecos de aprendizaxes moi de ter en conta. E entón sucede o que estamos vendo, aínda sen crer que puideramos ter chegado aquí. Eu coidaba non ter que ver marchar á xente nova á emigración, coidaba que coa preparación acadada habería traballo e postos de labor para todas e todos. Coidaba, na miña parva e incauta condición, que seríamos quen de dar o mesmo trato que tantas veces nos deron a nós, ou aos nosos, cando fomos traballar lonxe, buscando ese mesmo pan ou algo da xustiza que aquí non había, que saberíamos acoller aos que chegaban famentos do mesmo pan ou da mesma xustiza. A culpa de non aprender da historia é que se repite todo, que volvemos sobre os erros cometidos, que non sabemos nin saberemos cantas veces aquilo que pasou xa no pasado, e non lembrado, volverá saber. Que tropezaremos novamente nas mesmas crédulas pedras do camiño e iso impídenos avanzar sequera na cordura. Que si, que xa chegamos aquí, a onde os que teñen o poder abusan del e fan calquera cousa con tal de garantirse o beneficio, son tempos de tolos e de toleadas, de perturbar a orde mundial, internacional e social de todo o planeta. Non teñen cerebro nin sentimentos, tampouco memoria -non lles interesa- e dan pasos ambiguos de falsidades e neutralidades espesas porque se lles permite e son votados, neste caso por sete millóns de parvos que, coido, máis parvos cá min.

Tamén é culpa dos que estivemos dando por bos, feitos de pouca ou escasa definición, momentos de dúbida, de non

querer comprometerse, de non facer, de ausentarse, de privarse de dicir, de calar habilmente, de non facer senón disimular, de medio-mentir, de irse por eufonías e frases lapidarias, de crear preguntas e novas dúbidas, de non esclarecer nin positivar, de non definirse, de agacharse detrás da ramalleira cando tiramos a pedra, de arroupar ao verdugo, de silenciar á vítima. Mellor dito, para non caer en medias palabras e sinxelezas: de non arroupar á persoa a executar diante da perversa e sibilina

xenreira do executor. Cando deberamos petar na mesa e facernos oír en desacordo cos abusos, interrompendo aos agresores, aos executores que case sempre gozan de impiedade e axudas. Debemos chantarnos dunha vez!

Si, estivemos calados e esquecendo, que é o modo de curarnos na pasividade. Mirando a outro lado. E son precisamente esas pequenas cousas que todos sabemos, as de todos os días, disimulando esas que quedan penduradas do silencio cómplice, as que -precisamente- nos van deteriorando e, chegado o momento, derrotando ata facernos sometidos.

Hai no mundo -diante dos ollos- unha guerra latente entre democracias e totalitarismos, e nós tan tranquilos vemos as imaxes e emitimos os nosos xuízos. Non caemos na conta de que nos xogamos non só aquel pan do que antes falaba, senón tamén a xustiza. Esa que non arroupa en caso de abuso, imperfecta si, pero con posibilidade de corrección. Que, por certo, moita corrección precisa para que non haxa tanta xente con

problemas para poder vivir, mentres outros acumulan o que nunca poderían gastar nin malgastar. Non tería sequera tempo de contalo!

Está ben non ser alarmistas pero é que xa está sendo esa guerra absoluta levada adiante por xente de dubidosa credibilidade intelectual.

Todo se repite anque en distintas realidades e circunstancias, rostros distintos e medios ambientais distintos, pero recoñecibles. Os feitos son os mesmos, o poder corrompido toma a palabra. Hoxe é moi rendible afogar ao inimigo, bloquear a súa economía, perseguir e confiscar os seus bens, apropiarse de canto teñan, dinamitar os seus ben, os seus modos de

vida.

Os ollos do mundo miran para onde lles indican os medios de comunicación, interese así porque están manexados por fíos invisibles e obedecen baixo a ameaza corrupta dos que os moven. Fíos moi finos pero suficientes para trocar vontades e controlar votacións, decisións do máis alto nivel. Os resultados xuntan aos mesmos señores da guerra cos cómplices por conveniencia.

Estamos á vontade dos caprichos de "nenos ben" moi mal criados e de países submisos que se cren superlativos, deuses dun tempo novo. Van progresivamente causando o mal, ni guén sabe o próximo obxectivo, de entre os moitos que lles apetecen. Todos somos inimigos mentres non baixemos as orellas. Ataques e ciber-ataques, campañas de información que confunden, drones cargados de malicia, mísiles precisos, explosivos da última xeración, ...e vendo como menten e xustifican mortes de tanta xente inocente.

Onde estaba Franco, Hitler e Musolini e outros moitos que fixeron uso da forza e non da razón nin o dereito, agora están todos estes. Eses que rin de "tododíos" e que denigran a condición humana, estes que avergoñan a intelixencia. Os mesmos feitos de todos aqueles "iluminados" que quixeron amañar o mundo a base de medo, terror, ameazas, fame e morte. Agora son estes descerebrados da ollada perdida

en odios e xenreiras, en bloqueos, en obxectivos doados que esmaguen pobos e nacións, invadindo estados daqueles que teñan aqueles bens e resulten para eles tan necesarios. Sería bo non esquecer e aprender do pasado.



O comercio do Porriño ten a súa disposición a intelixencia artificial para impulsar as súas vendas

A UNED organiza, coa colaboración do Concello do Porriño, unha xornada formativa de balde o vindeiro 10 de xuño para dotar aos negocios locais de ferramentas dixitais de vangarda

Xa está aberto o prazo de inscrición

O Porriño

O comercio de proximidade do Porriño pode dar un paso cara ao futuro. A UNED pon nas súas mans as ferramentas. O vindeiro mércores 10 de xuño, a aula da UNED do Porriño converterase no epicentro da innovación comercial cunha sesión dedicada á implementación práctica da Intelixencia Artificial (IA) nos negocios locais.

A xornada, que terá lugar de 20:30 a 22:30 horas, para facilitar a asistencia, está deseñada especificamente para autónomos e persoal asalariado que desexen modernizar a súa estratexia de venda sen perder a esencia do trato directo co cliente.

IA para vender máis e mellor

A formación correrá a cargo de Iria Álvarez, consultora estratéxica e experta en crecemento dixital, quen amosará como a IA pode ser a mellor aliada do "tenda de toda a vida". Entre os obxectivos principais destacan:

- Marketing sen complicacións: Uso de ferramentas para crear automaticamente publicacións en redes sociais e descrições de produtos atractivas.
- SEO Local: Estratexias para que os comercios do Porriño aparezan nos primeiros postos de busca cando un veciño busque un produto próximo.
- Fidelización intelixente: Ana-

lizar o comportamento dos clientes para ofrecer promocións personalizadas e garantir que volvan ao establecemento.

Un formato adaptado á axenda comercial

Entendendo as dificultades de conciliación e os horarios do sector, a UNED ofrece tres modalidades de asistencia, todas elas gratuitas:

1. Presencial: Na sede da UNED Porriño, pero xa fora de horario laboral.
2. Online en directo: A través de Microsoft Teams.
3. En diferido: Para que os comerciantes poidan ver a sesión ao pechar os seus negocios, no momento que mellor lles conveña.

Inscrición aberta: Os interesados deben formalizar a súa matrícula a través da plataforma da UNED. É imprescindible rexistrar correctamente os datos persoais (NIF e nome completo) para obter o certificado de aproveitamento, que require a asistencia ou visionado do 85% das horas lectivas.

Esta iniciativa busca dotar ao tecido comercial porriñés das habilidades necesarias para competir nun mercado cada vez máis dixitalizado, transformando a tecnoloxía nunha oportunidade de crecemento para a economía local.

O Concello do Porriño reforza o seu compromiso coa empregabilidade moza acollendo alumnado de FP do IES Ribeira do Louro

Tres estudantes do Ciclo Básico de Reforma e Mantemento de Edificios realizan as súas prácticas en servizos municipais, contribuíndo á mellora do contorno urbano.

O alcalde destaca a importancia de que os mozos e mozas se formen nun sector con alta demanda laboral como é a construción e a reforma.



Alumnos en prácticas

O Porriño

O IES Ribeira do Louro segue afianzándose como centro de referencia na formación profesional vinculada ao sector da construción, un ámbito cunha alta demanda laboral e excelentes perspectivas de futuro, e o Concello do Porriño continúa a consolidarse como un espazo de aprendizaxe e inserción laboral para a mocidade local. Nesta ocasión, o goberno municipal amosa o seu apoio ao IES Ribeira do Louro a través do Ciclo Básico de Reforma e Mantemento de Edificios, cuxa terceira promoción está xa a demostrar a súa valía no mercado de traballo.

O Ciclo Básico de Reforma e Mantemento de Edificios forma alumnado capaz de incorporarse a unha ampla variedade de tarefas dentro do sector: desde empresas

con obra nova, pasando por obras de mantemento e reforma, e terminando con empresas de decoración e acabados. Este curso, todos os estudantes de 2º curso están a realizar prácticas en diversas empresas e entidades colaboradoras, demostrando a súa implicación, interese e capacidade de adaptación. A experiencia está a resultar un paso decisivo na súa traxectoria profesional, e a maioría deles terá acceso directo ao mercado laboral en canto finalice o ciclo, dada a forte demanda existente.

Entre estas colaboracións destaca a presenza de tres alumnos que están a desenvolver a súa formación en práctica no Concello do Porriño, contribuíndo ao mantemento e mellora do entorno urba-

TALLERES SAN JUAN

Mecánica
Neumáticos
Alineado de dirección
Cambio de lunas
Servicio de grúa a clientes

PEINADOR - TORROSO (Mos)
Al lado de la Capilla de San Juan
986 337 187
645 991 192

Peixería

Luz María

"O mellor do mar en pleno Peinador"

Estrada Peinador-Os Valos, 7 Interior
(Mos)

Talleres SITO

MOS

Distribuidor oficial
Telf.: 634 88 70 54

BCS BERTOLINI Oleo-Mac

ESTRADA PORRIÑO-REDONDELA 73B
CP. 36416 MOS

no. Gabriel, "un alumno enérxico e sempre disposto a aprender, destaca pola súa puntualidade e compromiso", destaca a súa tutora Eva Groba, xa que a pesar de vivir preto do seu lugar de prácticas, cada día é o primeiro en chegar para comezar con calma e responsabilidade. Os profesionais que o acompañan subliñan a súa motivación e as súas ganas de traballar.

Ethan ten clarísimo o seu futuro profesional: a súa paixón é a construción. O seu obxectivo é converterse en albanel e incorporarse a unha pequena empresa, seguindo a tradición familiar, inspirándose, segundo conta, no oficio do seu avó. Nas prácticas está demostrando destreza, interese e unha vocación moi marcada polo traballo ben feito.

Andrei, máis tímido pero igual de constante, está especialmente ilusionado coa oportunidade de contribuír á mellora do seu propio concello. As tarefas de reparación de xardineiras, pintado de reixas e outros traballos de mantemento nas rúas de O Porriño permítenlle ver o impacto directo do seu esforzo. Contento coa experiencia, afirma que lle gustaría seguir os pasos do seu pai e continuar formándose e traballando no sector da construción.

A través destes exemplos, o IES Ribeira do Louro reafirma a importancia da FP como vía de acceso real ao em-

prego e como ferramenta esencial para formar profesionais preparados, responsables e capaces de responder ás necesidades dunha área en constante crecemento.

Esta colaboración permite que o alumnado aplique os coñecementos adquiridos na aula nun contorno real, ao tempo que prestan un servizo directo á cidadanía.

Un sector de futuro

O sector da construción, a reforma e a decoración vive un momento de gran dinamismo e demanda de profesionais. Desde o Concello, valórase moi positivamente que o IES Ribeira do Louro aposte por esta formación, que garante unha saída laboral case inmediata para os seus estudantes.

"É un orgullo ver como o noso alumnado se implica na mellora do Porriño mentres constrúen o seu propio futuro profesional", destaca o alcalde, Alejandro Lorenzo, desde o goberno local. "A FP é unha peza clave para o desenvolvemento económico da nosa vila e sempre terá as portas do Concello abertas para colaborar na formación de novos especialistas".

Con iniciativas coma esta, o Concello do Porriño e o IES Ribeira do Louro reafirman a súa alianza estratéxica para fomentar o emprego mozo e poñer en valor os oficios vinculados á construción e ao mantemento de edificios.

fará que continúe a situación de abandono

O Porriño

O Bloque Nacionalista Galego do Porriño vén de denunciar o rexeitamento por parte do goberno local da moción presentada no último pleno municipal, celebrado o pasado 30 de marzo, na que se solicitaban medidas para mellorar o estado da Praza do 25 de Novembro.

A iniciativa incluía actuacións básicas de limpeza e mantemento, a mellora da iluminación e o reforzo da vixilancia policial, co obxectivo de darlles resposta aos problemas detectados na zona. A acumulación de sucidade, a presenza de verdello no terrazo, o deterioro das instalacións e os continuos episodios de ruído e vandalismo son problemas que veñen denunciando as veciñas e veciños.

Porén, o grupo municipal do PP decidiu empregar a súa maioría para votar en contra da proposta. Deste modo, o PP de Alejandro Lorenzo impide a posta en marcha de medidas que, segundo

o BNG, resultan "de sentido común e necesarias para garantir a convivencia e o coidado dun espazo de encontro familiar dentro do casco urbano".

Desde o BNG consideran "incomprensible" a negativa do goberno local a actuar nun problema amplamente coñecido e reiteradamente denunciado. Advirten que esta decisión supón "darlles as costas ás demandas da veciñanza e perpetuar unha situación de abandono que vai a máis".

A formación nacionalista insiste en que a Praza do 25N non pode continuar neste estado e reclámalle ao executivo municipal que reconsidere a súa postura e actúe con responsabilidade. O BNG do Porriño asegura que continuará apoiando as reivindicacións veciñais ata que se adopten as medidas necesarias para garantir o correcto mantemento, a seguridade e o uso adecuado deste espazo público.

O BNG denuncia o rexeitamento do goberno local a facer un correcto mantemento da Praza do 25N

A formación nacionalista lamenta que o goberno municipal empregue a súa maioría absoluta para votar en contra dunha moción que propoñía actuacións urxentes de mantemento, iluminación e vixilancia nun espazo que leva tempo xerando queixas veciñais. Advirte que este rexeitamento

Salceda contará este ano con unha nova pista de pump track

A iniciativa xurdiu coa solicitude que un grupo de adolescentes lle trasladou á Alcaldesa o pasado 2025

O Concello vén de recibir a financiación dos 52.010,78€ a través do III PEID da Deputación de Pontevedra

Salceda de Caselas

O Concello de Salceda de Caselas xa conta coa financiación para construír a nova pista de pump track nos terreos contíguos ao Parque Mártires de Sobredo, logo de solicitar a achega a través do

III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación de Pontevedra, que vén de aprobar a mencionada solicitude. O proxecto conta con un orzamento total de 52.010,78 €, financiados ao





RABADEIRA

AUTOMÓVIL - MAQUINARIA AGRÍCOLA
NEUMÁTICOS - ACCESORIOS
ALINEADO
DISTRIBUIDOR AUTORIZADO DE NOKIAN TYRES

Telf. 986 340 753
Revolta.nº 7 - Parderrubias. 36472 - SALCEDA DE CASELAS
rabadeira2011@hotmail.com

SUMYRENT

ALQUILER Y VENTA DE MAQUINARIA



Polígono O Cerquido, 59 BUDIÑO SALCEDA DE CASELAS Telf. 986 34 68 53

sumyrent@sumyrent.com www.sumyrent.com

100% dentro do PEID.

O equipo de goberno de Salceda visitou a zona da Rúa Mártires de Sobredo na que se vai construír esta nova instalación, e fíxoo na compañía do grupo de xóvenes que fai uns meses plantexaron esta demanda que hoxe por fin se fai realidade. Deste xeito, construírse un pump track



Equipo de goberno e rapazada na zona onde se construír o Pump Track

asfaltado que permitirá o seu uso tanto por ciclistas, como por practicantes de calquera deporte sobre rodas sen motor, nun entorno controlado e seguro.

A Alcaldesa, Loli Castiñeira, quixo recoñecer e poñer en valor o traballo do grupo de rapaces de en torno a 16 anos que fai uns meses se atreveron a pedir unha cita con ela e co Concelleiro de Deportes, Marcos Troncoso, para solicitar a construción dunha pista de pump track asfaltada, explicando que viñan empregando a pista de terra existente no Torrón pero que precisaban unha nova zona onde poder seguir avanzando. O mesmo grupo de rapaces asesorou e colaborou co equipo de goberno en todo o proceso, buscando modelos de instalacións, empresas especializadas, e seguindo de primeira man todo o proceso ata a consecución da financiación. En palabras de Loli Castiñeira, "estes rapaces déronnos unha lección de implicación e de saber facer, e non podemos ter máis orgullo agora que por fin podemos facer realidade a súa petición. É un privilexio contar con unha sociedade así de activa, e emociona especialmente ver que uns rapaces tan novos, sendo incluso menores de idade, loitan polos seus intereses e o fan deste xeito, colaborando sempre dun xeito positivo para conseguir o seu obxectivo".

Proxéctase a construción dun pump track composto dunha recta principal, unha variante semi recta de saltos e cinco curvas, con acceso dende unha rampla situada na Rúa Mártires de Sobredo. O deseño trata

de ocupar a maior superficie do terreo proposto en zonas rodables mantendo os radios de curvaturas adecuados para este tipo de instalacións, ocupando 730 m², para poder ofrecer ás persoas usuarias de diferentes capacidades técnicas zonas aptas onde practicar as súas habilidades co deseño máis adecuado. O percorrido constará de cinco curvas, dúas de 180°, unha delas de dobre radio con roller e tres curvas de 90° enlazadas entre si. Haberá unha variante exterior alternativa con saltos para persoas usuarias máis avanzadas e a zona de curvas enlazadas no interior será a variante principal. Este deseño garante variedade de zonas técnicas, todo tipo de curvas e rollers tanto individuais como combinados que funcionarán como saltos, pero que, ao mesmo tempo serán rodables. Este deseño garante que o pump track poderá ser utilizado á vez por persoas noveis e avanzadas, que poderán utilizar o mesmo percorrido, cada unha coa velocidade que mellor se adapte ao seu nivel e de forma segura. O mesmo percorrido progresará co nivel da persoa.

A consecución da financiación para o pump track coincide ademais coa aprobación da financiación de máis de 1.000.000 € para a urbanización do PERI A Gándara que dará continuidade á actual rúa Mártires de Sobredo, polo que nos vindeiros meses Salceda contará con unha nova zona totalmente urbanizada e con novas instalacións como a tan deseñada pista de pump track.

A parvada do mes Anotop at

“A opción de morrer non pode ser a norma: Ten que ser a excepción de todas as excepcións”

Alberto Núñez Feijoo

Nota redacción: Ollo, o que non é presidente porque non quere descubrir o segredo da inmortalidade;



Inmobiliaria Traviesas

Carlos Parada Pereiro

647.607.657

c/ Vigo Nº 14, portal 3 - Bajo
(36470) Salceda de Caselas - Pontevedra

Telf. 986.340.500
Movil. 628.174.501

www.inmobiliariatraviesas.es
E-mail: info@inmobiliariatraviesas.es



TALLERES
Ferreira
SERVICIO TECNICO
Venta, Alquiler y Reparación de Carretillas

C/. Amieirolongo (Las Angustias), n.º 69
36418 MOS (Pontevedra)

e-mail: taller.ferreira@hotmail.com

Tifs.: 986 331 397 - 986 333 489
Fax: 986 344 019

 **Manolo**
RESTAURANTE

AUTOVÍA VIGO-OURENSE - SAÍDA 305
PORRIÑO 986 333 404 - 986 344 414



CALIDADE, EXCELENCIA
E TRADICIÓN EN PLENO
CENTRO DA LOURIÑA.

VEN A COÑECERNOS
www.restaurantemanolo.es
info@restaurantemanolo.es

1.000 Primaveras máis para a Sala Rebullón

“Despois de 9 anos de vida, de infinidad de concertos, de milleiros de persoas que veñen á sala, de termos gañado dúas veces o premio Martín Codax.. o goberno de Mos segue sen facernos o máis mínimo caso”



Carlos Roca e Alberto Pérez

Carlos Roca, Alberto Pérez
traballadores do CC As Pedriñas

Na parroquia de Tameiga, na Avenida do Rebullón 23, está o Centro Social Cultural e Deportivo As Pedriñas. Eles son un colectivo vivo, dinámico, áxil e lúcido que traballa polo ben común dos comeneiros e comuneiras de Tameiga. Un dos servizos que ofrece é unha espectacular sala de concertos, a Sala Rebullón, que ten gañado en dúas ocasións o premio á mellor sala de concertos de Galicia.

Na xestión deste sala, que en maio cumprirá nove anos de vida, ten un papel esencial o seu coordinador, o noso prezado amigo Cao de Mos. Nós quixemos conversar con el para coñecermos mellor o funcionamento da sala. Non puido atendernos(tranquilo Cao que te queremos igual), pero falamos con dous profesionais que traballan nas Pedriñas, Carlos e Alberto, que nos recibiron moi amablemente e nos contaron a historia e o funcionamento desta sala de concertos .

Carlos, Alberto canto tempo levades traballando nas Pedriñas?

Eu desde o 2017, responde Carlos, Eu comecei en novembro do 2024, di Alberto

Cal é o voso traballo en concreto? Facemos un pouco de todo relacionado coa actividade do centro, pero fun-

damentalmente traballamos na parte informática.

Aínda que As Pedriñas atinxe a numerosos eidos da vida de Tameiga, esta conversa ten por obxecto falar-mos da sala Rebullón. Tócanos falar a vós..

A sala Rebullón é unha sala de concer-

tos que pronto cumprirá 9 anos. Naceu en maio do 2017.O seu financiamento depende da Comunidade de Montes, que como sabes traballa dunha forma moi coordinada co Centro Cultural.

Como se determinan a programación da sala e a periodicidade dos concertos?

Temos unha actividade de concertos regular que se divide en dous períodos: Primavera(de febreiro a maio)e Outono(de Outubro a Decembro).O resto do ano fanse outras actividades complementarias como teatro, charlas...A sala só pecha nos meses de Xullo e Agosto.

Como se escollen os grupos?

A persoa que ten un papel máis importante no proceso é Cao, o coordinador

da sala, que tamén é o vicepresidente da CM e do CC. En calquera caso estamos nun punto no que en moitas ocasión xa son os propios grupos os que buscan vir á sala Rebullón. Tamén colaboramos con dúas promotoras e eles xestiónanos algúns concertos.

Os concertos que días son?

Son de venres a domingo, agás que por calquera circunstancia excepcional a un grupo determinado que estea de xira, e que a nós non interese, lle cadre pasar calquera día da semana. Entón tampouco temos problema en montalo o día que sexa.

O estilo musical que se capta é máis ou menos o mesmo, ou buscade tendencias musicais diversas?

Aproximadamente estaremos nun

adega
Trío Carmen

T. 986 333013. Mów. 600 304608
Estrada Porriño - Redondela 237. LOUREDO. 36415 MOS

NEUMÁTICOS
Belicar
Joaquín Benito Sousa
652 95 50 50
FRONTE AO LEROY MERLIN
neumaticosbelicar@gmail.com
Ctra. Porriño - Redondela, KM. 1 - Mos

Concello de Salceda de Caselas

sentir salceda

60% de Rock, logo tamén hai unha parte moi importante de folk e igualmente temos algo de Rap, música de autor e outros estilos moi diversos. O que si se pode dicir que é a ampla maioría dos grupos teñen música propia. As bandas de versións que temos son poucas.

Hai espazo na sala para a música popular galega e en galego?

Por descontado que si. Un espazo enorme.

A media de idade do público cal é?

Hai de todo, pero a maioría dos asistentes penso que están entre os 30 e os 40 anos.

Que capacidade ten a sala?

350 persoas.

E cantas persoas adoitan vir aos concertos?

Ás veces máis, ás veces menos. Pero podemos dicir que unha media de máis ou menos 200.

É necesario ser comuneiro para poder asistir aos concertos?

Non, son de entrada libre.

Cobrades entrada?

Normalmente si.

E os prezos?

Se se trata dun grupo de moito prestixio podería chegar a 25, pero normalmente están entre os 10 e os 15€.

Pero con esas cantidades podemos estar entre os 2.000 e os 2.500€ de recadación aproximada por cada concerto. Dubido de que se poida financiar só con iso.

Non, claro que non. Con iso non se pode financiar a sala nin de lonxe. O financiamento é posible grazas á Comunidade de Montes. Tamén temos que dicir que o certo é que a música está moi mal pagada.

Algunha vez tivestes algún problema de orde pública ou de seguridade?

Non, nunca.

Que tipo de relación tendes coas distintas administracións?

Digamos que conflictiva.

Algunha ocasión recibistes algún tipo de axuda dalgunha administración?

Algunha da DEPO, pero porque temos participado ás veces nalgúns programas que convocan e ao cumprirmos os parámetros da convocatoria non lles queda máis remedio.

Vós sodes un local de Mos. Nos 9 anos da vosa vida tedes argallado dúcias de concertos, algúns de grupos de grande prestixio. En todo este tempo milleiros de persoas viñeron a Mos a algún dos vosos concertos. Sede sinceros: O goberno de Nidia Arévalo algunha vez tratou de interesarse pola vosa actividade, polos vosos problemas ou necesidades? Ou nunca vos fixo nin caso?

Nunca nos fixo o máis máis mínimo caso. Aínda estamos agardando que nos dean os parabéns por termos gañado dúas veces o premio Martín Codax.

Explicádenos iso do Martín Codax?

Son os premios da Asociación Galega de Música. Teñen diversas categorías, unha delas é a de mellor sala galega de concertos. Nós gañamos ese premio no ano 23 e no ano 25.

É un premio que non comporta recoñecemento económico pero si ten un enorme prestixio no universo da música galega.

En toda a vosa historia no Rebullón se tiverades que salientar a algún grupo dos que pasou pola sala pola súa especial calidade, cal diríades?

Hai un feixe deles. Non é posible quedarse con un só.

Vós tamén facedes o Miudo fest. En que consiste?

É un festival que nace hai 10 anos, un ano antes que a sala. É un festival para nenos e nenas pero é un evento no que apostamos por darlle á cativada un espectáculo como se fosen adultos e que

poida vir a familia ao completo. Normalmente facémolo en coincidencia coas letras galegas.

A Sala Rebullón ten futuro no tempo?

Polo volume de persoas que veñen aos concertos, e pola repercusión que teñen estamos seguros de que mentres a veciñanza de Tameiga queira a sala Rebullón seguirá existindo.



O Camiño portugués

opinión

Lois Pérez Leira

A falta de sinalización do Camiño Portugués ao

seu paso por Vigo é un exemplo flagrante de como a política local pode dar as costas a unha realidade social e económica que desborda as rúas a diario. Quen transita pola peonil do Calvario é testemuña dun fluxo incesante de peregrinos internacionais que, lonxe de ser unha anécdota, representan un motor de intercambio cultural e económico para os barrios. Porén, a teimosía institucional do Concello e os caprichos persoais de Abel Caballero levantaron unha barreira invisible que deixa aos camiñantes nun estado de desorientación constante.

É unha contradición dolorosa que, nunha cidade que presume de modernidade e apertura, o peregrino teña que depender da boa vontade da veciñanza para non perderse, simplemente porque a administración local se nega a colaborar na sinalización dunha ruta que é patrimonio de todos. Esta actitude non é máis ca unha manifestación contemporánea



do minifundio mental que denunciaba Castela, ese localismo mal entendido que prefere o illamento antes que a integración nun proxecto común de país. Ao ignorar a importancia do Camiño, non só se despreza unha oportunidade de ouro para dinamizar o comercio de proximidade e a hostalaría dos nosos barrios, senón que se dana a imaxe de hospitalidade que sempre definiu a Galicia. Resulta urxente superar estas disputas partidistas entre administracións e entender que o Camiño de Santiago debe vertebrar o territorio con coherencia, deixando de lado os personalismos para ofrecer unha acollida digna e profesional a quen atravesará a nosa xeografía.

SILVAKARAVAN

AUTOCARAVANAS

COMPRA - VENTA - ALQUILER

- Caravanas, autocaravanas
- Mobilhomes
- Remolques, accesorios
- Todo para el camping

info@silvakaravan.com
www.silvakaravan.com

C/ Rosalía de Castro, 39
36350 Nigrán
Pontevedra

986 365 629
696 383 650
696 293 764

C/ Costeira, 1 - Budiño
36475 Salceda de Caselas
Pontevedra

986 346 842
696 143 835
696 293 764

O BRASEIRO DO LUCHO

ESPECIALIDADE EN
CHURRASCO E POLOS A BRASA
E POR ENCARGO A COMIDA QUE NOS PIDAS...

COMIDA PARA LEVAR
& A DOMICILIO
HOXE COCHAMOS NÓS!

TELF. 604 007 240

R/ Rafael Tilve Adrio, 8
SALCEDA DE CASELAS

CARNICERÍA TRANVÍA CHARCUTERÍA

Peinador, 81
Mos
Telfs:
986 487 947
646 907 230

Carnicería Tranvía
Charcutería

O PSdeG entra no goberno de Salceda

“Imos estar no goberno todo o que queda de mandato”

Xurxo Gregorio, voceiro municipal do PSdeG de Salceda de Caselas

Case consumidas 3/4 partes do mandato, o goberno local de Salceda experimenta un alivio aritmético notable ao ter acadado un acordo co partido socialista para que os seus dous concelleiros pasen a formar parte do devandito goberno, pois ata entón Movemento Salceda, da alcaldesa Loli Castiñeira, gobernaba nunha situación máis que precaria, con 4 concelleiros nunha corporación de 11. Unha vez que o acordo de goberno xa é efectivo Salceda pasa a ter un goberno de seis persoas, 4 de MS e 2 do PSdeG, fronte á oposición do PP, que tamén é de seis concelleiros/as, e un representante do BNG forza que ten sólidas perspectivas de crecemento nas municipais do 27. Nós conversamos con Xurxo Gregorio, o voceiro dos socialistas de Salceda, para coñecer as motivacións que lles levaron a tomar a decisión de deixar de ser oposición e pasar a formar parte do goberno.

Ven de producirse unha novidade significativa na política local de Salceda

Pois si, tomamos a decisión de darnos un paso adiante e entramos a formar parte do goberno de Salceda.

Cando tomastes a decisión e cando se fixo efectiva?

Tomouse na segunda quincena de marzo, e fíxose efectiva o último día dese mesmo mes.

A decisión foi motivada por unha petición de Movemento Salceda ou fostes vós os que a solicitastes?

Foi iniciativa de Movemento Salceda.

Este mandato entra en nada no seu último ano. Movemento Salceda levaba moito tempo tratando de que vós entrarades no goberno. Por que moti-

vo agora si e antes non?

Houbo un cambio na representación municipal da nosa organización. As dúas persoas que estamos agora temos unha opinión favorable á necesidade de que o grupo socialista estea no goberno, e contribúa coas súas políticas ao ben común da nosa veciñanza.

Por que considerades vós que é conveniente entrar no goberno municipal?

A disposición aritmética da corporación facía que Movemento Salceda tivese un goberno extremadamente débil, 4 de 11. Desa maneira era practicamente imposible gobernar e Salceda estaba en risco moi elevado de parálise. Por outra parte nós entendiamos que a debilidade evidente do goberno facilitaría a vitoria do PP nas muni-



Xurxo Gregorio-

cipais do 27. En consecuencia entendemos que o responsable era dar un paso adiante e pasar a formar parte do goberno.

Este cambio de posición política provocou algún tipo de tensión interna na agrupación socialista local?

Ben, había compañeiros que tiñan unha opinión sobre que o máis adecuado era continuar na oposición, e outros pensabamos que o máis oportuno era entrar no goberno. Confío e que o noso traballo poida convencer aos compañeiros que pensaban o contrario que esta é a decisión correcta, tanto para a agrupación socialista como para o conxunto da veciñanza de Salceda

Desde o 31 de marzo xa formades parte do goberno. Que áreas levades?

O meu compañeiro Óscar Domínguez leva Memoria democrática, Transparencia e Seguimento de plans e programas, e eu asumín Participación cidadá, Comercio, Axenda urbana, Formación e emprego e Transporte.

Que pretendede achegar o grupo socialista ao goberno de Salceda?

O grupo socialista pretende colaborar para que Salceda teña un goberno solvente que beneficie ás maiorías sociais do noso pobo.

Vamos levar áreas moi importantes, como a memoria democrática nun contexto moi adecuado no noso concello para traballarmos nese campo, pensemos por exemplo na foxa de Soutelo.

Levaremos tamén participación cidadá que pretendemos reactivar recupe-

CAFÉ - BAR

Casa Gallardo

Puxeiros - Mos 986 48 79 18

FLOR DE LOTO
Arte Floral

Ctra. Peinador nº 26 Bajo - Puxeiros
Tameiga Mos

teléfono: 986 48 60 20
móvil: 687 46 76 34
696 15 63 59

E-mail: flordelotomos@gmail.com

Horario
Lunes a viernes: 10:00 a 13:30
16:30 a 20:00
Sábado: 10:00 a 14:00

Panadería - Cafetería

Progreso

O Porriño - RÚA PROGRESO 5
Tui - RÚA CASAL ABOY 4

986 334 079

Estrada das plantas S/N
Tameiga

Corredoira Olegario Rodríguez, 3
Sanguñeda

adoa
CENTROS DE XARDINERÍA

Creando natureza dende 1990

www.adoa.es

Campo, xardín, fogar

rando os consellos sectoriais que había no pasado mandato, igualmente trataremos de darlle un pulo importante ao comercio local.

Ti es comerciante. Cales son as principais necesidades e problemas do comercio local?

Non somos inmunes ao principal problema que padece o pequeno comercio eu creo que en todo o mundo: A competencia desleal das plataformas de Internet.

Como se pode contrarrestar iso?

Con campañas de concienciación social sobre os efectos positivos para toda a sociedade que supón o consumo no pequeno comercio local, e con programas de dinamización comercial que estimulen as vendas.

Así mesmo consideramos moi relevante a mellora do transporte entre as distintas parroquias e o centro da vila de maneira que as persoas que viven no rural teñan máis facilidade á hora de poder facer as súas compras no noso pobo.

Consideras verosímil reactivar a existencia de tendas nas distintas parroquias?

Non, non o vexo realista.

Queda un ano de mandato. Hai tempo para facer cousas que en verdade teñan impacto?

Si, si que o hai. En determinadas áreas como por exemplo o transporte os obxectivos contemplámoslos máis a longo prazo porque son medidas de moita complexidade que implican a colaboración de máis administracións, pero en aspectos máis inmediatos como a participación cidadá ou a dinamización comercial confiamos en tomar medidas de impacto real xa no que queda deste mandato.

Ides permanecer no goberno todo o que queda de mandato, ou contemplades a posibilidade de romper cando quede moi pouco tempo para as vindeiras eleccións para marcar unha posición diferenciada?

rente á de MS?

Non, esa opción non a contemplamos. Imos aguantar no goberno todo o que queda de mandato.

Que perspectivas realistas tes para as municipais do 27?

O que me ocupa agora mesmo é facer o noso traballo de goberno o mellor posible para contribuír ao ben común dos nosos veciños e veciñas. Se somos capaces de facelo así estou seguro de que poderemos chegar á maioría social do noso pobo.

O candidato do PP de Salceda superará o récord mundial de ser o candidato do PP que máis veces fracase no seu intento de ser alcalde?

Se non o superou xa, non creo que lle quede moito.

Ao entrares no goberno a situación aritmética mellorou substancialmente pero aínda non tedes a maioría. Estadades empate a 6, e todo queda en mans do voto do concelleiro do BNG. Tedes falado con el para consensuar liñas de actuación política?

Nós temos un respecto escrupuloso polo BNG e polos seus votantes e desde logo que trataremos de acordar todo con eles. Os tres grupos de esquerdas xa hai meses que quedamos para debater sobre as actuacións máis importantes para Salceda.

Que tal é a relación co concelleiro do BNG?

Pola miña parte excelente.

E cos concelleiros de Movemento Salceda?

Cordial.

Xa comezastes a traballar conxuntamente?

Estamos niso.

Como afrontas esta nova etapa da túa vida política?

Con moita ilusión e con todo o ánimo do mundo para poder contribuír a mellorar a vida da veciñanza.

“Nas próximas eleccións sindicais animo aos meus compañeiros e compañeiras a que voten, que voten con liberdade e que voten sen medo”

Vítor Mariño, responsable da sección sindical da CUT en Citroën

Este ano haberá eleccións sindicais en Citroën. Sempre que se dá esta circunstancia non podo evitar lembrar con tenrura un episodio persoal que reflicte de maneira metafórica creo eu o que son os procesos electorais nesa empresa. O defunto do meu pai traballou 38 anos alí, xubilouse no ano 96 e faleceu un ano despois. Máis de 20 anos despois da morte do meu pai levaba eu no coche á miña nai e pasabamos por diante da factoría. Naquel momento ela estaba afectada por un alzheimer en fase terminal que lle fixera perder as facultades motrices e volitivas case absolutamente, de feito levaba meses sen pronunciar unha soa palabra. No momento que pasabamos por diante da fábrica díxenlle eu: “Mira mamá, sabes que é ese edificio?”, Citroën, alí traballou papá “e ela despois de meses sen dicir nin palabra, non sei o motivo pero si podo intuilo, naquel momento volveu falar para dicir o que foron case as últimas palabras da súa vida “gañaron outra vez os amarillos, non?”

Iso, exactamente iso, é o que son as eleccións sindicais en Citroën.

No último proceso electoral a CIG perdeu a representación no comité de empresa, veremos se é capaz de recuperala nas eleccións deste ano, e no actual mandato só é a CUT a central sindical que exerce de maneira digna o papel sindical que as outras centrais con representación no comité eluden exercer. Nós falamos con Vítor o responsable da sección sindical da CUT na empresa.

Este ano teremos eleccións sindicais na vosa empresa. Xa sabemos cando van ser?

Non o sabemos con certeza pero calculamos que serán a comezos do mes de novembro.

Estamos a medio ano de que remate o

mandato. Como o valora a CUT?

Están sendo catro anos máis de retrocesos económicos e sociais. Segue a existir unha maioría do comité de empresa que non ten problema algún en asinar recortes e que fai un traballo claramente contrario aos intereses da clase traballadora.

Concrétanos en que consisten eses supostos retrocesos económicos e sociais?

As relacións laborais son cada vez máis precarias. Levamos anos con ERTES e con ERES. Temos case un 25% de eventualidade, cerca do 50% do persoal con contratos a tempo parcial. A pesares de bater récord de produción non existe un reparto de beneficios. O IPC anual non se garante nos soldos dos traballadores e traballadoras e a produtividade aumenta sistematicamente a costa de ritmos e cargas de traballo cada vez máis inasumibles. En consecuencia a incidencia sobre a saúde das persoas que traballamos na factoría é cada vez maior.

Todos esas razóns que esgrimes son argumentos de peso. Os tres sindicatos que vos acompañan no comité(SITC-CCOO-UGT) manteñen a mesma posición de nula belixerancia ante ese tipo de condicións de traballo?

Si, absolutamente a mesma posición. Todos os acordos sempre son asinados conxuntamente polos tres sindicatos. Isto



é sempre así con independencia do tipo de acordo. Incluso cando ese acordo é, ao noso xuízo, unha flagrante discriminación, como o é por exemplo o acordo sobre a paga de beneficios.

Por que motivo credes que ese acordo sobre a paga de beneficios é discriminatorio?

Porque as persoas que queden en incapacidade temporal non teñen a mesma retribución económica que as que estean traballando todo o ano natural. E iso sen entrarmos a valorar que moitas das patoloxías que causan as baixas teñen unha orixe laboral.

Como valora a CUT os resultados económicos do grupo no ano 2025?

Para nós son uns resultados positivos. As vendas incrementáronse. O que acontece é que os movementos financeiros e compromisos aos que chega a empresa son máis que cuestionables.

En relación ao ERE do 2026 que tes que dicir?

Segue a mesma tónica cós anos anteriores. A empresa argumenta que se fai para darlle saída ás persoas de difícil "empleabilidade", os que por cuestións de saúde teñen complicado desempeñar o seu traballo.

En realidade o que vemos é que somos unha empresa que está creando persoas enfermas, como consecuencia do seu traballo, e cando consideran que a persoa xa non interesa pois se prescinde dela.

Entendo que vós estades en contra?

Desde logo que estamos en contra. Fomos o único sindicato que votou en contra do ERE, os outros tres votaron a favor e o asinaron.

Cantos delegados ten a CUT na actualidade?

Somos 3 nun comité de 33.

E como se leva iso de ser unha illa de sindicalismo de clase nun mar de sindicalismo amarelo?

É difícil de levar, si. Supón unha enorme cantidade de presión porque tes que

pelexar non só contra quen tes en fronte senón tamén contra quen tes ao lado. Ás veces a convivencia entre a empresa e a maioría do comité é tan sumamente descarada que, por exemplo, o ERE xorde porque supostamente é algún sindicato que o demanda, e a empresa non fai máis que acceder ao desexo sindical. Lamentable, non hai outra palabra para describilo.

Parece difícil que poida ser peor

Pois si, si que é peor.

Explícate?

Cando temos levado á empresa a algún xulgado para cuestionar algúns acordos que nós entendemos claramente lesivos o resto do comité apoia as posicións da empresa. E claro ao haber unha maioría sindical que asina os acordos, xa poden ser os máis disparatados do mundo, os xulgados entenden que son válidos e xa nin entran. As veces temos vivido situacións delirantes que incluso superan o surrealismo.

Por exemplo?

Pois temos vivido un ERE de extinción e ao mesmo tempo a empresa recibe axudas públicas do Concello de Vigo para a contratación de persoal.

Ás veces non sentes como se estiverades pelexando sos contra todo o mundo?

Si, claro que o sinto moitas veces. Pero eu son unha persoa comprometida e

ideoloxizada. E as persoas que estamos comprometidas co ben común non podemos abandonar nin mirar para outro lado, nunca. Especialmente nun contexto tan delicado como este no que a extrema dereita ameaza gravemente dereitos que tanto esforzo custou conquistar a quen estivo antes ca nós.

Por outra parte ás veces logramos pequenas vitorias sindicais que nos dan moitos folgos para seguir pelexando.

Nas eleccións de hai 4 anos gañastes un Laudo que ordenaba repetir as votacións á empresa porque entendía, quen ditou ese Laudo, que a CUT tiña razón na súa denuncia de que as eleccións non eran autenticamente democráticas. Logo a empresa recorreu o Laudo no xulgado e

o xuíz deulle a razón e anulouno. Recordanos por que entende a CUT que o voto está controlado e mediatizado?

Nas eleccións ten que haber cabinas nas que estean depositadas as distintas papeletas para que cada votante colla de maneira absolutamente anónima e libre a que considere oportuno. Despois existen unhas mesas auxiliares cuxa única función debiera de ser dotar de papeletas e sobres por se nas cabinas faltasen papeletas ou sobres.

O que entende o arbitro e máis nós, é que na nosa empresa as mesas auxiliares utilízanse como mecanismo de control de voto. Non é que exista unha norma que o determine pero si hai unha tendencia moi acusada en coller o voto da mesa porque

quen entre na cabina a votar arríscase a non ser tido en consideración cando se debate algún tipo de mellora de categoría ou cuestións análogas.

Iso é en verdade así?

E tanto que é así. Fíxate por exemplo en que as novacións de contrato non se fan por antigüidade senón que se fan a dedo.

As mesas auxiliares son fáciles de controlar?

Si. De feito están colocadas en puntos estratéxicos para que sexa moi fácil controlalas non só por parte da mesa, senón tamén por parte dos interventores sindicais. Outra cuestión que tamén quero denunciar e que tamén se valora no laudo, é que as persoas non van votar individualmente, van de dúas en dúas: un traballador fixo e un eventual. Se iso non é unha forma de control xa me dirán o que éjj

Nas eleccións deste ano prevés que o sistema vai ser o mesmo?

Si, claro. Medio século de maiorías absolutas do SITC non xorde por casualidade.

Un fenómeno novo que se observa na fábrica é que existen persoas que non se consolidan, pero

porque eles mesmos deciden non consolidarse e buscar traballo noutros lugares. Isto é así?

Si, é absolutamente así.

E a que o atribúes?

A que as condicións de traballo son tan malas e o salario tan pequeno que o normal é tratar de buscar outro emprego que che ofrezca mellores condicións. A día de hoxe Stellantis Vigo no ten o máis mínimo atractivo laboral

Que perspectivas realistas ten a CUT para as vindeiras eleccións?

Afrontámolas con ilusión. Consideramos que o nos traballo constante en defensa dos intereses dos traballadores e traballadores penetrou na conciencia colectiva e agardo que así se reflicta nos resultados. Si quixera aproveitar a oportunidade das vosas páxinas para animar aos compañeiros e compañeiras da fábrica a que voten, que voten con liberdade e que voten sen medo.

Rematamos Vítor cunha cuestión allea á empresa: No 2027 teredes congreso da CUT, vas ser o próximo Secretario Xeral?

Eu prefiro que non. Hai debate si, pero a min gustaríame seguir en Citroën. Eu son un sindicalista de fábrica. Non sei o que pasará no noso congreso pero a min gustaríame que cando haxa relevo na secretaría xeral, a persoa que asuma a máxima responsabilidade fose unha muller.

S
• REPUESTOS USADOS
• COMPRAMOS COCHES SINIESTRADOS

DESGUACES SANGUINEDA

680 58 46 22
Segundo Pampillón, 49
Sanguineda - Mos

cita: 986 34 09 95
638 93 08 23

A&R PELUQUER@S
peluquería y estética

c/ pontevedra bajo 11
salceda de caselas

SERVIZOS VETERINARIOS
Serveco

CLÍNICA / ASESORAMIENTO / PRODUCTOS / CONSULTA A DOMICILIO

 **veterinario**

Telfs. 649 813 334 - 986 347 842
c.serveco@colvet.es
Avda. de Galicia, 63 baixo
SALCEDA DE CASELAS



Cítania
Mobiliario & Descanso



Victoriano Pérez Vidal, 13
Salceda de Caselas
Telf.: 986 34 06 06
moblescitanía@gmail.com

facebook.com/moblescitanía

RIVADA SEGUROS

Generales, vida e inversión

Estrada de O Porriño a Redondela, 153 (36415) MOS
Tlf. 986 33 74 81 / Fax: 986 33 94 12
seguros@rivadaseguros.com

 **TRAMILOURO, S.L.**
TRAMITACIÓN Y GESTIÓN

C/. El Pinar, 3
36400 PORRIÑO

Tel.: 986 348 096
Fax: 986 330 710

CONTRA O IMPERIALISMO PAZ E SOBERANÍA

Na Galiza, traballo digno
e dereitos



1^o de maio

Día Internacional
da Clase Traballadora



Miliario Romano "O Marco" patrimonio compartido entre Mos e Redondela

O miliario romano coñecido como O Marco debe seguir sendo un elemento de unión entre os veciños das parroquias próximas, tal e como leva sendo ao longo dos séculos. A súa presenza non representa unha separación, senón un punto de encontro que forma parte da historia común deste territorio.

Este miliario da vía XIX, datado na época do emperador Traxano, no século II, constitúe un elemento patrimonial singular, sendo o único que permanece na súa posición orixinal. Precisamente por ser marco territorial conservouse no seu lugar histórico; doutro xeito, tería sido trasladado a un museo. Este feito resulta amplamente documentado.

Cómpre lembrar que no ano 1931 o gobernador civil intentou trasladalo ao Museo de Pontevedra, iniciativa que non chegou a realizarse pola oposición dos veciños das parroquias de Vilar de Infesta, en Redondela, e de Louredo e Guizán, en Mos, quen defenderon co-



lectivamente a súa permanencia no lugar: armados con apeiros de labranza, rodearon o miliario ao berro de que "o Marco non se movía de alí". Este episodio evidencia o valor simbólico e identitario que sempre tivo para ambas comunidades.

A documentación existente dende o século XIX, momento da creación dos concellos, así como o levantamento detallado realizado polo Instituto Xeográfico

no ano 1940, non deixa lugar a dúbidas: o miliario actúa como marco delimitador entre os concellos de Mos e Redondela, situándose por tanto en ambos territorios. Estes documentos describen ademais con precisión as súas medidas e os elementos gravados na pedra.

Respectar o Miliario Romano O Marco implica respectar a historia e a memoria dos nosos antepasados. A súa función histórica como marco territorial

non debe entenderse como un punto de división, senón como un símbolo de convivencia e relación entre comunidades veciñas, tal e como a propia historia demostra.

Os erros producidos no momento de trasladar as antigas medicións aos sistemas modernos xeorreferenciados, tal e como reconece o Instituto xeográfico, fai necesario que os concellos corrixan as imprecisións acorde a lexislación vixente nos procesos de deslinde correspondentes. Resulta importante actuar con responsabilidade e dilixencia por parte dos Concellos neste momento para evitar máis confusión, especialmente tras anos nos que foron ambos concellos de Redondela e Mos, non os veciños, que nos introduciron erros en documentos urbanísticos e publicacións.

Os concellos deben abordar con seriedade o traballo pendente e traballar en conxunto coa veciñanza para mostrar o que a historia evidencia: que se trata dun patrimonio situado entre

ambos concellos, un símbolo identitario das parroquias que teñen neste punto o seu linde común e que debe resolverse coa máxima dilixencia e respecto pola realidade histórica.

O Miliario non é unha pedra que separa, senón un referente que nos une. Leva séculos no mesmo lugar, formando parte da vida dos veciños das tres parroquias, lembrándonos que a historia común permanece. Respectalo é respectar a memoria colectiva dun territorio compartido.

Manuel Lago Carrera

Nado en Mos e residente en Redondela

Os "Tonios" e a cara oculta da lúa.

<http://cousadelaixa.blogspot.com.es> *(por Marcos Escalera)



Encrucillado

Por Khan Dean

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14
A														
B														
C														
D														
E														
F														
G														
H														
I														
K														
L														
M														
N														

HORIZONTAIS

A-- VINTECINCO EN NÚMERO ORDINAL. B - CONXUNTO DOS BENS PÚBLICOS ADMINISTRADOS POLO GOBERNO DUN ESTADO-VOGAL - PRESENTA OU ANUNCIA UN OU MÁIS ELEMENTOS POSTERIORES NO DISCURSO. C - SACO GRANDE - CADA UNHA DAS DÚAS PORCIÓNS CARNOSAS E ARREDONDADAS SITUADAS ENTRE O FINAL DA COLUMNA VERTEBRAL E O COMEZO DAS COXAS - VOGAL. D - CONSOANTE - VOGAL - BARRIO MARIÑEIRO DA PARROQUIA DE LOURIZÁN. E - UN E MAIS O OUTRO, OS DOUS - SÍMBOLO DO AMPERE - DEZ - MULLER QUE POSÚE UNHA COUSA. F - CONTRARIO DE ENTRAN - SÍMBOLO DO AMPERE - PROPIO DA IRMÁ. G - ESCRAVO PROPIEDAD DO ESTADO ESPARTANO, QUE CULTIVABA AS TERRAS - ANTIGA MATRÍCULA DE PONTEVEDRA - VOGAL - NOTA MUSICAL. H - SÍMBOLO DO ALUMINIO- RESTOS DE PEDRA, LADRILLO, MADEIRA..., QUE QUEDAN DUNHA CONSTRUCCIÓN QUE SE DESFAI - BRANDO. I - CONTRACCIÓN EN MÁIS AS - PEZAS DE ARXILA COCIDA QUE SE EMPREGAN PARA RECUBRIR O TELLADO DAS CONSTRUCIÓN - REZA. K - ESCRAVA QUE ESTABA AO SERVIZO DO HARÉN DO SULTÁN - BURATO ONDE SE APOIA O MASTRO DAS EMBARCACIÓNS. L - FACER QUE DEIXE DE FUNCIONAR UN APARATO AO CORTARLLE A FONTE DE ENERXÍA - CADA UNHA DAS PARTES EN QUE SE DIVIDE UN PARTIDO DE TENIS - CONSOANTE. M - VOGAL - EXCLAMACIÓN QUE SE UTILIZA PARA ANIMAR OU ESTIMULAR A ALGUÉN OU A UN MESMO A LEVANTARSE - PRAIA DE OLEIROS. - N. APELIDO DO ACTOR GALEGO PROTAGONISTA DE ZETA - EN OURENSE EL - CONTINENTE, O MÁIS GRANDE E POBOADO DO PLANETA.

VERTICAIS

1 - EMPERADOR ROMANO QUE ESTABLECEU A CHAMADA PAX ROMANA - INSUFICIENCIA CARDÍACA. 2 - ENFADO VIOLENTO, ACOMPAÑADO DUNHA FORTE REACCIÓN AGRESIVA - GOLPE DADO CO MALLO AOS CEREALIS... - VOGAL. 3 - RELATIVO OU PERTENCENTE AO APOSTOLO SANTIAGO E AO SEU CULTO - ANFIBIOS DA ORDE DOS ANUROS DE PATAS CURTAS, PEL RUGOSA E XERALMENTE DE COSTUMES NOCTURNOS. 4 - CADA UNHA DAS GRANDES DIVISIÓNS DA HISTORIA XEOLÓXICA DA TERRA - NO DÍA INMEDIATAMENTE ANTERIOR AO DE HOXE - MASA GASOSA INCANDESCENTE QUE SE ELEVA DUN CORPO QUE ARDE E QUE PRODUCE LUZ E CALOR. 5 - PALABRA CON QUE SE AFIRMA ALGO - SÍMBOLO DO EINSTEINIO - QUE EXISTEN, QUE SE CONSERVAN DESDE HAI MOITO TEMPO. 6 - ÁTOMOS OU GRUPOS DE ÁTOMOS CON CARGA ELÉCTRICA POSITIVA OU NEGATIVA DEBIDO Á PERDA OU CAPTURA DE ELECTRÓNS - VOGAL - CUÑA LONGA DO ARADO QUE VAI ONDA A TIEIROA. 7 - MIL - INDICA TERMO OU FIN AO QUE SE CHEGA NO ESPAZO - EN FEMININO, MOI LIMPO, MOI COIDADO. 8 - OSIXENO - ABBREVIATURA DE DOUTOR - PEIXE MARIÑO DA FAMILIA DOS PLEURONÉCTIDOS, DE CORPO OVAL E COS OLLOS NO LADO DEREITO DA CABEZA, DE COR PARDAS OU VERDASAS E DE CARNE BRANCA - RESISTENCIA Á INSULINA. 9 - ALIMENTO QUE SE OBTÉN CALLANDO O LEITE E SEPARANDO A PARTE LÍQUIDA - NOTA MUSICAL - PRONOME PERSOAL TÓNICO DE TERCEIRA PERSOA. 10 - VOGAL - GRAN BRETAÑA - HOMES CULPABÉIS DUN DELITO - SOCIEDADE ANÓNIMA. 11 - UN - POETA DA ANTIGA GRECIA QUE CANTABA OU RECITABA AS FAZANAS DOS DEUSES E DOS HEROES, XERALMENTE ACOMPAÑADO DA LIRA - CASTIGO QUE SE IMPÓN A ALGUÉN POR UNHA FALTA OU DELITO COMETIDO. 12 - SÍMBOLO DO NORDE - AFLUENTE DO RÍO SIL QUE DISCORRE POLAS MONTAÑAS DO COUREL - INDICAN INTENSIDADE, GRAN CANTIDADE OU NÚMERO ELEVADO. 13 - PRONOME PERSOAL TÓNICO DE SEGUNDA PERSOA DE SINGULAR - RECURSO DE EXPRESIÓN QUE CONSISTE NA REPETICIÓNS DUNHA OU MÁIS PALABRAS AO PRINCIPIO DE DOUS OU MÁIS VERSOS DUN POEMA, OU AO COMEZO DE DÚAS OU MÁIS ORACIÓNS DUN TEXTO EN PROSA - SEIS. 14 - MAMÍFERO CARNÍVORO PLANTÍGRADO DA FAMILIA DOS ÚRSIDOS, DE GRAN TAMAÑO, PELO ABUNDANTE E MESTO, ORELLAS CURTAS E FOCIÑO LONGO - CANTO POPULAR GALEGO LENTO E MELISMÁTICO QUE REMATA FRECUENTEMENTE CON 'AILALALA, AILALALA' OU LETRAS BALEIRAS SEMELLANTES - REDE DE AUTORIDADES AMBIENTAIS

VERTICAIS

1 - VESPASIANO - IC. 2 - IRA - MALLADA - SAPOS. 4 - ERA - ONTE - LAPA. 5 - SI - SI - ES - ANTIGAS. 6 - IONS - V - SET. R. M. M. I - OPA - AREA NOVA. N. N - CASAS - IL - ASIA.

HORIZONTAIS

A - VIXESIMOQUINTO. B - ERARIO - U. EIS. C - SACA - NADRELA. E - AMBROS - A - X. DONA. F -

SOLUCIÓNS



Letras Galegas 2026: Pegoña Caamaño

Pax: XXIV

ODONTOLOGÍA INTEGRAL
NOVAODONTO

“A TÚA SAÚDE DENTAL,
A NOSA RAZÓN DE SER”

ORTODONCIA - BLANQUEAMIENTO - LIMPIEZA
IMPLANTES - PRÓTESIS - ENDODONCIA
TRATAMIENTO - ESTÉTICA DENTAL

¡AGENDA TU CITA!

660 509 181

Av. Ernestina Otero 45, Redondela @novaodontoredondela

Ramos de flores personalizados
Eventos y defunciones
Entregas a domicilio



Tel: 622 614 006 - 646 030 005

Rúa Telmo Benardez, 2
(Redondela)

f Flores Aym

ig floresam4954



Tino Lago, director de "A Nova Peneira"

Fundamentos éticos dunha posición política de dereitas

editorial

Todas as persoas tratamos de fundamentar a nosa conduta persoal en sólidos principios éticos ante os ollos dos demais. Non hai case ninguén que teña a honestidade intelectual suficiente como para recoñecer que, calquera comportamento propio que puidese ser lesivo para unha terceira persoa, está motivado por un interese particular. Sempre ofreceremos á mirada allea supostas razóns morais que nos impulsaron a actuar desa maneira.

Na política acontece o mesmo. As distintas posicións políticas sempre son defendidas en función de valores éticos universais. As persoas de dereitas din que o seu modelo social persigue a liberdade do individuo, mentres que as persoas de esquerdas consideran que a forma de organizarse que eles defenden busca a igualdade e a xustiza social.



A liberdade así en abstracto é un concepto de valor moral indiscutible. Non é posible rebater que é preferible ser libre a non selo.

O problema xorde cando baixamos ao terreo do concreto e nos cuestionamos tanto cales son os límites desa suposta liberdade que defenden os chamados liberais, como a maneira na que se poida executar esa liberdade cando se parte de situacións de flagrante desigualdade.

O terrible caso da moza Noelia Castillo, que aos 25 anos decidiu acollerse ao seu dereito de morrer con dignidade e deixar de sufrir, amosa unha vez máis que a liberdade que defenden os liberais é unha flagrante mentira. A rapaza tivo que pasar un auténtico calvario xudicial para poder exercer a súa liber-

dade porque os que din defender a liberdade do individuo non pararon de pór pedras no camiño para impedir que Noelia puidese exercer a súa liberdade persoal.

Noelia, que aos 25 anos de idade tería que estar gozando dos momentos máis luminosos da vida: da amizade, o sexo, o amor e o pracer de descubrir o mundo en comunidade con outros mozos e mozas da súa xeración, morreu. E fíxoo porque tivo a desgraza de nacer nunha familia desestruturada e de escasos recursos económicos. E así non se pode ser libre, polo menos non da mesma maneira que o é o mozo que nace nunha familia con posibilidades económicas elevadas.

Noelia non puido exercer nunca a súa liberdade, agás para decidir rematar co seu sufrimento, porque naceu nun contexto social que a situou nunhas condicións nas que non se podía permitir ser libre.

Esa é unha das dúas condicións que invalidan a liberdade que esgrimen as persoas de dereitas como base ética da súa posición política: Se partes dunha posición inferior ou moi inferior a outros non tes a mesma capacidade de decisión e en consecuencia ser libre non é posible. A segunda condición está nos límites da arquitectura moral de cadaquén. Os liberais defenden a liberdade si, pero só a que caiba no in-

terior das fronteiras da súa concepción moral da realidade. Para as persoas de dereitas, para moitas delas, Noelia non podería ter decidido sobre a súa eutanasia porque para eles esa opción non é moralmente concibible. Pasa o mesmo co aborto. As persoas de dereitas defenden a suposta liberdade das mulleres para alugar os seus ventres (en realidade defenden a liberdade de comprar nenos de quen teña cartos para podelo facer), a suposta liberdade dos grandes propietarios para especular co prezo dos alugueiros (en realidade defenden a liberdade duns poucos de enriquecerse sen ningún tipo de límites a costa da pobreza de moitos), a suposta liberdade das mulleres prostituídas para prostituírse (en realidade defenden a liberdade dos homes para comprar o corpo das mulleres), a suposta liberdade para elixir sanidade pública ou privada (en realidade defenden que a asistencia sanitaria sexa só para quen a poida pagar)... pero claro, cando a cuestión toca algo que eles non consideran lexítimo, como o aborto, a eutanasia... alí xa sería necesario regular, é dicir prohibir.

Cando alguén di ser liberal pero só o é no que considera que se pode ser, en realidade o que está defendendo de verdade non é ningún tipo de principio ético, senón os intereses de clase. Defende, baixo o paraugas moral da liberdade, que os privilexiados de toda a vida poidan seguir sendo privilexiados.

PULPERÍA AVEAL

Eventos
Bodas
Festas
Romerías...

Tlf. 686 00 12 11 pulperia.aveal@gmail.com

4 Esquinas

Pai Sarmiento 1, baixo - REDONDELA

The bar

GUINNESS

Rúa Meixón Frío, 7
Redondela

euro-nics
REDONDELA

Telf.: 986 405 069
Móvil: 620 89 41 41
Ernestina Otero nº 26
36800 Redondela (Pontevedra)
e-mail: euro-nicsredondela@gmail.com

SON GALIZA

Continuamos a xeira de reportaxe polo universo do rock galego falando con André, un mozo de Redondela que o día 5 deste mes de abril lanza un tema no noso idioma chamado "Ata Estoupar". Poderémolo desfrutar a partir dese día en you toube e nas distintas plataformas musicais. André fai rock con influencias de hardcore e nós fomos coñecelo. Velaí vai o que deu de si a nosa conversa

"Eu fago música porque me gusta, porque me relaxa e porque o paso moi ben"

André Baqueiro

A túa relación coa música é profesional?

Non, é pasional. Eu gaño a vida traballando de comercial. A música fágoa cando teño tempo. Eu fago música porque me gusta, porque me relaxa e porque o paso moi ben.

Alén de pasional a túa relación coa música é tamén familiar

Pois si. O meu pai, a miña nai, a miña irmá e boa parte dos meus tíos tamén están ou estiveron mergullados no universo musical. A participación da familia e incluso dos amigos é moi importante para min.

Ti seica lle dás a varios instrumentos?

Si: guitarra, batería, baixo

Temos que darche os parabéns porque vas quitar un tema en galego

Si, vou quitar un tema que se vai chamar "Ata estoupar". Xa está editado e todo listo para que o próximo día 5 de abril suba o vídeo a you toube e ás distintas plataformas musicais.

Tes un tema anterior que parece influenciado por Maná, non?

Maná, Jarabe de Palo... Si, reconeço

que quedou un tanto pop..

Como vai ser "Ata Estoupar"?

Bastante máis duro. É rock alternativo con certa influencia do hardcore.

Levouche moito tempo facer "Ata Estoupar"?

Si, si que me levou, pero porque traballo moito e non podoo dedicarlle todo o tempo que me gustaría á música. Con este tema en concreto comecei en setembro do ano pasado e sae, como che dixen, o 5 de abril.

Despois de ver o vídeo do tema anterior non queda outra que preguntarche se tes a batería no baño da casa?

Ha, ha, ha, ha... Non, claro que non. Iso foi unha performance

E sobre o viño que aparece nese vídeo que nos dís?

Pois que tivemos que repetilo 23 veces porque se fixo todo plano secuencia e mi madriña... socializamos ben, a verdade é que si

O vídeo de "Ata estoupar" vai seguir eses mesmos parámetros de socialización?

Ha, ha ha, ha, ha... Non, vai ser un vídeo moito máis san. No caso de que



apareza algo aparecerá tónica ou auga con gas.

Cal é o teu referente musical?

A min gústame a música. E eu escoito de todo, pero o que escoito con máis frecuencia porque é o que máis me chama a atención é o rock alternativo con toques de hardcore. Logo, como a calquera que fai música, busco todo o que me gustaría que tivera un tema e procuro facelo eu.

Para cando o vindeiro tema?

Agardo que como máximo dentro de

seis meses.

E xa tes pensado como vai ser?

Se cadra algo máis alegre, pero haberá que velo cando chegue o momento.

A autoedición é moi complicada?

É moito esforzo, si. Pero como é algo que me gusta eu lévooo ben. Eu o que primeiro fago é a melodía e logo en función do que me transmita esa melodía escribo a letra.

Seguirás moito tempo facendo música?

Se só fora cuestión de gañas si, desde

RODEO CAFETERIA
Desde 1975

- Desayunas
- Comidas
- Cenas
- Eventos

986 45 22 04

RANDE REGUEIRAS NI, REDONDELA, PONTEVEDRA

O FUNIL

TRAGOS E BOCADOS

Pai Crespo, 46 - Redondela

f OFUNIL - TRAGOS E BOCADOS

ig OFUNIL.TB

tk OFUNIL.TB

logo que si. Pero como comentamos antes editarse a un mesmo non é nada doado, o traballo e a vida diaria exixen moito tempo e esforzo e non resulta fácil dedicarlle á música todo o que me

gustaría. Pero eu seguirei todo o que poida.
Poderás chegar a vivir profesionalmente da música?
 Non o vexo realista.

O PP reclama a Transportes que retome de xeito urxente o proxecto de reforma e mellora da Avenida de Redondela en Chapela tras unha década de abandono

Os populares anuncian a presentación dunha iniciativa plenaria para que o goberno local tramite de inmediato unha solicitude formal ante o ministerio e lamentan que, desde a chegada dos socialistas ao Concello e ao Executivo central, esqueceronse das necesidades deste eixo viario. As demandas inclúen a recolocación de semáforos, a modernización e ampliación da iluminación, os arranxos das beirarrúas, o reforzo da limpeza e das rozas e a habilitación dun acceso cara Parada

Redondela

O grupo municipal do PP vai reclamar ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible que retome de xeito urxente o proxecto de reforma e mellora da Avenida de Redondela na localidade de Chapela, correspondente ao tramo urbano da estrada N-552, tras case unha década de abandono e inacción á hora de acometer unhas actuacións imprescindibles polo seu deteriorado estado.

Ante esta situación, os populares anunciaron a presentación dunha próxima iniciativa plenaria para que o goberno local tramite de inmediato unha solicitude formal ante o citado

departamento estatal co obxectivo de recuperar e executar a demanda de obras tramitada hai case dez anos por Javier Bas desde a Alcaldía da man da Asociación da AP-9 e responsables de Estradas do Estado. Paralelamente, a moción tamén pedirá de xeito urxente a esta unidade o arranxo das deficiencias en materia de seguridade viaria para minimizar o risco de accidentes.

O voceiro municipal, Javier Bas, lembrou que, no seu momento co PP no goberno local, fíxose un percorrido por esta vía de Chapela desde o límite con Teis ata o Alto da Encarnación e, froito do mesmo, elaborouse un bo-

rrador trasladado ao entón Ministerio de Fomento. Pero pouco despois produciuse un cambio tanto no goberno local como no Executivo central "e ambas administracións esqueceronse por completo das necesidades deste eixo viario" fundamental para a veciñanza de Chapela e que conta cun elevado tránsito de coches e peóns para o acceso ao centro de saúde, instituto, pavillón, igrexa e moitos comercios da localidade.

Entre as demandas reclamadas polos populares figuran a recolocación dos semáforos, que están situados en puntos pouco estratéxicos que non dan unha solución eficaz aos peóns; a modernización e ampliación da iluminación, que actualmente é escasa e obsoleta principalmente na entrada a Cidadelle; os arranxos das beirarrúas, que se atopan en moi mal estado de

conservación con fochancas e losetas levantadas e que impiden a accesibilidades para persoas con mobilidade reducida; a necesidade de reforzar a limpeza e as rozas posto que a maleza e as silveiras dificultan o tránsito dos peóns; e a habilitación dun acceso que permita a entrada cara o camiño de Parada.

"Hai case dez anos estas obras xa eran totalmente necesarias, pero Digna Rivas nin se preocupou de reclamarlas no seu habitual abandono a Chapela, e agora, pasado todo este tempo, a situación é alarmante porque todo este eixo viario fundamental deteriorouse aínda máis ata chegar á situación deplorable na que se atopa hoxe en día, polo que cremos que é de xustiza solicitar que, dunha vez por todas, o PSOE cumpra minimamente con Chapela", aseverou Javier Bas.

O concello de Redondela celebra o mes do libro cunha programación para todas as idades, contacontos e presentacións

Redondela

O Concello de Redondela, a través da súa Concellería de Cultura, presenta un completo programa de actividades para conmemorar o Mes do Libro. Con motivo do Día do Libro Infantil e Xuvenil (2 de abril) e do Día Internacional do Libro (23 de abril), as bibliotecas municipais Valle-Inclán e Xela Arias convértense no epicentro dunha axenda pensada para fomentar o hábi-

to lector e o encontro veciñal.

A programación destaca polo seu carácter diverso, incluíndo contacontos para os máis pequenos, presentacións literarias e o recoñecemento aos usuarios máis activos do servizo bibliotecario. Calendario de actividades destacadas con entrada libre ata completar aforo:

Venres 17 de abril (Redondela): Ás



ÓPTICA TRAVESÍA
 ESPECIALISTAS EN SAÚDE VISUAL E AUDITIVA

Vigo - Travesía de Vigo, 133 - Telfn: 986 37 22 42
 Redondela - C/ Alfonso XII, 27 - Telfn: 986 40 48 68



Bullo Mediación

MEDIADOR DE SEGUROS - Asesorando desde 1960
 Agencia Exclusiva AXA

Rúa Reveriano Soutullo 23, Bajo - 36800 Redondela
 Tfno.: 986 400 842 | 604 00 33 46
 bullomediacion@agencia.axa.es



LAVA CHAN
 LAVANDERÍA AUTOSERVIZO
 GASOLINEIRA CHAN DE AMOEDO

Toallas	LAVADO 12kg	3€
Mantas	LAVADO 15kg	4€
Cortinas	LAVADO 20kg	5€
Nórdicos	SECADO 18kg	1€ desde 10 min
Edredóns		
Fundas sofá		
Colada diaria		
Roupa de traballo		



GASOLINEIRA CHAN DE AMOEDO

ESTAMOS AQUÍ

Lugar Igrexa s/n - AMOEDO (GASOLINEIRA CHAN DE AMOEDO)

DE 7:30h A 22:30h OS 365 DÍAS DO ANO

XA ABERTO

18:30 h, a Biblioteca Valle-Inclán acollerá o contacontos “Contos animados” de Expresión Producións, dirixido a nenos e nenas a partir de 3 anos. Mércores 22 de abril (Chapela): A Biblioteca Xela Arias será o escenario da presentación do poemario “Letras”, da escritora redondelá María Ruíz Aparicio, ás 20:00 h.

Xoves 23 de abril (Redondela): Coincidindo co Día do Libro, celebrarase a entrega de premios aos Mellhores Lectores de 2025, distinguindo as categorías infantil e adulto tanto de Redondela como de Chapela.

Venres 24 de abril (Chapela): Pecharanse as actividades centrais ás 18:30 h co contacontos infantil “Na busca do tesouro”, tamén a cargo de Expresión Producións.

Ademais das datas sinaladas, o Concello mantén activa a súa programación habitual con sesións do Club Infantil e os Clubs de Lectura (17 de abril en

Redondela e 24 de abril en Chapela). A formación e a inclusión tamén teñen o seu espazo con visitas concertadas, como a do EEI de Cesantes e a prevista do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Chapela. Dende o Concello convídase a toda a veciñanza a achegarse ás bibliotecas municipais durante este mes de abril para descubrir novas lecturas e participar nestas celebracións que poñen en valor o poder da palabra escrita. A alcaldesa de Redondela, Digna Rivas, destacou a importancia desta programación como unha ferramenta para “facere da lectura un punto de encontro interxeracional e un motor de dinamización cultural no noso concello”.

Xa no mes de xuño a Alameda Castela acollerá a X Feira do Libro de Redondela, dos días 11 a 14, con interesantes descontos e actividades para todos os públicos.

O PP de Redondela denuncia os constantes peches da oficina de Rexistro de Chapela e a suspensión do funcionamento do OMIX e da oficina de Consumo

Os populares lamentan a mala xestión, política de recortes e desatención aos veciños do goberno de Digna Rivas e reclaman a restitución plena de todos estes servizos municipais “para corrixir dunha vez por todas o declive do funcionamento do Concello”

· O voceiro, Javier Bas, revela que a sede de Chapela non abre moitos días e obriga aos veciños a desprazarse a Redondela para trámites básicos e que os departamentos xuvenil e de atención a consumidores están clausurados e tampouco atenden o teléfono

O grupo municipal do PP de Redondela vén de denunciar a existencia de importantes recortes por parte do goberno de Digna Rivas no funcionamento e apertura de numerosos servizos municipais, xa que revelou que a oficina de rexistro de Chapela sofre constantes peches sen previo aviso que prexudican aos veciños desta localidade e que suspendeuse sine die o funcionamento da Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) e da Oficina Municipal de Información ao Consumidor (OMIC).

Os populares lamentaron as importantes eivas nestes tres servizos municipais e achacaron as mesmas á mala xestión, política de recortes derivada do errado manexo dos cartos públicos e á desatención aos veciños por parte do executivo. “Cada vez o noso Concello vai a menos pechando departamentos básicos e escapando das necesidades da xente, polo que queremos reclamar a restitución plena de todos estes servizos, así como a potenciación dos restantes que están moi diminuídos, para corrixir dunha vez por todas o declive que sofre a administración baixo a dirección de Digna Rivas”, demandou o voceiro municipal, Javier Bas.

Ao respecto, o concelleiro revelou que a sede municipal de Chapela permanece pechada durante numerosos días e ademais sen previo aviso, o que a obriga aos veciños desta localidade a desprazarse ata o Concello de Redondela, coas conseguíntes molestias, para a realización dos seus trámites municipais, moitos deles de carácter básico.

Así mesmo, cómpre sinalar que a máquina de etiquetas de rexistro desta ofi-




cina non funciona, dificultando a tramitación de expedientes e solicitudes, e ademais o local sofre inundacións de vertidos fecais desde as obras de remodelación, o que supón un grave problema para o servizo e para as condicións de salubridade de traballadores e usuarios.

Por outra banda, a OMIX e a OMIC, que na web municipal figuran cun horario de

9.00 a 14.00 horas en días laborables, permanecen pechadas “temporalmente”, segundo reza o cartel da instalación, e convídase aos veciños a dirixirse ao Concello para as súas xestións nesta materia. Así, ademais de non estar operativos e carecer de persoal, tampouco se atende aos usuarios a través do teléfono, xa que o da oficina xuvenil non existe mentres que o da dependencia de Consumo, no que só reciben a solicitude e posteriormente se deriva a Vigo para asesoramento, nunca é atendido.

Ante esta situación, o PP redondelán reclama a reapertura inmediata todos os días da semana da sede municipal de Chapela e a dotación dos medios e as obras necesarias para o seu funcionamento axeitado e a posta en marcha da OMIX e da OMIC para das resposta ás cuestións xuvenís e de consumo.



**Temos os mellores peixes e mariscos
Especialidade: Chocos na súa tinta**



Avda Xeneral Rubín, 22 Redondela

986 40 09 72

O Mundialito da Xunqueira: Historia viva de Redondela

“Na historia do noso torneo forxáronse amizades moi sólidas entre os participantes”

Susi, Gerardo, Picho, Caloi e Miguel

Hai algo máis de 50 anos, inspirados no mundial de fútbol celebrado en Alemaña en 1974, un grupo de nenos decidiron organizar un torneo de “futbito” que se disputaría nas pistas da Xunqueira e que se denominou “Mundialito”. Hoxe, máis de medio século despois, ese torneo converteuse nun dos importantes sinais de identidade do verán de Redondela. O número de equipos foi crescendo paulatinamente: De 4 a 6, a 10 e logo ao pouco tempo xa eran 30.

Milleiros de mozos da vila e doutras localidades pasamos algunha vez polas súas pistas, e A Nova Peneira non podía deixar de conversar con algún dos seus organizadores. O tempo pasa para todos e os que daquela eran nenos hoxe xa peitean canas.

Sodes os 5 fundadores do noso mundial da Xunqueira?

Somos algúns deles. Habían máis persoas; Avelino, Javierín, Perote..

O torneo sempre se fixo na Xunqueira?

Si, sempre. E celebrouse ininterrompidamente agás dous anos nos que non se puido facer.

O Torneo naceu en 1974. Como xorde a idea?

A raíz do mundial de Alemaña de 1974.. Varios nenos comezamos a argallar a idea de facer un torneo que ilusionase á veciñanza de Redondela. E así, un pouco como sen querer, comeza-

mos con esta marabillosa aventura que se iniciou cunha conversa na antiga churrería de Pepe. De feito os equipos tiñan os nomes dos do mundial de Alemaña.

Ben, que ilusionase seguro que si.. pero tamén había cousas que cabreaban un pouco aos que perdían os partidos, creo eu

Ha, ha, ha, ha... Pois si, durante un tempo os equipos que perdían estaban obrigados a pagar 5 pesetas.

5 pesetas por equipo?

Non ohh, 5 pesetas por xogador

Iso é moi interesante. Algunha anécdota divertida da que vos lembredes?



De esqda a derta de de arrib abaixo: Susi, Gerardo, e Caloi. Miguel e Picho na Xunqueira

Canto estabamos a buscar patrocinios publicitarios: Unha vez un negocio de Redondela, que xa non existe, patrocinounos cunha bombilla.

Unha bombilla, ha, ha ha ha... En serio?

E tan en serio. Incluso nos mandaron asinar un recibín.

Que era o peor de xogar na Xunqueira naqueles tempos?

Cando caía o balón ao río e había que meterse dentro para ilo buscar.

Os primeiros anos a organización era igual á actual?

Non, era diferente. Naqueles tempos anotábanse os xogadores que estaban interesados en xogar, e logo en función do número de xogadores anotados íanse formando os equipos.

E dos maratóns que nos dicides?

Hóubooos incluso de 72 horas... foi algo que tamén ideamos nós. Non tiñan outro obxecto que a mocidade tivera unha alternativa sa para o lecer e que puidese gozar do fútbol. De feito polo que nós sabemos só unha vez houbera un maratón de 67 horas de fútbol en Sevilla. O noso maratón de 72 horas pensamos que nunca se igualou.

Cando comezaron os patrocinios das casas comerciais aos equipos?

No terceiro ano. Os primeiros anos cada xogador procuraba o seu material como puidera.

Había trofeos para os equipos gañadores?

Si, había varios: Para os mellores equipos, para os máximos goleadores e os

PUB
AQUELARRE
REDONDELA

PANADERIA
Vila dos Viadutos
886-297-047 621-060-313
Rúa Xeneral Rubín 23, 36800 Redondela

SAMOA
CAFÉ & TAPAS
Paseo da Xunqueira, 23
Redondela

menos goleados... Dábanos as casas comerciais.

Cal foi o número máximo de equipos que chegaron a participar?

Chegaron a ser 40 equipos. Había días de xogar case a todas horas....podía durar 5 semanas o torneo.

E cando se montaba algún equipo que tiña xogadores que competían no Choco, no Arcade, no Cesantes ..non había problemas?

E tanto que había problemas. Sobre todo cando eses equipos comezaban os adestramentos..pois en ocasións deixaban colgados a algún dos que competían no noso torneo e non lles quedaba outra que buscar algúns amigos para completar a aliñación. Ás veces no quedaba máis remedio que enganchar ao que pasara por aí de casualidade para que se animara a xogar.

Cales son as diferenzas máis significativas entre aqueles campionatos e os que se xogan na actualidade?

Antes os equipos estaban máis mesturados. Podía xogar nun mesmo equipo xente de Cesantes de Reboreda ou de Chapela. Ao facelo así a agresividade era menor. Logo cando os equipos se comezaron a agrupar por zonas xa se complicou a cousa. Todo o mundo se sentía agraviado e ás veces existía moita agresividade contra os árbitros. Por outra parte creo que co paso do tem-

po o campionato perdeu a esencia que tiña ao principio, algo que era diferente a calquera outra cousa que houbera en calquera parte.

Había xogadores especialmente agresivos?

Algún, algún si que había. Recordo a un que para evitar esa agresividade o xubilamos e o puxemos a arbitrar partidos. Se se xogaban media ducia de partidos seguidos puñámolo a arbitrar todos, un detrás de outro.

Algunha cousa especialmente bonita coa que vos quedades?

Na historia do noso torneo forxáronse amizades moi sólidas entre os participantes. Despois dos partidos iamós tomar os viños e pasabámolo moi ben.

Falando de pasalo ben quixer que mencionades a única vez que organizastes unha celebración gastronómica. Supoño que vos lembrades quen a fixo, e estou seguro de que non podeades ter outra valoración que dicir que foi unha comida excelente?

Ha, ha ha ha. Claro que nos lembramos, fíxo a A Lareira, o restaurante que tiñan os teus pais naquel momento. E non é porque esteas ti diante pero si, foi unha comida excelente.

Se puiderades volver a vista atrás volveríades a montar o torneo de fútbol?

Si, absolutamente si.

con motivo do Marzo Muller Traballadora, lembrouse a historia da empresa TELANOSA. Xurdida a partires do grupo Regojo, TELANOSA constituíuse a partires aportacións económicas de centos de mulleres traballadoras a mediados dos anos oitenta. Malia un capital de catrocentos millóns de pesetas, o fracaso da iniciativa "cooperativista" supuxo a morte definitiva da grande empresa do téxtil redondelá

Nesta iniciativa organizada polo BNG de Redondela sobre "os 40 anos de TELANOSA", a concelleira do BNG Jéscica García anunciou que un dos obxectivos de traballo dende un goberno nacionalista residirá en recuperar esa tradición do téxtil no noso concello. "Daremos os pasos necesarios para poñer en valor este potencial, a traveso da formación co obxectivo de crear pequenas e medianas empresas que aposten por este sector", afirmou ante os e as alí congregadas.

No plan que se está a deseñar dende o Bloque Nacionalista Galego contéplase a xestión coa consellaría de educación de dotación do módulo e Patronaxe e Moda nos ciclos formativos. Outra das propostas

pasaría por orientar os Obradoiros de Emprego cara a unha formación coordinada coas empresas do sector en Redondela. "Poñémonos a traballar para crear pequenas empresas, empregos profesionalizados no sector do textil e da moda, que pode crear empregos a pequena escala no noso concello", insistiu Jéscica García.

Tras o colapso da empresa Regojo diferentes foron as fórmulas que se desenvolveron en Redondela e bisbarra, algunhas delas con maior ou menor fortuna. Facenda embargou as contas de ducias de mulleres. As mobilizacións sociais, manifestacións, corte de tráfico e mesmo do transporte da vía férrea, levaron a unha situación loita nas rúas durante moitas xornadas da Vila dos Viaductos. Hoxe daquela factoría, só queda en pé a chimenea rodeada de edificios residenciais

"Todo ese capital humano, catro décadas despois está desaparecendo e estase perdendo", segundo a nacionalista Jéscica García. "Imos a poñer todo o noso empeño para aproveitar esa herdanza, e capacidades para recuperar protagonismo", rematou na súa alocución.

O BNG propón recuperar a industria do téxtil en Redondela

A iniciativa presentouse no marco dos actos da organización nacionalista nos "40 anos de TELANOSA"

Redondela

No marco de diversas iniciativas desenvolvidas polas nacionalistas

Plantas medicinales
Productos ecológicos
Productos para diabéticos
Alimentación celiaca
Complementos deportivos
Cosmética natural
Masajes



MUNDO NATURAL

General Rubín 25 - 36800 Redondela
mundonatural.redondela@gmail.com
T. 986 403 170

PANADERÍA - PASTELERÍA



A ARTESA

OBRADOR SEN GLUTEN





611 953 419

 **instagram: a_artesa_sen_gluten**

Paseo da Xunqueira nº41 baixo - 36800 - Redondela

*Fútbol en directo**Bocadillos Hamburguesas Comida para llevar*

Nová xerencia
Visítanos!



CAFÉ BAR TORRES
HAMBURGUESERÍA

Rúa Pantalla, 24 baixo
36693 CESANTESTelf.: 886 31 05 77
675 50 66 65

+ 34 667 709 495
@PELUQUERIAGUAU

GUAAU

SALÓN PELUQUERÍA CANINA

**C/ SALGUEIRAL Nº1
BAJO 5 REDONDELA
PONTEVEDRA 36800**

EL MEJOR CUIDADO
PARA TUS MASCOTAS!

En resposta ao “rei nu”

Escribo estas liñas en contestación ao artigo de Alberte Román de A Peneira do 25 de marzo onde expresa a súa crítica de cara á construción dun museo en Redondela dedicado ao pintor e restaurador redondelán Ángel Barros.

O autor do artigo pon en dúbida a calidade artística do pintor e crítica o “esforzo económico” da Administración, insinuando con palabras grosas que o proxecto está movido polo “farturen-to mundo das inauguracións”... Non é así, e queremos con esta contestación explicarnos, porque o problema de fondo que produce esta crítica é a falla de comunicación pola nosa parte en explicar que se vai facer nese museo (ou centro de interpretación, ou aula didáctica ou como finalmente se denomine).

Escribo isto con prisa e certa emerxencia, para que esa mensaxe lanzada por Alberte Román non teña calado entre os profesionais da crítica como son os coñecidos como “haters” das redes sociais. Porque non pode prender este lume a estas alturas do proceso de creación do MUSEO que tantos esforzos, vicisitudes e atrancos pasou ata chegar ata este punto no que estamos. Pendente de aprobación polo Pleno Municipal de Redondela. Esta mensaxe vai tamén para as persoas que forman parte daqueles partidos políticos que votaron na súa contra na anterior reunión do Pleno, imaxinamos que, de novo como no caso de Román, polo descoñecemento concreto do proxecto (insisto e entoo o “mea culpa” na nosa falla de comunicación en dar a coñecer a proposta).

Penso que escribo dende o coñecemento do proxecto, xa que son coautor del e tiveron unha participación moi activa na promoción previa da necesidade dun proxecto museístico deste calado en Redondela.



Dende os anos 90 a Asociación Alén Nós, principalmente, e outros colectivos da vila promovemos a creación deste centro. Un lugar onde acollese e centralizase a xestión tanto museográfica como administrativa no eido da museoloxía redondelá. Para facerme entender, un museo, xa non é o lugar de almacenaxe e exposición de pezas, como se entendía no pasado (que tamén o é), a filosofía dun centro destas características vai máis alá da propia exposición, como ben sabe Román, converténdose nun lugar de didáctica e aprendizaxe principalmente (ademais do de xestión, que será un punto a desenvolver polo Concello no futuro).

O proxecto céntrase na súa actualidade na exposición das pinturas de Ángel Barros, pero trátase dun proxecto municipal de historia e etnografía de Redondela. Así o planeamos (e así o quere, entre outros, o propio Ángel Barros) e seguiremos loitando e traballando para que isto fragüe e se consolide.

Para a redacción dun proxecto de musealización existen unha serie de ponderables que se tiveron en conta á hora da exposición. Un deles, por non dicir o maior condicionante, é a valoración da obra (do obxecto que se vai museali-

zar), neste caso a colección de pinturas doada por Ángel Barros. Nesta valoración, tentando a obxectividade máxima, non se fixo só unha categorización artística (que tamén), valoráronse as súas características en función dos obxectivos do centro, como antes apuntamos: a aprendizaxe e a didáctica en xeral.

E a obra de Ángel Barros é óptima neste sentido para crer un lugar de ensino da pintura e da historia da arte, e por suposto do mundo que arrodea a restauración (lembramos que existe unha escola de restauración en Pontevedra, e que se está solicitando a súa reconversión en estudos superiores) e de exemplo de vida (como “leitmotif” de toda a exposición). A vida e obra de Ángel Barros é exemplo de esforzo, de traballo, de memoria histórica, autodidacta, de superación e coñecemento, de autorrealización persoal e, como non, de soños... (porque tamén haberá cabida para a subxectividade na exposición) e, increíblemente, agochada en Redondela!

E todo isto é o que representa a súa obra, de xeito impresionante, para recrear un museo co obxectivo principal da didáctica. É unha oportunidade tan

grande a que se nos ofrece que calquera persoa que se dedique á didáctica e a difusión do patrimonio cultural pode percibir dende o primeiro momento. Sobre a calidade da obra, calquera que coma min, dese algunha vez na vida unhas pinceladas saberá do esforzo e profundo coñecemento que radica detrás da obra de Ángel Barros. Á marxe da obra propia, cun incontestable obxectivo social (contido xenial que resulta necesario nos tempos que corren), a elección da copia ten toda ela detrás un porqué, un sentido histórico (e artístico!) moi fondo que se pretenderá incluír na exposición.

Esta aula (ou, como escribo, se queira denominar) foi deseñada “exprofeso” para que os colexios e institutos redondeláns e da comarca (mediante convenios asinados co Concello), poidan utilizar as súas instalacións para calquera destas aprendizaxes (insistimos no da restauración, unha profesión de futuro, onde os/as vocacionados/as da vila poidan verse reflectidos; quen sabe cantos/as Ángeles Barros poderá haber no futuro, coa increíble carreira profesional desenvolvida por este redondelán). Sen renunciar, no desenvolvemento da museografía, a todas as ferramentas que nos ofrecen as novas tecnoloxías da comunicación e da información a día de hoxe. Desculpe o lector que non me estenda máis nestes detalles, xa que queremos deixar lugar para a sorpresa na inauguración do centro.

Non é preciso buscar currículo, porque o de Ángel non é só un museo de pintura senón de exemplo de vida. Unha oportunidade para que un dos nosos veciños reciba o recoñecemento que merece. Por favor.

Xurxo Constela Doce
Arqueólogo e museólogo do Mudar

DESDE 1925

A Tenda da Loura
PRODUTOS TRADICIONAIS

VIÑOS - IBÉRICOS - BACALLAO - PORCO - LÁCTEOS - CÁRNICOS
CONSERVAS - LEGUMES - LICORES - PAN DE MERZA E PAN DE PANDARÁN

PAI CRESPO, 62 - REDONDELA
986 400 460 - atendadaloura@hotmail.es

TecnySat
TECNOLOGÍA Y REPARACIONES

TELEFONÍA MÓVIL Y TABLETS
INFORMÁTICA
ACCESORIOS Y CONSUMIBLES
EQUIPOS MULTIMEDIA

TLF: 986404192
email: redondela@tecny.es
Rúa Salgueiral, 13 bajo - REDONDELA

Restaurante Asador
Tapería

Tasca A Chousa

- TAPERÍA
- CERVEXERÍA
- ASADOR
- MÚSICA EN DIRECTO
- MONÓLOGOS

Vilar de Infesta - Rúa Chousa
Telf.: 986 48 63 93 - 678 13 14 68 - REDONDELA



A campaña obxección fiscal aos gastos militares 2026 fala na nosa linguaxe

opinión

Fran "Larrú", traballador precario

O 8 de abril Facenda inicia a campaña da renda, e con ela, tamén ábrese a oportunidade de facer Obxección Fiscal aos Gastos Militares. Podemos exercer o noso dereito á obxección fronte ao desmesurado gasto militar realizado no ano 2025, como tamén para frear a intención de incrementar este orzamento. Por estas terras do sur de Galicia quen move a campaña é o Espazo Aberto Antimilitar, un grupo vigués formado por colectivos e persoas que traballan pola construción dunha sociedade máis xusta e desmilitarizada. Para o Espazo Aberto Antimilitar "É necesario comezar a desmilitarizar a vida e deter a guerra aquí e agora. A Obxección Fiscal ao Gasto Militar é un bo punto de partida para avanzar neste camiño".

A Obxección Fiscal (OF) é un acto de Desobediencia Civil que consiste en, á hora de facer a Declaración da Renda, non pagar ao Estado os cartos que adica á guerra e á súa preparación. "A OF non supón evadir impostos, senón desviar cara proxectos sociais a cantidade que sería destinada a fins militares", aclaran dende o Espazo. Aínda que non teñamos a obriga de pagar o IRPE, todas as persoas pagamos impostos cos que, queiramos ou non, financíase o militarismo. Do mesmo modo, a Obxección Fiscal pódemola facer todas.

O Espazo Aberto Antimilitar considera que "o mellor xeito de resolución dos conflitos entre os pobos é o diálogo, a cooperación e a solidariedade. Creemos que o principal camiño para conseguir un mundo en paz é favorecer a xustiza. E non estamos de acordo co destino militarista nen coa forma en que son utilizados os nosos impostos". O espazo propón "a desobediencia civil, por medio da O.F., fronte á imposición de colaborar co militarismo".


Tamén na súa web, <https://nonaogastomilitar.arkipelagos.net/>, hai unha pequena guía de como facer Obxección Fiscal. Se tedes calquera dúbida ou queres recibir máis información sobre a campaña non deixes de escribirlles a espazoantimilitar@riseup.net ou visitar a súa web na que irán dando conta da campaña galega. Cónstame que dende o

Espazo Aberto Antimilitar poden desprazarse para explicar a campaña presencialmente. Tendo isto en conta penso que cada colectivo ou organización da Galiza ten a oportunidade de colaborar e promover a campaña deste ano, xa sexa a nivel social con xornadas ou palestras, ou calquera outro xeito.

Outro colectivo, Alternativa Antimilitarista-MOC presentou, en xaneiro deste mesmo ano 2026, un informe que recolle os datos de participación na última campaña, a de OF 2025, e detalla os proxectos apoiados. O informe contextualiza que "Resulta evidente que nos atopamos nun contexto fortemente marcado polo incremento do militarismo a todos os niveis. Así, deste xeito, a Unión Europea lanza o programa Re-Armar Europa, que prevé incrementar o gasto militar europeo en

800.000 millóns de € nos próximos anos, á vez que o Goberno español eleva en máis de 15.000 millóns o orzamento de Defensa sen pasar polo Congreso para financiar novos programas de desenvolvemento e fabricación de equipos e sistemas de armas e fai unha previsión de gasto militar de 80.000 millóns para 2026". E lanza unha terrible premonición "Este incremento desmesurado do gasto militar está na base da preparación da guerra, xa que permite a adquisición de novo armamento e a posta en marcha de programas de adoutrinamento social (neste sentido hai que ler a volta do servizo militar en varios países de Europa e o debate aberto noutros sobre a súa recuperación)".

Para calquera persoa que aspire á xustiza, esta campaña está a falar na súa linguaxe e a interpelar a súa coherencia entre pensamento e acción.



MOTOS REDONDELA

REPARACIÓN Y VENTA DE MOTOCICLETAS

TODAS LAS MARCAS

CTRA. DEL CAMPO DE FÚTBOL, 47 - REDONDELA
986 40 43 86

hobbybike

VISITA NUESTRA WEB Y SIGUE TODAS LAS OFERTAS Y NOVEDADES

Estrada de Vigo, 14
36800 REDONDELA

630 229 438
886 112 219

BICICLETAS - ACCESORIOS
RECAMBIOS - TALLER
FINANCIACIÓN

info@hobbybike.es
hobbybike.es

CACHARELA

Paseo da Xunqueira, 31
Redondela - PONTEVEDRA
986 40 48 04
WWW.CACHARELA.ES

En los momentos mas importantes de tu vida
CACHARELA ARTESANÍA
Especialistas en bodas, bautizos y comuniones

La Nube

www.olgaenlanube.es

Xoan Manuel Pereira, 14 - Baixo
Redondela

621 376 155
@olgaenlanube

In memoriam Felix Cal

Felix cal refente,
non marchaches: quedaches prendido nas mans que erguen bandeiras,
nos ollos que non esquecen,
na voz colectiva que segue a dicir “aquí estamos”.
Presidente do Colectivo Republicano de Redondela,
non levabas só un cargo,
levabas unha chama.
Esa que acende conciencias,
esa que non se apaga nin co vento nin co tempo.
Cada luns, fiel á cita,
na rúa, por Palestina,
eras presenza constante,
pegada firme,
un corpo máis —pero tamén un faro—
entre todas as persoas que non se resignan.
Fotógrafo incontestable,
ollabas o mundo con verdade,
sen adornos, sen medo,
capturando a dignidade
mesmo nos recunchos máis duros.
As túas imaxes falan agora por ti,
e seguen dicindo o que ti nunca calaches.
Referente na loita,
non por buscar ser guía,
senón por non saber ser outra cousa
que coherencia e compromiso.
Felix,
o teu nome queda escrito
na memoria das rúas,
na historia pequena e grande
de quen non se rende.
E mentres haxa quen loite,
mentres haxa quen lembre,
mentres haxa quen mire o mundo como ti o mirabas,
seguirás aquí. Sempre.



Foto: Cal 3

Marco A. Santos soto

De Julio Verna a Rosalía: preto de 700 nenos e nenas amosan as súas creacións literarias nas xornadas “Espallar Tinta”

A Alameda Castelao acolleu esta mañá a primeira xornada do IV “Espallar Tinta”, no que participan preto de 700 escolares de Infantil de Primaria dunha ducia de colexios. “A volta ao mundo”, a literatura de Julio Verne ou a poesía de Rosalía de Castro foron algúns dos temas que amosaron ao público.

- A alcaldesa, Digna Rivas, agradeceu a todos os centros a súa participación nesta feira na que o propio alumnado dá a coñecer as súas producións escritas en lingua galega. Para a alcaldesa é moi importante “facilitar espazos ao aire libre e abertos ao público onde os nenos e nenas poidan expresarse e amosar o seu traballo”. A rapazada puido gozar tamén do espectáculo do Show de Fifo.



Pais e alumnado na Alameda

Redondela

“Espallar Tinta” chega á súa IV edición co obxectivo cumprido: “promover a dinamización da escritura e a literatura en galego na infancia”. Preto de 700 nenos e nenas dos diferentes centros de Educación Primaria e Infantil de Redondela danse cita na Alameda Castelao durante dous días para participar nesta fermosa iniciativa. Hoxe participou o alumnado dos colexios de Cedeira, Ventosela, Alexandre Bóveda, EEI Marisma, Quintela e Colexio Vigo.

Como novidade, nesta edición participou como convidado o CEIP Doutor Suárez, de Fornelos de Montes. Mañá estarán os centros Igrexa-Chapela, Santa Mariña, Outeiro das Penas, San Pedro de Cesantes, Reboreda, e repiten Cedeira e Alexandre Bóveda. Como cada ano os colexios presentan orixinais traballos. Hoxe puidemos coñecer diferentes países coa “Volta ao mundo en 80 días”, e outras novelas de Julio Verne, así como poesía de Rosalía de

Decoración, menaxe y regalo

Almenara

Rúa Ribeira, 6
Teléfono 986 403 556
36800 REDONDELA
(Pontevedra)

CAFÉ BAR PARAÍSO

RETRASMISION DE PARTIDOS DE FUTBOL
CAMPO DAS REDES, 16 - REDONDELA
TELÉFONO: 671 152 021

Casa Consejo

Doixes e mariscos da ría de Vigo
Menú do día

Rúa Isidoro Queimaliños, 41
REDONDELA
986 40 11 94

DESFRUTA DAS CARREIRAS DE MOTO GP EN DIRECTO CON NOS

POOL BAR VIDEO CLUBE
NALLUA

Ernestina Otero, 49 - Tel. 986 402 462
Tel. 986 401 394 - REDONDELA

Castro, entre outras propostas.

A alcaldesa, Digna Rivas, explica que "Espallar Tinta" é unha feira na que o propio alumnado dá a coñecer as súas producións escritas. Nestas dúas xornadas a infancia é a protagonista. Para a alcaldesa é moi importante "facilitar espazos ao aire libre e abertos ao público onde os nenos e nenas poidan expresarse con seguridade e amosar o seu traballo". O concelleiro de Ensino, Alberto Álvarez, salientou tamén a importancia de actividades como esta "para favorecer a convivencia entre o alumnado e profesorado dos diferentes centros, e poder compartir proxectos e expe-

riencias". E para facer deste "Espallar Tinta" unha festa completa, a rapazada puido gozar do espectáculo "O Show de Fifo", de Troula Animación, con maxia, xogos e moito humor. Todos os participantes recibiron tamén por parte do Concello un fermoso caderno serigrafado coa mascota do evento.

"Espallar Tinta" é unha actividade financiada polo Concello de Redondela que partiu da iniciativa do CEIP Cedeira. A alcaldesa agradeceu o gran traballo deste centro, da súa ANPA, e da profesora Jessica Rodríguez Piñeiro "na organización dun evento desta magnitude".

O Concello de Redondela e Adif pecharon o acordo definitivo para a remodelación integral da Avenida da Estación. A través dun convenio de concesión administrativa, o ente ferroviario asumirá o custe total das obras de pavimentación e adecuación estrutural antes de que o vial pase a ser de titularidade municipal.

A alcaldesa de Redondela, Digna Rivas, destacou a importancia histórica deste convenio: "Damos resposta a unha demanda da veciñanza que levaba máis de 20 anos agardando. A estrada atópase nun estado moi deficiente e era unha prioridade absoluta que Adif asumise a súa reparación antes de entregala ao Concello en perfectas condicións".

As obras de mellora, que serán executadas pola empresa TRAGSA, contan cun orzamento de 582.268,04 € e un prazo de execución de 3 meses. O proxecto actúa sobre unha superficie de 5.962 m². O acordo estipula que o Concello asumirá a xestión do vial mediante unha concesión por 75 anos. A entrega oficial non se fará ata que as obras estean rematadas.

Rivas sinala que este compromiso de Adif coa Avenida da Estación non é unha actuación illada, senón que se suma a unha estratexia de moderni-

zación integral en Redondela con investimentos que superan os 55 millóns de euros. Entre as principais intervencións destacan a modernización de 7,8 km no tramo Redondela-Bifurcación Arcade para mellorar a fiabilidade da vía. Esta renovación supera os 22,6 millóns. Tamén se renova a conexión con Vigo-Guixar para reforzar o tráfico de viaxeiros e mercadorías cun investimento de 32,7 millóns. Adif mellora os servizos e a accesibilidade na Estación de Redondela. Actualmente están a realizarse as obras cun investimento de 3,3 millóns de euros que inclúe un novo andén central, paso inferior, ascensor e renovación da praza e melloras totais de accesibilidade. A alcaldesa destaca tamén a creación do novo apeadeiro de Chapela cun andén de 220 metro. Deste xeito "recuperamos o transporte ferroviario na parroquia e melloramos a mobilidade da veciñanza tato nas conexións de Chapela con Redondela e Pontevedra como coa cidade de Vigo". "Estamos ante o maior esforzo inversor ferroviario da historia de Redondela", concluíu Digna Rivas, destacando que estas obras non só melloran a seguridade e a capacidade do servizo, senón que garanten unha integración moito máis amable e moderna do tren no noso municipio.

ADIF executará obras de mellora na avenida da estación cun investimento próximo aos 600.000 euros

O Concello de Redondela e Adif asinan o convenio para a pavimentación e cesión da Avenida da Estación. O organismo ferroviario investirá máis de 582.000 euros na mellora integral antes de transferir a titularidade ao municipio. A pavimentación abrangue unha superficie de case 6.000 m².

- Digna Rivas salienta que a obra resolve unha demanda veciñal de hai 20 anos polo mal estado do vial. A actuación súmase a outros investimentos millonarios nas infraestruturas ferroviarias de Redondela, coa renovación integral da estación e o novo apeadeiro de Chapela, entre outras melloras.



Antonio Cabaleiro e digna Rivas v



Zapatería Candi

Reparación de calzado, cosido, afiados e complementos. Duplicado de chaves e mandos. Cerralleiro.

Tlf: 639 07 54 56

candi@zapateriacandi.com
www.zapateriacandi.com

R/. Telmo Bernárdez, 3 - 36800 REDONDELA (Fronte ó despacho de butano).

O Café da Vila

RÚA ALFONSO XII, 23 - REDONDELA - 986 40 30 99

TU AUTOESCUELA EN REDONDELA



Paseo da Xunqueira, 39. Bj

986 17 35 07

¡TE ATENDEMOS POR WHATSAPP SIEMPRE QUE LO NECESITES!

667 847 683

TAMBIÉN CLASES ONLINE

A tu ritmo y desde donde tú quieras...



ACUÑA

Rosalía de Castro, 16 Baixo Arcade
986 70 09 56

In memoriam Anxo Barros



No silencio manso das rúas de Redondela, queda a túa pegada, Ángel, coma un trazo firme que nin o tempo se atreve a borrar. Pintor de luces e sombras, restaurador de almas no lenzo e tamén nos muros da historia, levas contigo a memoria viva de quen nunca se rendeu. Entre cores gardaches segredos antigos, devolvéndolles vida ás obras feridas, coma quen cura cunha man delicada e un corazón valente. Mais tamén fuches loita, voz erguida contra a escuridade, pulso firme fronte ao medo, dignidade feita persoa.

Hoxe marchas, mais quedas en cada pincelada, en cada mirada que aprende a ver grazas a ti. Redondela suspira o teu nome entre o vento e o salitre, e nós, que ficamos, aprendemos da túa luz. Descansa, compañeiro. A túa arte e a túa loita seguirán a falar por ti, eternamente.

Marco A. Gantós soto

Mariscando Conciencias para o futuro achega o oficio do marisqueo a colexios e asociacións

A “Mariscando conCiencias para o futuro” levou este mes a máis dun cento de persoas adultas e escolares a coñecer o traballo do marisqueo. Asociacións como Lenda e os CEIP Laredo e Reboreda experimentaron xa o

oficio e participaron en limpeza de lixo mariño no litoral de Redondela. - A participación do Future Oceans Lab, da Universidade de Vigo, axudou a dar explicación aos impactos ambientais que está sufrindo a enseada de San Simón pola crise climática, co aumento da temperatura e as chuvias torrenciais.

Dende que comezou o mes de marzo máis de cen persoas participaron desta actividade, que pretende dar a coñecer os oficios da pesca costeira artesanal da man das súas profesionais. Mariscadoras a pé e mariñeiros de litoral compartiron coas persoas vinculadas a Lenda e co alumnado dos colexios CEIP Laredo e CEIP Reboreda as curiosidades dos seus oficios. O carácter artesanal, a vinculación co medio ambiente, as ferramentas e técnicas da xente do mar e a organización do sector foron algunhas das aprendizaxes que fixeron as persoas participantes. Unha vez terminou a explicación, chegou o momento de poñer en práctica os novos coñecementos. Os participantes puideron experimentar en primeira persoa a procura de ameixas, berberechos, longueiróns e outras especies, identificando as súas diferenzas e constatando a dificultade de atopar produto pesqueiro, debido á alta mortalidade. A participación do Future Oceans Lab, da Universidade de Vigo, axu-

dou a dar explicación aos impactos ambientais que está sufrindo a enseada de San Simón. A actividade rematou coa re-sembra das ameixas atopadas.

Mariscando conCiencias para o Futuro pon o foco na intersección de saberes entre as ciencias do mar, a pesca artesanal e a arte comunitaria. Por iso a actividade continuou recollendo lixo mariño nas praias, onde se atoparon restos de téxtil, cerámica, cabichas, redes de pesca e numerosos residuos de plástico. O lixo foi clasificado e parte del será empregado para darlle unha segunda vida na elaboración de pezas artísticas que participarán no Artelixo 2026, que dará comezo a finais de marzo e que este ano leva por título “Ata aquí chegaba o mar!”

Mariscando conCiencias para o Futuro é un proxecto promovido por Amarturmar, Artelixo, Future Oceans Lab (UVigo), Cidadanía S. Coop. Galega e Concello de Redondela, co financiamento da Fundación Daniel y Nina Carasso.



687 612 774 · 677 513 604
info@nietoconstrucciones.com

**STORES, CORTINAS
Y ALFOMBRAS
a medida**

**Presupuesto
sin compromiso**

**OUTLET
en las mejores marcas
de TEXTIL - HOGAR**

de Horno de Leña
610 880 102
Suiza
PANADERIA PASTERIA
El Auténtico Pan

C/Pal Crespo 46 bj 36800 Redondela
667746602
anaquelgourmet@gmail.com
@anaquelgourmet

A Nova Peneira parroquia a parroquia “Chapela”

Por G. Figueiredo

Chapela é unha parroquia mariñeira do concello de Redondela que leva anos medrando ata converterse nun dos núcleos máis importantes da vila. Situada ás beiras da ría de Vigo e moi preto da cidade olívica, tanto que incluso combinan transporte público. O ambiente é tranquilo dun lugar de arrabade co movemento constante dunha área ben comunicada, preto de Vigo, da Comarca do Morrazo e da cidade de Pontevedra, pero con moita vida propia. Aquí, o mar segue marcando o ritmo das súas xentes mariñeiras, pero tamén o fan a industria, o deporte e unha veciñanza activa que mesturas os seus costumes tradicionais coa modernidade da nosa época.

San Fausto de Chapela é, hoxe, a parroquia máis poboada de Redondela, con arredor de 8.000 habitantes, superando mesmo ao casco urbano da vila. Estrutúrase en cinco barrios: Angorén, Cidadelle, A Igrexa, Parada e Laredo que, maila as súas diferenzas, comparten un forte vínculo social. Esta densidade de poboación non lle resta encanto nin proximidade; ao contrario, reforza o sentimento de comunidade que caracteriza aos chapeleiros e chapeleiras, pois este é o xentilicio das súas veciñas e veciños que convive cun alcume popular, “beretes”, en referencia a un peixe da ría de Vigo, símbolo da conexión co mar. Esta relación reflíctese tamén na paisaxe, onde os bosques atlánticos e as vistas panorámicas ofrecen un espectáculo natural de grande beleza. Desde puntos elevados como San



Vicente de Trasmañó, o Picoto ou A Madroa, pódense contemplar impresionantes postas de sol que tinguen de laranxa avermellado as augas da ría.

A súa esencia mariñeira segue a ser un dos piares fundamentais da parroquia. A industria pesqueira ten aquí un peso destacado, con presenza de empresas de relevancia como Pescanova, que forma parte do tecido económico da zona. Ademais, Chapela acolle tamén as instalacións do Faro de Vigo, o decano da prensa española, fundado en 1853, un feito que reforza o seu papel como punto estratéxico industrial da parroquia e da súa contorna.

O propio nome de Chapela remite ao pasado. Procede dunha antiga capela situada no alto da Encarnación, punto de paso do antigo Camiño Real. Naquel tempo, as dilixencias ascen-

dían con dificultade polo camiño de O Folón, obrigando aos viaxeiros a colaborar no esforzo. Unha vez no alto, era costume santiguarse na pila dun cruceiro situado fronte á capela, nun xesto de alivio e agradecemento tras a dura subida. Ese legado histórico continúa presente na memoria da parroquia.

Un dos espazos máis emblemáticos é a praia de Arealonga, un areal accesible desde a avenida de San Telmo e limítrofe co monte da Cacharela. Trátase dun lugar que combina tranquilidade e actividade, ideal tanto para o descanso como para o lecer familiar. A súa contorna destaca tamén pola ampla oferta gastronómica, con locais que se adaptan a todos os pechos e gustos. Se ben no verán o acceso pode verse dificultado pola falta de aparcamento, Arealonga segue a ser un dos principais atractivos da pa-

rrroquia.

Chapela non só vive do seu pasado e da súa paisaxe; é tamén un núcleo dinámico e ben dotado de infraestruturas. Conta con instalacións deportivas como un centro de deportes acuáticos, pavillón municipal, campo de fútbol e peirao deportivo, así como servizos esenciais como centro de saúde, oficina de correos, biblioteca e varios centros educativos que abarcan desde a educación primaria ata a formación profesional.

No ámbito deportivo, destaca especialmente o remo, unha disciplina profundamente arraigada na cultura local. O Club de Remo Chapela, fundado en 1984, é un dos referentes da parroquia, cun amplo palmarés en competicións galegas e estatais. A súa actividade céntrase principalmente no banco fixo, modalidade que esperta unha gran paixón entre a veciñanza. O club, que participa en diferentes categorías e modalidades como traineira, trainerilla e batel, naceu coa vocación de ofrecer unha alternativa saudable á mocidade, baseada no deporte e na tradición mariñeira.

Ata o ano 2011 a sede do club estivo situada nas antigas naves dunha conserveira na praia de Arealonga. Desde entón e en convenio co Concello de Redondela ocupan unhas novas instalacións situadas no mesmo lugar.

A relevancia do remo en Chapela queda patente na celebración da Festa do Día do Remo, que ten lugar na terceira semana de setembro



Na Praia de Arealonga
Chapela

PlusUltra
Seguros

María del Carmen Lago Pereira
Agente Exclusivo de Plus Ultra Seguros
nº reg. C051736002973S

sotoseguros@hotmail.com

Avda de Vigo, 234 - Bajo
36320 Chapela-Redondela (Pontevedra)
T 986 45 81 10 - M 672 213 497



e converte á parroquia nun referente a nivel nacional e internacional. Chapela é o primeiro lugar de España e do mundo en recoller esta festa do día do remo. Este evento, pioneiro no seu tipo, combina competición, festa e identidade parroquial.

Xunto ao remo, o balonmán é outro dos deportes con forte presenza. O Deportivo Balonmán Chapela conta con equipos en categorías sénior tanto masculina como feminina, ademais dunha sólida base formativa que abrangue desde prebenxamíns ata xuvenís. Os partidos disputados no pavillón municipal "Manuel González Soto" son unha mostra máis do dinamismo deportivo da parroquia.

Mais se hai algo que define aos beretes

é o seu gusto pola celebración. Ao longo do ano, suceden diversas festas que combinan relixión, gastronomía e tradición. Entre as máis destacadas están a Festa do Carme, en honra á patroa dos mariñeiros, que se celebra a finais de xullo; a Festa do Mexillón, na primeira semana de setembro; e a Festa de San Fausto, patrón da parroquia, o 13 de outubro.

Especial mención merece o Enterro do Berete, unha celebración singular que ten lugar o sábado posterior ao mércores de cinza. Nesta festa, comparsas e cabalgatas percorren a parroquia ata rematar na praia de Arealonga, onde se queima un "meco" en forma de peixe xigante, símbolo de Chapela. O evento, que cada ano gaña máis participación, exemplifica o espírito festivo e creativo da veciñanza.

Chapela tamén foi berce ou fogar de figuras destacadas, como o ciclista Marcos Serrano, gañador dunha etapa do Tour de Francia en 2005, ou o cantautor Suso Vaamonde, persoa comprometida coa cultura galega que residiu na parroquia durante anos. Desde o ano 1987 ata o anos 2000, ano de seu falecemento a causa dun becho chamado cancro, na Avda. de Vigo. Mesmo no ano 2001 abriuse unha rúa nesta parroquia en Cardona.

O tecido asociativo é outro dos sinais de identidade da parroquia. Numerosas asociacións veciñais, culturais, deportivas e sociais contribúen á vida cotiá e a fortalecer os lazos veciñais. Desde colectivos culturais ata clubs deportivos ou asociacións de apoio social, Chapela demostra unha notable capacidade organizativa e un forte compromiso.

En definitiva, Chapela é moito máis ca unha parroquia mariñeira. É un lugar vivo, cunha identidade clara e cunha comunidade que segue construíndo o seu presente sen esquecer de onde vén e a onde quere ir.



Canto custa unha vida

Mar Núñez

Contábame unha amiga que unha cardióloga ciruxana norteamericana buscaba desesperadamente un inxeñeir@ para fabricar un marcapasos en miniatura e así poder salvar a vida dun bebé recién nacido con problemas de corazón.

Atopouno. Un inxeniero afincado en EEUU, de nacionalidade iraní (paradójico), dixeño e fabricou ese ansiado minimarcapasos.

Mentras a ciruxía facía ese traballo que tod@s sentimos coma un milagro, centos de nenos e nenas mo-

rrían entre bombas e desolación.

En qué punto muda a conciencia e se inclina hacia o ben ou hacia o mal,

hacia a xusticia e a inxusticia, hacia o odio ou hacia o amor?. En qué punto da conciencia nos dividimos para emocionarnos e solidarizarnos có rexurdir dunha soa vida e ao mesmo tempo agochamos a cara para esquecernos de milleiros de mortes de outras personas?

Namentras, a conversación nas rúas é a importancia da subida dos precios da gasolina.

O grupo Casa Paco 81 volve ao Arte Lixo de novo este ano



Os de Manolo Conde fieis á cita anual con Arte Lixo presentaron a obra "Ecos do Partido", unha obra que refire claramente ao seu deporte e que conecta aos mais cativos cos moventos culturais da nosa vila



Casa Mucha
TAPERÍA - RESTAURANTE
CARNES A LA BRASA
VINOS Y TAPAS
Plaza de Santiago Apóstol, 2
Redondela
Reservas Telf.: 986 404 288

Floristería Candela

Decoración de todo tipo de eventos
Bodas - Bautizos - Comuniones
Reuniones de empresa - etc
Centros funerarios y cementerios

Criá Redondela-Palmeador, 19
Viar de Infesta (Redondela)
986 498 876
666 882 758
floristeriacandela@gmail.com
Floristería Candela
@FloristCandela



amador A/pérez
imprenta | dixital | deseño | web

Rúa da Cooperativa, 10
36800 REDONDELA (Pontevedra)
986 400 259
627 900 878
info@amadorimprenta.com
amadorimprenta.com



Pizzeria Bos Aires

Xeneral Rubín, 19
Redondela
Telf. 986 11 50 44



Celtic Luada

Rúa José Regojo, 8 - Tel.: 986 403 236 - Móvil: 620 819 246
36800 REDONDELA



XXXIX

REDONDELA • 2026
8, 9, 10 • MAIO

FESTA

DO

CHOCO



O TESOURO
DA NOSA RÍA

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA



A Nova Peneira parroquia a parroquia

Por G. Figueiredo

San Xurxo de Mogor, Mañín



Igrexa de Modor

A parroquia de San Xurxo de Mogor, no concello de Mañín e pertencente á Comarca do Morrazo, é un exemplo claro da forma de vida costeira galega. A tradición mariñeira, o patrimonio histórico, a paisaxe natural e a vida moderna do século XXI conviven nun mesmo espazo no municipio de Mañín, a tan só oito quilómetros da cidade de Pontevedra.

Segundo datos recentes, do INE de 2024, a parroquia conta con arredor de 983 habitantes, distribuídos nos barrios de Baguín, Mogor, O Monte, A Porteliña e A Barriada. A evolución desta parroquia estivo marcada pola relación co mar e polo desenvolvemento dos seus barrios, sobre todo deste último, A Barriada, xurdida na década de 1960. A Barriada é un grupo de máis de cen

vivendas da xente mariñeira do lugar que teñen as mellores vistas de Mañín, considerado o balcón de vistas privilexiadas á Ría de Vigo e a Ría de Pontevedra, un lugar moi bonito e tranquilo.

Entre os principais elementos patrimoniais da parroquia destacan os coñecidos petróglifos de Mogor, situados nas proximidades da costa, así como o castro da Subidá, que evidencia a ocupación humana da zona desde época prerromana.

O castro da Subidá: Este poboado castrense sitúase nunha das ladeiras do coñecido como Monte dá Portela. As fortes pendentes da ladeira propiciaron que os moradores creasen terrazas dentro do recinto amurallado. É, sen dúbida, o recinto defensivo mellor conservado da zona. Trátase dun centro castrexo romanizado de 4 hectáreas dobremente amurallado que, no seu momento, reuniu a unha poboación local fortemente agrícola, gandeira, cazadora e marisqueira. Entre as vivendas circulares que aínda se aprecian, eríxense o que no seu día foron unhas torres para controlar o vasto territorio e a súa costa, ademais de constituírse nun dos puntos de extracción mineira da rexión.

Na zona poderemos achar varios petróglifos da Idade de Bronce así como outros debuxos nas pedras que son atribuídas ao artista local Pepe Meijón, que deixou constancia da súa obra na pedra por toda a comarca de Mañín no século XX.

A historia relixiosa da parroquia tamén deixa pegada, cunha tradición arraigada á igrexa de San Xurxo, patrón local,

cuxas festas se celebran cada ano a finais de abril.

Petróglifos de Mogor: A escasos metros da costa, atópase un dos tesouros arqueolóxicos máis singulares de Galicia. Coñecidos popularmente como os labirintos de Mogor, este conxunto de gravados rupestres constitúe unha das estacións máis estudadas e reproducidas do patrimonio prehistórico galego. Situados no lugar de A Barriada, estes gravados forman parte do denominado Grupo Galaico de Arte Rupestre, cunha antigüidade que se sitúa entre o 1800 e o 600 antes da nosa era. A súa relevancia non reside só na súa antigüidade, senón tamén na complexidade dos seus deseños e no seu bo estado de conservación.

Esta xoia única en Galicia está formado por tres grupos principais de petróglifos visibles, aínda que historicamente chegaron a existir ata sete na zona. Entre todos eles destaca un motivo excepcional: o labirinto, unha figura pouco habitual no contexto da arte rupestre galega, da que só se coñecen uns poucos exemplos en todo o país.

Este carácter singular converte os petróglifos de Mogor nun referente non só en Galicia, senón tamén a nivel europeo, pola súa semellanza con outros labirintos prehistóricos atopados en diferentes puntos do continente.

Pedra do Labirinto, a máis emblemática, presenta un labirinto de grandes dimensións con sucros profundos arredor dunha cazoleta central.

Pedra dos Campiños, situada a poucos metros, amosa un labirinto máis desgastado e difícil de percibir, visible especialmente baixo determinadas con-

dicións de luz.

Laxe dos Mouros, pola súa banda, reúne múltiples combinacións circulares, cazoletas e mesmo a figura dun cerviño, case imperceptible.

Estas representacións, realizadas mediante técnicas de incisión sobre a rocha, seguen a ser hoxe un enigma para a comunidade científica, que aínda debate sobre o seu significado: símbolos relixiosos, mapas, marcadores territoriais ou expresións culturais dunha sociedade sen escritura.

Na actualidade, os petróglifos de Mogor contan cun centro de interpretación e cun espazo acondicionado para a súa visita, con pasarelas que permiten observar os gravados sen danalos. Esta musealización converte o lugar nun punto clave para a divulgación do patrimonio arqueolóxico galego.

Dende o seu descubrimento e estudo no século XIX, os petróglifos despertaron un crecente interese científico e turístico, converténdose así nun dos lugares máis emblemáticos das Rías Baixas.

A praia de Mogor. Nesta parroquia marinense atopamos un dos areas máis valorados do litoral das Rías Baixas. Cunha extensión aproximada de 400 metros, combina paisaxe, tranquilidade e servizos nunha contorna privilexiado. A praia destaca pola súa forma de cuncha, característica que, xunto coa protección natural que ofrece o relevo, contribúe a crear un espazo resgardado dos ventos. A súa area branca e fina e as súas augas calmadas convértena nun lugar especialmente chamativo tanto para o baño como para o lecer en familia, deportivo ou coas amizades.

As condicións naturais da praia favore-

Rúa David Cal nº13
36945, Vilarinho

986328744

O Carlete

ocarlete@gmail.com

RAMÓN CABANILLAS,
105
MOAÑA
986 31 56 25

Cando recuperar a saúde é o máis importante

FisioLOIS
terapia

REXCE nº C-36-001963



A túa saúde nas mellores mans desde 1992



986 89 10 89

www.fisiolois.es



604 03 51 89

En Mañín, Avenida de Ourense 44 - Interior da praza Centro Morrazo (locais 7 e 8)

cen tamén a práctica de deportes como a vela, o windsurf ou o esquí acuático atopan aquí un escenario axeitado grazas á estabilidade do mar e á protección da ría.

Ademais, a praia conta con bandeira azul, un distintivo que reconece a calidade das súas augas, os servizos dispoñibles e o respecto polo medio ambiente.

A presenza da praia, do patrimonio arqueolóxico e das tradicións festivas fan desta parroquia un espazo onde pa-



Praia de Modor

sado e presente conviven en simbiose e fan desta parroquia un atractivo turístico e vida comunitaria nun enclave privilexiado das Rías Baixas.

O BNG propón novas solucións de aparcamento

A formación nacionalista aposta pola colaboración con entidades privadas e outras administracións para ampliar a oferta de aparcamento. A proposta inclúe acordos con supermercados, Autoridade Portuaria e Igrexa para habilitar prazas en momentos de maior demanda

Marín

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) presentará no vindeiro pleno do 9 de abril unha moción orientada a aliviar a situación do problema de aparcamento no casco urbano mediante a colaboración con entidades privadas e outras administracións.

A iniciativa contempla a sinatura de

convenios con supermercados e outras entidades que dispoñen de prazas de estacionamento dispoñibles fóra do horario de maior actividade, especialmente en domingos, festivos e xornadas de elevada afluencia. Así mesmo, prevé establecer acordos coa Autoridade Portuaria para habilitar zonas de es-

tacionamento na contorna da avenida de Ourense e do paseo Alcalde Blanco, así como a sinatura dun convenio coa autoridade eclesiástica para permitir o uso do aparcadoiro da igrexa parroquial en días de especial actividade, como os xoves de feira. Segundo expón o BNG, estas medidas permitirían aumentar de maneira inmediata a oferta de aparcamento sen necesidade de acometer investimentos elevados.

Celia García Santomé, concelleira do BNG, sinala que a falta de estacionamento é unha problemática estrutural en Marín, agravada nos últimos anos pola eliminación de prazas sen alternativas suficientes. Neste contexto, a formación nacionalista, defende a ne-

cesidade de aplicar solucións realistas e baseadas no aproveitamento dos recursos xa existentes.

O BNG subliña que esta proposta dá continuidade ao conxunto de iniciativas presentadas anteriormente para mellorar a mobilidade na vila, baseadas no propio documento do PMUS do Concello e no diálogo e colaboración co tecido social e económico. "A veciñanza precisa solucións útiles e inmediatas que melloren o día a día e favorezan a actividade comercial", destacan.

García Santomé agarda que o goberno do Partido Popular (PP) valore esta proposta e avance cara a medidas efectivas que contribúan a aliviar un dos principais problemas da vila.

O concello de Bueu comeza as obras do novo parque urbano Lúgrís

Haberá restricións no aparcadoiro de As Lagoas, e xa dende este martes está prohibido estacionar na marxe pegada ás lombas

Neste novo espazo de convivencia interxeracional instalarase un novo skate park e un bowl, re acondicionarase a pista multideporte, ademais de habilitarse sendeiros e unha gran praza pública

Bueu

O Concello de Bueu comezou esta semana coas obras do novo Parque Urbano Lúgrís, na zona de As Lagoas. Despois da sinatura o luns da acta de replanteo, a empresa adxudicataria Construcciones Castro Figueiro SLU xa arrancou cos traballos na zona, que suporá toda a súa mellora integral e facer realidade un proxecto extraordinario e estratéxico para a vila no que o goberno local

leva varios anos traballando.

Para tentar paliar o máximo posible as restricións, nesta primeira fase das obras o Concello e a empresa pretenden manter unha parte do aparcadoiro operativa mentres non se avance no pavimentado deste. Así vanse limitar os aparcamentos nunha das marxes do aparcadoiro das Lagoas, xustamente o que se atopa pegado ás

TALLERES HERDASA
MECÁNICA · ELECTRICIDAD · NEUMÁTICOS
ESPIRITU SANTO 20, 36940 CANGAS
986 30 09 56
TALLERESHERDASA@HOTMAIL.COM

MIRANDA
LIBRERÍA *en BUEU, onde ía ser?*
Rúa Pazos Fontenla 35
Bueu - Pontevedra
Tel/Fax: 986 320 504
libreriamiranda@yahoo.es
f Librería Miranda Bueu

PENEIREIRO
Taller Automoción
C/ Camiño Vello nº 5
36913 Seixo - Marín
Pontevedra
Tels: 986 703 485 - 629 160 912
talleres_peneireiro@outlook.com

MARINER *Fuerabordas*
YANMAR *marine*
QUICKSILVER
CM
BLACK FIN
VALIANT *REGISTRO INFLATABLE BOATS*
MERCURY *MerCruiser*
WALKER BAY

GONBELA
Distribuidor Exclusivo

NAUTICA GONBELA
Avenida de Ourense, 50 - Marín
Telf. tienda: 986 88 39 31- Fax: 986 88 00 95
Telf. nave: 986 70 32 14 - Móvil: 666 45 00 95
gonbelventas@gonbelmar.es
WWW.gonbelmar.com

As fragatas da OTAN en Marín

opinión



Pedro Cortegoso, traballador do SERGAS

lombas. A continuación limitarase tamén o fondo da finca habilitada ao lado do actual skate park para preparar provisionalmente uns campos de petanca mentres duren os traballos. Félix Juncal, alcalde da vila, explica que "as obras renovarán todo este centro urbano de Bueu, pero vai haber algunhas molestias para a veciñanza, á que pedimos paciencia porque vai merecer a pena".

As obras do Parque Urbano Lugrís foron adxudicadas por un importe de 899.805,54 euros, IVE engadido, e fináncianse con fondos da Deputación de Pontevedra, a través do Plan Provincia Extraordinaria (Plan Extra) e do Plan Máis Provincia. A proposta suporá a instalación dun novo skate park e un bowl, ademais do re acondicionamento da pista multideporte, sendeiros interiores e a creación dunha gran praza pública, polo que será un espazo de convivencia interxeracional.

As liñas centrais serán o re acondicionamento da actual pista multideporte, a creación dun novo "skatepark" e un "bowl", sendeiros interiores e a construción dunha gran praza pública. Entre os cambios máis salientables están o traslado dos campos de petanca, que se ubicarían na parte traseira doo CPR Virxe Milagrosa; a expansión da gran praza pública situada ao lado da pista multideporte, que inicialmente tiña unha superficie de 1.000 metros cadrados e que chegará agora ao borde da rúa Johan Carbalreira e da entrada ao aparcadoiro cunha zona de transición; e o cambio do pavimento no aparcadoiro, co fin de que no futuro se poida instalar unha cuberta que sirva de acubillo para os múltiples eventos e actividades que se organizan na zona. A maiores prevese a plantación de máis especies arbóreas para reforzar a zona verde.

Este espazo, que se sitúa na zona de As Lagoas nunha franxa de 5.000 metros cadrados, será unha área de confluencia de usos deportivos, ocio e incluso económicos, e estará conectado a través dunha rede de sendeiros seguros con outros equipamentos e instalacións.

○ Ministerio de Defensa anunciou recentemente un proxecto de "mellora e modernización" das zonas de ataque da Escola Naval Militar de Marín para poder recibir, no prazo de tres anos, ás fragatas da OTAN.

Con isto pretenden adecuar as instalacións militares de Marín aos requisitos e estándares establecidos pola OTAN, mediante a remodelación de peiraos, reconstrución de dársenas e dragados. Todo isto, segundo o Ministerio de Defensa, sen necesidade de estudos de impacto ambiental. O custe inicial está fixado en 2,5 millóns de euros e estas melloras das instalacións militares permitirán o uso por calquera dos estados integrantes da OTAN.

Este anuncio, mentres os países da Unión Europa ao servizo do Imperio están involucrados nunha guerra contra Rusia na Ucraína e mentres colaboran coa agresión de USA e Israel contra o Irán, non é precisamente unha actuación encamiñada a conseguir a paz no mundo, nin a a dicirlle Non á Guerra. Pola contra colócanos nunha situación perigosa e convértenos nun futuro obxectivo militar.

Significa continuar poñendo ao servizo dos exércitos da OTAN instalacións militares. E non só a Escola Naval de Marín, tamén o radar do Monte Iroite, os aeroportos, o porto de Ferrol, etc. A isto tampouco é alleo o interese en incrementar a explotación mineira dos nosos recursos naturais.

Tal e como está Marín ben nós virían eses 2,5 millóns para facer investimentos máis produtivos, tamén virían ben para mellorar a sanidade e a educación pública, para garantir uns servizos sociais de calidade. Para moitas cousas que non foran facilitar as guerras imperiais.

Militarización do litoral

Outro anuncio relacionado co anterior, e que pasou máis desapercibido nos medios de comunicación, é o despregue por parte da Armada de 100 militares para vixiar as nosas costas.

Queren controlar o tráfico marítimo e para iso van mobilizar persoal, medios loxísticos e artillaría. Que necesidade hai de colocar canóns nas nosas costas? Será para bombardear as narco-lanchas como fai o goberno dos EEUU? Non será máis ben que se están preparando, e nós están pre-

parando, para un conflito militar de maior envergadura?

Non a OTAN, bases fóra.

O goberno "progre" sigue facendo os deberes que lle pon os EEUU. Como boa república bananeira España cumpre o incremento do gasto militar, así o recoñeceu a OTAN, e afonda na militarización da sociedade. Iso si, para disimilar executan un exercicio de prestidixitación co Non á Guerra.

Se realmente están en contra da guerra e pola paz no mundo deberían expulsar aos EEUU das bases militares e abandonar a OTAN.



Muebles del Río

Avda. Loureiro, 41
36930 Bueu, Pontevedra

Tel.: **986 320 236**

Movil: **633 401 169**

mueblesdelriosl@gmail.com

BAR PLAZA CANGAS

Rúa Méndez Núñez, 27 - Cangas



BRASERÍA

TAPERÍA SUSO

Toural nº30
VILABOIA

658 887 625
986 631 514



O BNG critica a xestión das obras do forte e o vial de praias

A formación nacionalista alerta a paralización e baixa execución das obras da senda entre Forte e Mogor e advirte dos problemas de seguridade e accesibilidade para a veciñanza, así como do posible risco de perda de preto de 600.000 euros de fondos europeos

O BNG solicitou información na última comisión informativa de urbanismo sobre a paralización das obras da senda peonil e ciclista entre a rúa do Forte e a praia de Mogor, unha actuación que foi presentada polo goberno municipal como clave para a mellora da mobilidade sostible. Segundo a información trasladada polo executivo local, a empresa adxudicataria, Oresa, ten paralizada a súa actividade debido á súa situación económica, o que impide continuar coa execución do proxecto. Cinco meses despois do inicio das obras, apenas se executou arredor dun 15% da actuación.

Ademais, a formación nacionalista denunciou as graves consecuencias que esta situación está a provocar na veciñanza. As persoas residentes na rúa do Forte sofren importantes problemas de accesibilidade e seguridade, con rúas levantadas e accesos limitados ás súas vivendas, mentres que a senda das praias permanece inutilizable, o que podería afectar á tempada de verán. O BNG lembra, así mesmo, que xa adver-



tira no inicio das obras do incumprimento de medidas de seguridade por parte da empresa construtora, así como das dificultades de acceso para a veciñanza afectada.

As obras da Rúa do Forte e o Vial de Praias Trátase dun dos proxectos máis importantes do Plan de Sostibilidade Turística, financiado polo Fondo de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Unión Europea, cun inves-

timento de 564.113,26 euros. O BNG advirte de que a paralización das obras pode supoñer a perda de preto de 600.000 euros destinados a este plan, o que obrigaría ao Concello a iniciar un novo proceso de licitación.

Para o BNG, este non é un caso illado, senón unha mostra máis da falta de planificación e control do goberno municipal. Neste sentido, sinala tamén a paralización do proxecto do local

de ocio xuvenil e arquivo municipal no Antigo Liceo Casino desde 2023, os retrasos e sobrecustes nas obras de saneamento do Lameira, así como as modificacións constantes nas obras do Centro Cultural.

Ante esta situación, o BNG esixe ao goberno municipal maior rigor na planificación e execución das obras públicas, así como transparencia na información sobre o estado dos proxectos.

MotoJard
Bueu

*Venta y reparación de
maquinaria agrícola y motos*

Francisco Escaneo, 13 - Bueu
Taller: 986 322 826



**AGRÍCOLA
SEIXO**

Patatas - Semillas - Piensos - Cereales
Abonos - Plásticos - Aves - Forrajes

986 704 102 | 654 022 374

Avda. Doctor Otero Ulloa, nº 62 bajo - Seixo - MARÍN

AutoRos
Taller Multimarca

Rúa Tobal, 76 - San Roque - Cangas

Antigos Talleres Móvil, ao lado de Don Hotel

986 30 56 73 - 626 14 45 96

reproautoros@hotmail.com

aturuxobar

[HTTP://ATURUXO.NET](http://aturuxo.net)

Pazos Fontenla, 59 - Bueu



xardinería bueu

Tel. 628 330 567
xardineriabueu@gmail.com

- Deseño e mantemento de xardíns
- Podas de árbores
- Tratamentos fitosanitarios
- Traballos verticais
- Sistemas de rego

BAR UMIA
-TAPAS Y BOCADILLOS-



Almuiña, 14 | Tel. 986 88 13 43 | 36900 MARÍN (Pontevedra)

**Floristeria
FAUNAFLORA**



Composiciones Florales
Para todas las ocasiones
Servicio a Domicilio

Tel. 986 32 10 18
Mov. 669 45 54 29

Pazos Fontenla, 48
BUEU

Taller de relaxería e xoiaría




Angel Rodríguez

Pablo Iglesias, 18
CANGAS

☎ 986 30 58 36 📱 617 64 03 77

Implicados coas Letras Galegas porque
a nosa lingua é unha xoiá preciosa

Na túa xoiaría de confianza



Velada de Boxeo en Baiona

SKT TEAM LUCIANO PRESENTA:
BOXEO PROFESIONAL EN BAIONA

BOXEO PROFESIONAL
PABELLON MUNICIPAL DE BAIONA
25 ABRIL APERTURA 19:00H
DONATIVOS: ANTICIPADAS 15€
TAQUILLA 20€

Logos of sponsors: GAZ, BAFAR, tyrel, FERRETERIA AMORIN, VTB, AGT, MONTE REAL, GOMEZ, BOCATERIA, C/ Diego Sarmiento Acuña, 12, 36380 Gondomar, O ROSAL.

“Animo a todos os lectores e lectoras a que se acheguen o próximo día 25 ao pavillón de deportes de Baiona a desfrutar dunha magnífica velada de boxeo”

Antonio Conde Fernández, Promotor

O sábado 25 de abril ás 19:00 h o pavillón de deportes de Baiona acollerá unha velada de boxeo na que se disputarán 11 combates. Nós conversamos cun dos promotores, o hostaleiro baionés Antonio Conde que xunto co adestrador vigués Luciano, de “ Luciano Team” son dous grandes impulsores deste deporte na vila de Baiona. Velaí vai o que deu de si a nosa conversa

Canto tempo levas no mundo dos deportes de loita?

Eu comecei a practicar full contact no ano 1980.

Incluso chegaras a ser deportista de elite

Fun campión de Europa na miña disciplina en 1983

Nese momento que chegaches a acadar un campionato de Europa podías vivir do deporte?

Non, nin antes nin agora. Non se pode vivir do noso deporte. Eu coñecín a deportistas mellores ca min e nin sequera eles puideron vivir do deporte. No mundo da loita por moi deportista de elite que sexa un, é necesario buscarse outra saída profesional.

Cando deixaches a práctica deportiva?

Hai arredor de 30 anos. Agora comecei de novo a botar unha man cando o meu fillo Adrián decidiu practicar boxeo hai arredor de cinco anos.

En que categoría compite Adrián?

Compite en neo, que é unha categoría inmediatamente inferior á profesional. El, se quixera podería ser profesional pero por mor do seu traballo non quere selo.

E ti que fas exactamente?

Eu bóttolle unha man ao seu adestrador, Luciano, un adestrador magnífico dos mellores de Galicia, e tamén colaboro na organización de combates.

Pronto teremos unha nova velada

Efectivamente, o sábado 25 de abril ás 19:00 h no pavillón de deportes de Baiona.

Pronto veremos unha nova velada

Haberán 11 combates, tamén pelexará o meu fillo pequeno que, como o seu irmán, decidiu meterse no mundo do boxeo.

Son 11 púxiles de Luciano Team?

Non, son creo que 9 ou 10 que pelexarán contra rivais de distintas partes de Galicia e Portugal.

Coser e Bordar

- * Curso Corte y Confección
- * Curso Calceta y Ganchillo
- * Bordados a máquina
- * Complementos bebe

C/ Párroco Mariño, 10
Gondomar - Telf. 986 38 90 90
coserebordar.com
info@coserecrear.com

New Tekes
Bocatería - Cafetería

Telfs.: 986 38 98 66
628 11 66 34 Ana
newtekes@gmail.com
c/ Diego Sarmiento Acuña, 12
36380 Gondomar

TABERNA A CAPELA

-MENÚ DEL DÍA - COMIDAS Y CENAS-
Plaza Santa Liberata, 7 (Frente a la Iglesia)
36300 baiona (Pontevedra)
Telfn: 986 385965 - 685 135 540

NUEVA TAPERÍA La Abuela
DESDE 2010
Sabores Tradicionales

C / San Lorenzo, 22 (Esq. de Diego carmona)
36300 Baiona (Pontevedra)
Telfn: 986 385 115 - 685 135 540

A competición é oficial?

Non, é amistosa pero inclúe combates profesionais.

Que expectativas de asistencia tes?

As expectativas son moi elevadas. En maio do ano pasado fixeramos outra velada, tamén no pavillón municipal de Baiona, e achegáronse arredor de 700 persoas. Tendo en conta que o aforo dese pavillón estará nunhas 900 persoas aproximadamente, quedáramos moi satisfeitos. Este ano agardo repetir ou incluso superar a asistencia do ano pasado pois a calidade dos boxeadores que competirán é superior aos da anterior velada.

Moitos deses púxiles competirán na clasificación para o campionato de España que se disputará en Ferrol.

Canto vale a entrada?

Vale 15€ en venda anticipada e 20€ no despacho de billetes

Como se financia a velada?

Coa venda das entradas, non temos ningunha outra fonte de financiamento.

O concello non colabora?

O concello colabora deixándonos o pavillón de balde. Hai outros concellos nos que che cobran 100€ a hora por deixarnos as instalacións. Pero achega económica non nos fai ningunha

Vémonos o 25 Antonio

Moitas grazas. Só me queda aproveitar a oportunidade das vosas páxinas para animar a todos os lectores e lectoras a que se acheguen o día 25 ao pavillón de Baiona. Van desfrutar dun magnífico espectáculo dun deporte nobre, emocio-

nante e de grande complexidade técnica, que achega valores moi necesarios non só para a práctica deportiva senón tamén para a vida diaria.

A presión social obriga a carrero a descartar o novo emprazamento do punto limpo

Anxo Baz (BNG): "A improvisación e a incompetencia deste goberno obrigan a cambiar por segunda vez o emprazamento do punto limpo"

A Guarda

A presión da veciñanza obriga a Carrero e o seu goberno a dar marcha atrás no seu intento de emprazar o punto limpo na rúa Maceiras. É a segunda vez que este goberno ten que suspender o cambio de ubicación do punto limpo. A primeira vez xa tiveran que paralizalo porque fixeron un proxecto para construílo en terreos que eran propiedade do Concello do Rosal.

O portavoz do BNG, Anxo Baz, manifestou "Carrero non ten criterio e cada día que pasa dá unha mostra máis da súa incompetencia. A primeira vez fixo un proxecto para colocar o punto limpo nuns terreos que non eran da Guarda e agora compra outros terreos

que non son os idóneos para unhas instalacións destas características que atoparon unha forte oposición veciñal que os obrigou a paralizar novamente o traslado do punto limpo".

O nacionalista tamén indicou "Carro dilapida os cartos dos guardeses e guardesas sen criterio de ningún tipo. Nesta ocasión van malgastar cerca de 40.000€ nuns terreos que non teñen utilidade para o concello. Estamos diante dun goberno sen proxecto, sen dedicación que anda dando tombos dun lado para outro e que reduce a súa acción de goberno a ocorrencias deste tipo que tratan de disimular cunha campaña permanente de publicidade "



La Vitrola
RESTAURANT

C/ Rosalía de Castro, 11 GONDOMAR
Tel.: 986 36 99 83 Móvil: 606 897 159

FRUITAS VILAR PATACAS



Fruiterías en Vigo e Feiras de Padrón, Redondela, Sabarís, Tomiño e os xoves no mercado municipal de Tui

Eladio Costas, S.L.
Correduría de Seguros y Asesoría de Empresas

C/ San Benito, 5
36380 - Gondomar
986 384 433
costasasesoria@gmail.com



NOELIA GOCE VICENTE
Arquitecta col. 4807
Estrada Vista Alegre 130 bajo izq.
Oia_ Pontevedra
Telf. 650 779 495
goce.arquitectura@gmail.com



HOTEL * * RESTAURANTE

A QUEIMADA

info@queimada.com www.queimada.com

PRAZA DA CARRASCA, 5 NIGRÁN
986 350 307 - 986 350 380

Peixaría Oia
Do mar á túa casa.
Visítanosij



Estrada de Vista Alegre, 165 (Oia)



O terror capitalista

opinión

Francisco Álvarez "Koki", escritor

8 de marzo: Os gobernos terroristas de Estados Unidos e Israel, aproveitando as negociacións que Irán cría que ían en boa dirección, lanzaron un ataque sorpresa nas cidades iranianas nas que se atopaba unha escola con máis de 150 rapazas, as que masacraron segundo eles en defensa propia. Sabemos que mentres estaban negociando xa estaban preparando os ataques.

Ese acto de traizoar a palabra, recordoume algo da miña infancia. Recordoume que nas películas de vaqueiros contra os indios, aos que tamén lles roubaron todas as súas pradeiras, os indios dicían que o home branco tiña unha dobre lingua, xa que os americanos cando lles daba a gana. Os indios terminaron sen terras e sen deuses. Foron asasinados e confinados en reservas. A min gústame o refraneiro



popular e voto man del cando podo porque case sempre ten a razón. "Non hai peor cuña ca da propia madeira"

. Por iso este cabezón de Trump fillo da emigración, odia a todo mundo. O seu primeiro mandato foi un aviso, que non soubemos escoitar. Esta é unha lección para os que non fan caso e non van votar. Á política chegou unha enxurrada de pallasos atrevidos que nin saben a historia da humanidade nin queren sabela.

O terrorista Trump e o

terrorista Netanyahu, dende o día que comezaron a asasinar a palestinos, iranianos e embarcacións no caribe venezolano cambiaron a orde internacional. Agora o planeta é unha terra sen lei, é a lei do máis forte. Pero a imaxe tan triste e vergonzosa, é a dos patriotas que venden a patria, que convidan a estes terroristas as súas prazas onde teñen poder. Todos sabemos quen son e de onde veñen. Posiblemente empezando polo vaqueiro Aznar e terminando con Feixoo! (o pesca merluzas) ignoran a historia do seu propio país e para mostra diso só fai falla lembrarlle que na desfeita de 1898, os ianquis voaron eles mesmos e cos seus cidadáns dentro do barco o USS. Mai-

ne. Escusa para declararlle a guerra a España e roubarlle as illas de, Cuba, Porto Rico, Filipinas e Guam. Eu nunca comprendín porque a terra ianqui, lle chaman a terra da liberdade. Hai que recordar a guerra de Vietnam e a bomba atómica. Aquí nós en USA, os que loitaron polas defensas das liberdades, foron unha minoría branca, os negros e os hispanos. O poder é o capital sempre controlou as nosas vidas dende Wall Street. Hoxe 28 de marzo, escribo dende Nova York despois de chegar a casa da inmensa manifestación que lle fixemos a Trump. Nova York é terreo agreste pra Trump, porque aquí cada un é fillo da súa terra e estamos aquí para frear a este farsante. Hoxe miles de persoas camiñamos pola 7 Avenida berrando pola Liberdade ante o fascismo que nos queren impoñer. Estados Unidos está sentando as bases para converter estas agresións nunha terceira guerra mundial. Lembremos que calquera orde que saia da Casa Branca é unha orde ilegal e inconstitucional. Cada dúas palabras que saen pola boca de ese delincente, ou son de ameazas ou de mentiras. O slogan da manifestación de hoxe contra Trump e a súa camarilla era "NO KINGS" . SIN REIS. Non sei xusto cantos éramos, pero posiblemente había máis de 100.000 persoas. Cara a un futuro inmediato, hai un longo e necesario debate, pero coidado mañá pode ser tarde.

Nivaria
centro de fisioterapia

Alberto Carrera Blanco
Nº Colex 2328

Rita Cabeza González
Nº Colex 2294

Tel/Fax: 986 622 839
Móbil: 677 040 683

fisionivaria@gmail.com

Rúa Gondomar 59 baixo C.C.P 36740
Tomino-Pontevedra.

café bar

A cultural de Guillarei

sala de xogos - terraza - bocadillos

A Gándara-Guillarei-Tui 627 407 853

ROCHA
SUMINISTROS

SUMINISTROS PARA LA CONSTRUCCIÓN

www.rochasuministros.com

✉ C/José Mº Sexto 31, A Gándara
36780 A Guarda, Pontevedra

@ info@rochasuministros.com

☎ Tfns. 986 61 42 90 y 673 839 881



Xeito
ESPECIALIDADES

Pimientos Rellenos de Marisco
Pescados y Mariscos de la Costa
Bogavante con Arroz
Zamburiñas a la Plancha
Entrecot de Buey
Parrillada de Pescados
Postres Caseros

Rúa Fernández Albor, 19 (al final del puerto) - 36780 A GUARDA (Pontevedra)
Telf. 986 610 474 - Reservas: 659 984 234

GRACIAS POR SU VISITA

Letras Galegas 2026: Begoña Caamaño.

Begoña Caamaño: a escritora que reescribiu os mitos para darlle voz ás mulleres.

Como cada ano desde hai 63 anos, o vindeiro 17 de maio celébrase o Día das Letras Galegas para recoñecer e homenaxear a unha figura destacada da literatura galega, así tamén como para reivindicar e promover o uso e a importancia do galego na cultura e na sociedade, a súa difusión e axudar a que novas xeracións coñezan a literatura do noso país.

A data escollida, o 17 de maio, conmemora a publicación en 1863 de Cantares Gallegos da grande Rosalía de Castro, unha obra que marcou o inicio do Rexurdimento, é dicir, a recuperación da lingua galega como lingua literaria.

O Día das Letras Galegas foi creado en 1963 pola Real Academia Galega, coincidindo co centenario desta publicación. A persoa homenaxeada debe escribir en galego e levar polo menos 10 anos falecida.

Este día é festivo oficial en Galicia. Mobiliza escolas, medios e institucións e sempre fan algún traballo ou exposición para dar voz ás persoas homenaxeada para que, tanto elas, como as súas obras sexan recoñecidas e non esquecidas.

Nos últimos anos estéselle dando o recoñecemento que se merecen as autoras, igual que darlle voz non só aos autores clásicos, e tamén a xornalistas, editores e editoras, artistas ou activistas culturais.

A presenza de mulleres foi sempre baixa, pero está a medrar nestes últi



Begoña Caamaño nunha imaxe da RAG

mos tempos e desde o 2021 déuselle voz a autoras como Sela Arias, Luisa Villalta e, este ano, a Begoña Caamaño que se converte na sétima muller en obter este recoñecemento. Todas elas tiveron unhas liñas neste xornal para así darlle visibilización feminina a cultura galega.

A autora homenaxeada no Día das Letras Galegas deste 2026, Begoña Caamaño, nace como unha das figuras máis especiais do xornalismo e da literatura galega contemporánea, e deixa un legado comprometido como novelista, feminista, xornalista e defensora dos dereitos das e dos traballadores deste país.

Begoña naceu en Vigo, no barrio do

Calvario, en 1964 e faleceu moi nova en Santiago de Compostela en 2014, con tan só cinco décadas vividas.

Caamaño desenvolveu a maior parte da súa carreira como xornalista en medios radiofónicos. Comezou en Radio Noroeste e Radio Popular e a finais dos anos oitenta entrou na Radio Galega. Desde alí construíu un estilo propio, destacando polo seu rigor, compromiso ético e defensa firme da lingua galega. Non se limitou a contar a realidade: interpretouna, cuestionouna e puxo o foco nas marxes. Na Radio Galega, ideou e dirixiu os programas Andando a Terra, Club Cultura e Expreso de Medianoite,

ademais de ser parte do equipo do Diario Cultural.

O seu traballo estivo tamén atravesado polo compromiso laboral e o activismo social. Xa desde a súa vida de estudante comezou coas protestas estudiantís que reclamaban descontos no transporte público cando cursaba 3º de BUP. Logo de adulta, participou activamente na defensa dos dereitos das traballadoras e traballadores dos medios públicos, convencida de que o xornalismo debía estar ao servizo da cidadanía. No ámbito sindical, chegou a ocupar o cargo de presidenta do Comité Interempresas da CRTVG.

O feminismo non foi para Caamaño un tema, senón unha forma de estar no mundo. Participou en espazos como Mulheres Nacionalistas Galegas e a Marcha Mundial das Mulleres.

A súa entrada na literatura produciuse relativamente tarde, na que só formou parte durante cinco dos últimos cinco anos da súa vida, pero deixounos un enorme impacto e dúas grandes obras: Circe ou o pracer do azul (2009), Begoña reinterpreta as figuras de Circe e Penélope, a amante e a esposa de Ulises da na Odisea para explorar o desexo, a liberdade e a identidade feminina. A obra supuxo unha revelación dentro da literatura galega.

Tres anos despois publicou Morgana en Esmelle (2012), onde retoma o ciclo artúrico para construír un universo narrativo no que as mulleres deixan de ser secundarias e pasan a ocupar o

Mueble juvenil
Armarios empotrados
Tapizados
Mediciones
Proyectos

www.mueblesousa.com
sousamuebles@gmail.com

muebles
descanso

Rúa Galicia, 52 - 36780 A GUARDA
Tel./Fax: 986 61 04 07

MANEL RIVEIRO

PELUQUER@S · ESTÉTICA

30 AÑOS

DESDE 1995

986 621 077

Avd. Ordóñez, 27
36750 Cotán - Tomiño
Pontevedra



Excmo. Concello de Tui

centro do relato. A novela foi amplamente recoñecida pola crítica e consolidou a súa voz como unha das máis orixinais da narrativa contemporánea. Obra pola que recibiu o Premio da Crítica Española.

En ambas obras expón a necesidade de revisar os relatos herdados para cuestionar as estruturas de poder patriarcal que os sosteñen.

En 2017, a Deputación de A Coruña crea o premio Begoña Caamaño, que distingue a unha persoa, entidade, colectivo ou proposta artística comprometida coa igualdade de xénero desde o ámbito da cultura.

En 2019 o concello de Santiago de Compostela, nomeouna filla adoptiva da cidade e púxolle o seu nome ao parque situado detrás dos xulgados do barrio de Fontiñas.

A elección de Begoña Caamaño como figura central do Día das Letras Galegas 2026 supón non só un recoñecemento institucional, senón tamén unha oportunidade para redescubrir unha obra que segue plenamente vivente nun contexto no que o debate sobre igualdade, memoria e identidade continúa aberto e ultimamente está a ser cuestionado e vilipendiado, a súa voz resulta especialmente necesaria.



Os poemas de **Mar Míguez**

Se sobera

Si sobera de que cor pintar o poema que quero escribirche...
 Si sobera que consolo presentarlle as bágoas que te persiguen...
 Si sobera...
 Si sobera que cada instante importa, cada momento, cada lugar...
 O mundo viraría fermoso,
 coas flores de novo a agromar.
 Os medos non terían sitio,
 os silencios non volverían mandar.
 Si sobera que somos instantes que de súpeto poden acabar,
 sairía a gritarlle ao mundo...
 - Vivide, vivide hoxe!!
 Non o deixedes para mañan!!

TINTORERÍA LAVANDERÍA MOISÉS
 986 610 503
 Concepción Arenal, 34. A Guarda

RenovaPhones
 Reparación y venta de telefonía
 Informática y Consolas
www.renovaphones.es
 Venta de Consolas de segunda mano

MÁSMÓVIL

XIAOMI

C/ Concepción Arenal nº36 bajo - 36.780 - A Guarda - Telf: 986184101 - info@renovaphone.es

grupo Cromata s.l.

- Pinturas
- Barnices
- Armarios Empotrados
- Tarima Flotante
- Papel decorativo

el. Baiona, 9 bajo B A Guarda (Pontevedra)
 Telf. / fax: 986 610 108 cromata@mando-r.com

Podopies
 Alicia Castro Rodríguez
 Colegiado Nº 908
 RGS C-36-002659

C/ Tomiño, 4 bajo izq
 36780 · A Guarda · Pontevedra
 986 184 913 · 680 466 615
 podopies17@gmail.com

BALPI
 CORTINAS · ENROLLABLES · TAPICERÍA · COLCHONES

PABLO BALDONEDO BARROS
 639 585 714 / 986 62 12 74
 Avd. Ordoñez 26 / Goián - Tomiño
 balpigoian47@gmail.com

telephon Servicio Técnico
 Son | Imaxe | Antenas

986 625 240
 699 384 905
 Ramón Franco, 13 | Galerías O Rosal



A crise da vivenda: que facer?

opinión

Lino Costas, Esquerda Unida

A ctualmente estamos a vivir a segunda crise da vivenda no que vai de século. Se a primeira se caracterizou por unha burbulla especulativa que acabou con milleiros de desafiuzamentos e co rescate de entidades bancarias con cartos públicos, esta segunda caracterízase pola cada vez maior dificultade da clase obreira para acceder a unha vivenda na que poñer en marcha o seu proxecto de vida.

O problema actual do acceso á vivenda non é soamente o incremento do seu custe, se non que este se suma ao enorme incremento do custe da cesta básica. O prezo de venda da vivenda en Galicia durante os últimos cinco anos aumentou un 2% e o do aluguer, empuxado en boa parte polo auxe dos alugueres turísticos, un 35%. A isto hai que sumarlle o incremento do custe da cesta básica que, dende o 2019 aumentou un 45%. Un aumento de custes que, por suposto exceden con moito o dos salarios, que de media aumentaron en Galicia nos últimos cinco anos un 16%. Este panorama danos unha idea das di-

ficultades ás que se enfrenta a clase obreira nestes días. Sobre todo para quen ao incremento xeral do custe da vida ten que engadirlle o custe dunha hipoteca ou aínda peor, dun alugamento.

Ante esta situación, o Goberno de España estableceu algunhas medidas, coma a de regular o prezo dos alugamentos nas chamadas zonas tensionadas, medida xa de por si modesta e a maiores boicoteada polas comunidades gobernadas polo PP. Un exemplo en Galicia o temos no que acontece no Concello de Compostela, co Goberno Municipal tentando declarar o Concello coma zona tensionada e a Xunta de Galicia poñendo atrancos para elo. Logo está tamén o anuncio que fixo o PSOE a inicios de ano de outorgar unha bonificación do 100% no IRPF con respecto a os alugamentos que non aumentaran de prezo. Unha medida claramente insuficiente e que ademais incrementa o negocio da vivenda reducindo os ingresos do estado. Ou tamén a medida de emerxencia aprobada polo Consello de Ministros ante a presión de Sumar, de prorrogar os alugamentos actuais que rematen antes de decembro de 2027. Medida esta que previsiblemente non será validada no Congreso dos Deputados debido á negativa das distintas dereitas e que o PSOE xa deixou claro que non está disposto a defender.

Neste sentido é de saudar a idea lanzada polos Ministros de Sumar de

facer un Parque Público de Vivenda non a través da nova construción, se non da adquisición de vivenda baleira, que supón no conxunto de España o 14% da vivenda construída e ata o 30% en Galicia.

Pero para facer realmente fronte ao problema e garantir á clase traballadora unha vivenda digna non bastan con medidas que, aínda que adecuadas, son claramente insuficientes e que non van a supoñer unha gran diferenza. Temos que comezar por sinalar o problema de fondo: a vivenda non é a día de hoxe principalmente un ben de uso, se non un activo de inversión. A clave para reverter a situación é que a vivenda deixe de ser un medio para acumular capital e patrimonio e extraer rendas. Todas as medidas arredor da vivenda deben ser consideradas dende o punto de vista da súa utilidade social.

Son necesarias medidas valentes. Medidas que fagan que a vivenda deixe de ser un activo financeiro rendible. Entre elas, regulacións tanto dos prezos dos alugueres como das vendas, impostos progresivos ás vivendas baleiras, prohibición de compra de vivenda residencial ás empresas, penalización das vendas á curto prazo, necesidade de autorización administrativa para a adquisición a partir da terceira vivenda ou expropiación da vivenda que permaneza baleira durante dez anos ou máis, entre outras medidas que se poderían implementar. Medidas claras e efectivas que irían contra o negocio e a favor das condicións de vida da clase traballadora. "Soamente" necesitamos un goberno que non estea aliñado cos intereses do negocio da vivenda.

O Concello de Tui apoiará aos deportistas tudenses que participen en competicións internacionais cun total de 15.000€

Tui

O Concello de Tui apoiará un ano máis ás e aos deportistas que neste ano 2026 participen en competicións federadas de ámbito internacional. O pasado xoves publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o extracto das bases reguladoras para a concesión destas becas.

Os e as deportistas tudenses terán de prazo ata o 16 de outubro para presentar a solicitude, a través de sede electrónica do Concello de Tui. As bases e o formulario de inscrición está accesibles na web municipal www.tui.gal

Este ano o Concello de Tui mantén a partida de 15.000€ para estas becas. O obxectivo é facilitar a práctica deportiva e a participación nas competicións internacionais dos e das deportistas tudenses valorando a súa especial dedicación ao deporte e, á súa vez, á difusión que realizan da Cidade de Tui naqueles eventos deportivos de carácter internacional.

No ano 2025 foron nove deportistas tudenses becados, as padeeiras Lara Feijóo, Tania Fernández e Nuria Romero, os padeeiros Iván Alonso, Matías Valentín Otero, e Manuel Garrido, as remeiras Carlota González e Vera Álvarez e o remeiro Jesús González.

Gescon
 ASESORIA FISCAL LABORAL CONTABLE SEGUROS
Carlos González Benítez
 Avda. Pio Troncoso Nº 2 Baixo
 Goián
 986 609 702

Roupa Paredes

 Rúa A Guarda, nº 8 - Tomiño
 Telf.: 986 62 20 79 - Móbil: 605 033 463


ARQUITECTO TÉCNICO
JUAN ANTONIO GONZÁLEZ BARBOSA
 Rua A Roda nº61 A Guarda
antoniogonzalezbarbosa@coatpo.es
 648 44 92 99


Casa Telleiro
 DESDE 1984
 CASA TELLEIRO, EN TOMIÑO, A CARÓN DO SANTUARIO DE SAN CAMPIO DE FIGUEIRÓ


986 621 298

Bicentenario da Parroquia de San Xoán de Tabagón (1826-2026)

Por *Joaquín Miguel Villa Álvarez*

Este ano 2026 conmemórase o bicentenario da Parroquia de San Xoán de Tabagón, no Concello do Rosal, unha circunstancia que non pasou desapercibida para a actual comisión de festas que o vai celebrar na festividade de San Xoán do 24 de xuño. Esta freguesía botou a andar tal día coma hoxe fai douscentos anos, o 31 de marzo de 1826, cando tomou posesión da mesma o seu primeiro párroco D. Manuel Francisco Truyteiro. Así figura na primeira páxina do libro primeiro de casados (1826-1854): «Libro de casados de San Juan Bautista de Tabagón, formado por D. Manuel Francisco Truyteiro, primer abad de esta parroquia de nueva erección de la cual se ha posesionado en 31 de marzo de 1826». E tamén o dicía en 1852 o historiador Ávila y La Cueva na súa monumental historia do bispado de Tui: «El 31 de marzo de 1826 tomó posesión el nuevo Abad D. Manuel Francisco Truyteiro y empezó desde entonces a bautizarse, casarse y enterrarse en la nueva iglesia y tuvo principio la formal desmembración [das parroquias de Eiras e San Miguel]. Un feito que era a culminación dun longo proceso iniciado a finais do século XVIII.

O territorio da nova parroquia, situado á entrada ao esteiro do río Miño vindo dende Tui, era coñecido dende antigo como «Os mixtos de Tabagón e as Eiras», dado que, dende un punto de vista relixioso, pertencía ás freguesías de San Bartolomé das Eiras e San Miguel



Fotografía cortesía de María Cristina Lomba Álvarez

de Tabagón. Non obstante, dada a situación bastante afastada das dúas igrexas parroquiais así como a proxección económica e social, os veciños do lugar foron desenvolvendo unha personalidade propia que lles fixo sentir a necesidade de ter a súa propia parroquia. Debeu ser cara o 1780 cando ditos veciños presentaron ao bispo de Tui a súa vontade de constituírse en parroquia independente. O bispo trasladaría esa proposta ao goberno do Estado o cal fallaría ao seu favor en varias Reais Ordes (1784, 1795 e 1796). Nesas tres disposicións prevíñase a erección dunha nova parro-

quia no lugar dos Mixtos, e a dotación do seu párroco cos beneficios simples das freguesías das Eiras e San Miguel, quedando reservado o seu produto para a construción da nova igrexa, altares e o demais necesario.

Asegurada así a fonte de financiamento, as obras da nova igrexa comezarían no ano 1804, estando a cargo do mestre de cantería Pedro Pérez, veciño de Santa María de Oia. A construción do templo estaba xa moi avanzada e case rematada cando tivo que suspenderse no ano 1808 pola invasión francesa. Sen embargo, finalizada dita invasión, o

grave enfrontamento do contratista co apoderado dos veciños José Martínez Verdeal fixo que en 1813 Pedro Pérez desistise de acabar a obra. Así foi como ao ano seguinte, en 1814, para dar fin ós traballos foi contratado o mestre de cantería José Manuel Palón, natural de Portugal e veciño de Lanhelas, quen axustou as obras de cantería, carpintería e pintura que faltaban, dándoas por rematadas en setembro de 1816.

Construída a igrexa, o 11 de xullo de 1820 o bispo de Tui D. Juan García Benito decretou a erección da parroquia, separándoa definitivamente das freguesías de San Miguel de Tabagón e as Eiras, e dándolle por santo titular a San Xoán Bautista. Finalmente, o Rei Fernando VII confirmou dita erección por medio da Real Cédula Auxiliatoria datada en Aranjuez o 19 de abril de 1822. E como xa mencionamos ao principio, a inauguración da nova parroquia foi o 31 de marzo de 1826 cando tomou posesión dela o seu primeiro párroco.

No ano 1926 tivo lugar o centenario da parroquia, formándose daquela unha comisión de festas para celebralo por todo o alto o día do padroeiro San Xoán Bautista. E tamén quixeron deixar un recordo en beneficio do pobo mesmo: a reconstrución e urbanización do camiño que dende a carreteira ía ata a igrexa parroquial e o campo de festas, tal e como aparece na fotografía que acompaña estas liñas. Un camiño ao que, nas festas da Virxe da Saúde e San Blas, se accede polo famoso «arco de Tabagón».



BOCATAS, PLATOS COMBINADOS
TERRAZA, APARCAMIENTO
ZONA INFANTIL

GUILLAREI - PONTENOVA 10 B
986 60 17 96

ATLÁNTICO
SUPERMERCADO

CALIDADE
BO PREZO
AMPLIO SURTIDO
SERVIZO E ATENCIÓN
PROXIMIDADE

GOIÁN
ORDÓÑEZ, 22
Telf: 986 62 00 28



Telf: 986 621 110
667 932 855
C/ Centinela
36750 - GOIAN



MASTER

CADENA

MASTER LA GUARDIA

986 611 973

C/. Manuel Alvarez, 20 - A GUARDA

www.mastercadenas.es

laguardia@mastergalicia.com

MASTER

CADENA

MASTER TOMIÑO

986 622 147

Rúa Gondomar 59 - TOMIÑO

www.mastercadenas.es tomino@mastergalicia.com

NEW MASTER

CADENA

© 986 953 442 - 696 645 020

C/ SANJURJO BADÍA Nº 108 - VIGO



Antón Xaque, veciño da vila

Cousas de Salvaterra

Guerra con Portugal. (Ven de Xaneiro/26)

historia

Corría o ano 1658. ...os prisioneiros foron douscentos cincuenta, entre eles estaban o Sarxento Maior Antonio Nunes Preto, once Capitáns de Infantería, cinco pagos e seis de Auxiliares, durou a contenda de tres da tarde ata pechar a noite. Morreron dos inimigos trinta, entre eles o Capitán D. Joao Ozorio, ficaron feridos oitenta, entre eles o Comisario Xeral D. Joao Taboada, o Tenente Xeneral da Cabalería D. Tomás Ruiz, os Capitáns de cavalos D. André de Robles, D. Alvaro de Anaya, D. Antonio de Moscoso, D. Pedro Niño. O Marqués de Viana levado polos bos resultados, descansou o día seguinte, e deu lugar ó Conde de Castello-Melhor a tomar partido, e a salvar a pouca xente que lle ficara. Chamou a consello, e referiu nel o que todos tristemente testemuñaron. Dixo que a xente era pouca e os suministros menos, que o Marques de Viana vitoriosos sen dúbida atacaría aquel cuartel, incapaz de defenderse, pola falta de fortificacións e de guarnición, con que era preciso ceder a fortuna e escoller outro camiño menos arriscado que salvar aquel pequeno espazo, que era a única defensa de toda aquela Provincia. Todos os do Consello entenderon que a retirada era precisa, a aflición do Conde de Castell-Melhor era grande, e máis o saber que un traidor, André de Arenas axudante de cabalería, acusado de grandes delitos que polo visto tiña cometido no Reyno se pasara o inimigo, os Galegos.

Coñecendo o Conde de Castell-Melhor, que esa traizón había de facilitar ós Galegos o ataque ó cuartel, púxolle fogo na noite de vinte e un de Setembro, e retirouse ás serras de Coura distantes



dúas leguas do cuartel da Silva, sitio tan aspero que se xulgaba por inexpugnábel. A Artillería conduciuna a Valença o Capitán Diogo Pereyra. O Marqués de Viana animado das información de André de Arenas, determinou atacar o cuartel na mesma noite en que o Conde se retirou, e vendo que comezaba a arder, mandou acelerar a marcha pero non se atreveu a seguir ós que fuxían, triunfou só das cinzas do incendio.

Chegou o Conde ás montañas de Coura e rapidamente fortificou o paso da Ponte de S. Martiño e outros por onde consideraba podía haber perigo. Recolleu as guarnicións do Forte de Berhlé e da Atalaia do Sardal, postos importantes, porén era maior a necesidade de xente para seguranza do futuro inmediato. Informou feacemente á Raíña do grande risco en que se encontraba, causado polo pouco creto que se dera ós seus avisos, e persuadiu a Fernao de Sousa Coutinho, que contra as ordes que recibira de marchar a o Alentexo con o Tercio que levantara no Porto, acudise o Norte pola ameaza

de maior perigo. Fernao de Sousa aconsellado da mellor prudencia, cedeu a instancia do Conde e marchou para o cuartel de Coura con seiscientos Infantes, dando conta a Raíña, que aprobou a súa resolución.

O marques de Viana con mais vagar do que pedía o bo tempo que colleu, marchou co exército polo pé do monte do Faro, cuxas abas se extenden pola Campaña de Valença e a trinta de Setembro gañou postos sobre o Castelo de Lapela, situado na marxe do río Miño entre Valença e Monção, e ocupou un arrabaldo, que por non ter defensa, estaba desamparado. Este principio facilitou a resolución de dar un asalto ó Castelo na madrugada do dous de Outubro, máis foron rexeitados, con perda dun Sarxento Maior e vintecinco soldados.

Gobernaba Lapela Gaspar Lobato de Lanções, soldado de valor, porén máis cargado de anos que de experiencias, o que pronto se verificou resgardando dentro do Castelo moitas mulleres cos seus fillos, que acostuman ser incentivos de pouca constancia dos soldados na defensa das Prazas.

Vendo o Marqués de Viana o mal resultado do asalto, decidiu dar principio o sitio, e mandou construír unha ponte de barcas no lugar de Lagos de Rey. Comezaron as baterías de artillería a disparar contra o Castelo dende ambas partes do Miño. As balas non fixeron moito dano nas murallas, pero as que acadaron a xente bastaron pra render o Castelo.

Gaspar Lobato, perturbado do clamor das mulleres e dos infantes, asombrado do horror dos mortos e da ameaza dos galegos, ergueu a bandeira branca e rendeu-se con cento cincuenta soldados, tres pezas de artillería, grande cantidade de municións e suministros co que podería defender o Castelo moitos días.

Mandou o Marqués de Viana os soldados pra Galiza, as mulleres e pequenos pra Portugal. Recibiu a noticia o Conde de Castell-Melhor con abatemento, reaccionou amparado no varil espírito da súa muller a Condessa de Castell-Melhor, pasando o Miño e entrando no Val do Rosal con cento cincuenta soldados do Tercio de Rodrigo Pereyra, pero foron detectados de inmediato e desbaratados.

O Marqués de Viana, en canto gañou Lapela, marchou sobre Monção, onde chegou o sete de Outubro, entendendo que si gañaba aquela Praza, se lle entregaría a de Salvaterra, por ficar distante polo río abaixo menos de unha legua. Rodeaba Monção un muro antigo de cantería mal protexido. Unha parte do breve recinto dos muros tiña barbacana que guarnecía unha estacada, a outra cubría un arrabaldo sobre o Río que estaba fortificado con unha trincheira de terra. Na parte que ollaba a campaña víanse dous baluartes imperfectos. Tiñan levantado unha tenalla, construción de dúas caras, a que chamaban Forte de S. Antonio, que cubría una altura externa e pretendía defender a agua de una fonte, lugar de alto risco xa que moitos soldados antes de matar a sede atopaban a morte...

Proseguirá.

Joyería - Relojería
SANTATERESA

C/ Progreso, 80 - 36880 A CAÑIZA
Teléfono: 886 155 560
Mail: santatareixa@hotmail.com

MENTA POLEO
arte en flor

Servicio 24horas.

+34 629 505 958 | +34 986 659 288
Rúa Galicia, nº 2 36450 Salvaterra de Miño
info@mentapoleoartenflor.com
www.mentapoleoartenflor.com

Aridos do Mendo, s.l.

Tif.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos e Formigóns

De como o PP consolida o seu poder local

por **Tino Lago**



O reparto de fondos públicos por parte das distintas administracións está regulado por diversas disposicións legais. En concreto: -A Constitución Española- A Lei 47/2003 Xeneral Orzamentaria- A Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público- A Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público-A Lei 19/2013 de Transparencia e Bo Goberno.

Alén desas Leis estatais tamén cómpre mencionar a Lei de facendas locais e a Lei de Administración Local de Galicia.

Todas elas establecen que as distintas administracións están obrigadas a repartir os fondos públicos dos que dispoñan en base aos seguintes principios de reparto:

- 1-Eficiencia e Economía
- 2-Igualdade e Non Discriminación
- 3-Obxectividade e Interese Xeral
- 4-Publicidade e Concorrenza Competitiva
- 5-Transparencia
- 6-Sostibilidade Financeira
- 7-Mérito e Capacidade
- 8-Boa Fe
- 9-Non afectación orzamentaria

Este parámetros perseguen que todos os cidadáns e cidadás teñan os mesmos dereitos e igualdade de oportunidades á hora de recibir os fondos que financien os servizos e infraestruturas necesarias para poder vivir.

En ningunha disposición legal aparece que cando unha administración local estea gobernada por unha forza política diferente á administración que distribúe os fondos, sexa a administración estatal a autonómica ou a provincial, deba de ser castigada mentres que se se dá o caso contrario, é dicir que un concello sexa gover-

nado polo mesmo partido que o que está na administración que reparte os cartos, sexa a que sexa, este concello deba de ser premiado.

Porén, se nos tomamos a molestia de pesquisar a forma na que a Xunta de Galicia reparte os fondos, que debe repartir aos distintos concellos, veremos como esta administración algúns deses principios: Igualdade, Obxectividade, Non discriminación...non os leva o que se di moi ben. Nesta edición de ANP imos analizar o caso concreto do Concello de As Neves.

1º Parte: O Concello de As Neves.

Nas municipais do 2015 produciuse un cambio histórico na aritmética municipal, o PP perde a maioría absoluta e fórmase un goberno conxunto do BNG e o PSOE co nacionalista Xosé Manuel Rodríguez Méndez como alcalde deste concello. Por primeira vez na historia o nacionalismo logrou gobernar esta localidade.

Este goberno exerceu durante dos mandatos, desde o 2015 ata 2023. Nese ano o PP, cun candidato pouco coñecido que chegou a última hora, logrou recobrar a confianza maioritaria da sociedade local de forma un tanto inesperada. Houbo razóns que explicaron esta sorprendente vitoria desde logo, que si. Esas circunstancias non son, porén, o obxecto deste artigo. O BNG e o PSOE locais deberán facer autocrítica e corrixir os erros que puideran ter cometido se queren darlle unha viraxe á situación política e gañar ao PP no 27. Pero o que nos interesa agora é:

O que aconteceu despois

As Neves durante os 8 anos de goberno do BNG recibiu o que lle correspondía do Fondo de Cooperación Local. Neste caso

non hai nada que dicir, aínda que tamén é certo que á administración autonómica non lle queda outra que repartir eses cartos a todos os concellos galegos en funcións dos parámetros de reparto establecidos por Lei.

Pero das cantidades que a Xunta destina aos municipios o Fondo de Cooperación Local non supón máis que o vinte e pico por cento do total. A parte substancial das cantidades recibidas veñen **das subvencións e os convenios entre a Xunta e os distintos Concellos**, e alí está a parte espíñeta da situación.

Algunhas destas subvencións recíbeas o primeiro concello que presente o proxecto potencialmente subvencionable. E misteriosamente son sempre os concellos gobernados polo PP os primeiros que chegan na práctica totalidade de convocatorias.

Son avisados previamente?

Non teño nin idea desde logo, e afirmalo sería unha especulación gratuíta. Pero resulta moi curioso que sexan case sempre os concellos populares os que gañen ese tipo de subvencións.

Este situación é, de ser o caso, grave, pero non é o máis grave nas formulas de financiamento que utiliza a Xunta coa administración local. O que é realmente preocupante e si se pode comprobar empiricamente, lonxe de calquera tipo de especulación ou suposición é **o caso dos convenios que asina a Xunta cos distintos Concellos**

Os convenios e as actuacións directas da Xunta en espazos municipais que son competencia autonómica, son unha forma perversa de condicionar a vida econó-

mica dos Concellos.

No Concello que nos ocupa temos un caso flagrante:

O caso do cruce de Setados

Setados é unha parroquia das Neves situada na estrada que vai a Arbo. Accédese desde esa estrada, e a saída da parroquia para a estrada xeral é un perigo enorme, pois literalmente cando queres saír non podes ver os coches que veñen pola xeral. Hai que saír case por intuición.

A reivindicación de arranxar ese problema é previa á chegada do BNG no 2015 ao goberno das Neves. De feito había un proxecto redactado para executalo antes de que PP perdera a alcaldía no ano 15.

Que pasou cando o BNG chega a alcaldía das Neves?

O proxecto quedou nun caixón e paralizouse. O alcalde nacionalista das Neves pediulle á conselleira que naquel momento levaba esa área, Ethel Vázquez, arredor de media ducia de veces que a Xunta arranxara esa grave deficiencia, pois está nunha estrada que é da súa competencia. A resposta da conselleira foi sempre a mesma: Non.

O PP gaña as eleccións do 23 e recupera a alcaldía das Neves

Pero de súpeto hai un cambio que ningún esperaba e o PP recupera a alcaldía das Neves. E poucos días despois da vitoria a mesma conselleira que lle negara varias veces a un goberno do BNG arranxar o problema de Setados, anuncia que, agora si, o cruce de Setados vai ser por fin arranxado.

A campaña electoral

Na campaña electoral das municipais do 23, o candidato do PP, e agora alcalde Jose



LEIRAUTO

TALLER

Talleres Leirauto S.L.L. 

MECÁNICA EN GENERAL

CÁMBIO DE LUNAS

MANTENIMIENTO

NEUMÁTICOS

PRE ITV ...

986 657 255

648 606 300 

leirauto@gmail.com

San Roque 5B 36457

Leirado - Salvaterra

TOGUH'S

ZAPATERIA

Rúa Marqués de Viana Nº14
Salvaterra de Miño



audífonos

escoita®



PRUÉBALOS

GRATIS

escoita.gal

Vigo | Ourense | Redondela | Porriño
Pontareas | Tui | Tomiño | Salceda C. | Allariz

900 525 754 | escoita.gal
 tel.: gratuito

Manuel Alfonso, publicou un vídeo no que afirmaba que en cuestión de meses o problema de Setados ía ser amañado. Non foron meses pero o certo é que agora si está en camiño de amañarse.

Como o sabía Jose Manuel Alfonso?

Non parece verosímil pensar que o alcalde de As Neves teña facultades adivinatorias. Entón parece razoable pensar que o PP lle di ao entón candidato das Neves que se gañaba as eleccións ía arranxarlle o problema.

Se isto foi en realidade como parece, que diferenza hai entre ese modus operandi e aquel anuncio de Trump aos arxentinos de que só habería pasta se Milei gañaba as eleccións?

Ningunha, non hai ningunha diferenza. É esta unha forma democrática de xestionar os recursos públicos?. Parece evidente que non, non o é. Sería en calquera caso a utilización do diñeiro público para beneficiar a unha opción política en concreto.

As sendas verdes

Outra cuestión que chama poderosamente a atención é o caso das sendas que o goberno nacionalista das Neves propón á Xunta. Cal foi a resposta da administración autonómica?: Si, foi a de sempre: Non.

En paralelo en Salvaterra, concello gobernado polo PP, a Xunta si fai a senda



Día de feira nas Neves

entre Oleiros e Leirado. Por que nas Neves non, e en Salvaterra si?..Pois non parece moi difícil contestar cunha hipótese verosímil: porque nas Neves non gobernaba o PP e en Salvaterra si.

A estrada que vai a Leirado(Salvaterra) chega ata Taboexa(As Neves). Aproveitando as obras desa senda o goberno do BNG das Neves propuxo á Xunta que actuara nunha zona concreta de Taboexa,. A resposta da Xunta foi a mesma:Non.

As depuradoras

Esta foi outra proposta que casualmente recibiu a mesma resposta. O goberno do BNG das Neves solicita á Xunta actuar na depuradora de Liñares(As Neves) e

a resposta foi a de sempre: Non. En paralelo a Xunta si lle concede ao goberno de Salvaterra actuar na depuración do Mendo, pertencente ao termo municipal de Salvaterra e que apenas está a un quilómetro de distancia de Liñares. Por que a unha si e a outra non? A resposta déixovola a vós amigas e

governaba neses oito anos o PP e nun o BNG. Cos dous concellos PP asínanse arredor de 12.000.000 de € en convenios, 8 para Salvaterra e algo máis de 4 para Arbo e coas neves tan só 50.000€

Por que?

A resposta non resulta moi difícil de adiviñar. Que vaia na conciencia e na honestidade intelectual de cada lector e de cada lectora.

Como se soluciona?

Na urnas. Non hai outro camiño. Soluciónase sacando de todos os gobernos a quen administra desa maneira. A situación de suposto nepotismo é tan grave que remato este artigo cun episodio que describe á perfección a forma que ten o PP de acadar o poder local:

A Festa do Requeixo

Na Festa do Requeixo do 2023, a última co BNG na alcaldía, celebrada moi pouco antes de que o PP recuperase o Concello das Neves, apareceu Paula Prado con Jose Manuel Alfonso e tachán tachán un equipo da TVG...Que fixo este equipo da Televisión pública galega? cubrir a Paula Prado, cubrir ao candidato do PP ao longo de toda festa do Requeixo, e ignorar absolutamente ao alcalde das Neves naquel momento ou a calquera dos membros do seu goberno. Así é como o PP acada e consolida o seu poder local.

amigos lectores.

Os Convenios

Nos oito anos de goberno nacionalista nas Neves o goberno local só logrou asinar un convenio con Medio Rural para reformar, despois dos lumes, unha parte da Estrada que vai desde A Caíña ata O Pousadouro. O custe dese convenio foi de 50.000€

Porén en Salvaterra, neses mesmos oito anos, a Xunta asinou co Concello convenios por valor de 8.000.000 de €. En Arbo, outro concello gobernado polo PP, nese mesmo período de tempo os convenios asinados superaron os 4.000.000 de € Os tres concellos están seguidos, en dous



GALIPOR
 GALAICO PORTUGUESA DE REPARACIONES. S.L.
SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA
 Polígono Chan da Ponte P 14
 36450 Salvaterra de Miño
 986 658 257

asesoría terra
"Consultoría, Servicios Integrales en Asesoría, Organización, Planificación, Productividad y Eficiencia"

asesoría terra

INSTALACIONES AS NEVES

FONTANERÍA - CALEFACCIÓN Y GAS
MANUEL NÚÑEZ ÁLVAREZ
 986 667 012 | 608 884 729
 C/ Cruceiro, 11 Bajo 3. 36440 AS NEVES

Bugarín · Chan, 10
 36869 PONTEAREAS
Facemos Comida para levar
 986 66 15 19
 687 30 98 62

“Estou convencida de que no 2027 haberá cambio político en Salvaterra”

Patricia Mariño, candidata do BNG á alcaldía de Salvaterra

O BNG de Salvaterra ven de designar á avogada Patricia Mariño como candidata desta formación política nas eleccións locais que se celebrarán o próximo ano. Esta decisión adianta aos prazos que desde a formación política nacionalista teñen previsto para ir anunciando todos os seus candidatos e candidatas nos concellos galegos, e é un indicio evidente da situación estable e sólida que vive a agrupación local do bloque en Salvaterra.

A Nova Peneira distribúese en 35 concellos e se nalgún deles vemos necesario e verosímil que se produza un cambio de goberno é en Salvaterra. O seu goberno está absolutamente esclerotizado, non teñen nin modelo nin proxecto de futuro para o Concello e máis parece que o seu obxecto está en conservar o traballo dalgúns que viven da política que en mellorar realmente a vida da veciñanza. Patricia, a candidata do BNG é unha avogada a quen non lle fai falta a política para vivir. Ela é lúcida e sensata e afronta con ilusión a posibilidade realista de liderar o cambio que Salvaterra precisa.

A finais do mes de marzo fuches nomeada, de maneira unánime, candidata do BNG á alcaldía de Salvaterra nas municipais do 27. Que supón para ti ter recibido ese caudal de confianza dos teus compañeiros e compañeiras de militancia?

O BNG é un proxecto colectivo. As persoas pasamos, pero a visión da realidade que defende o bloque debe permanecer no tempo, sexan quen sexan as súas caras visibles. En calquera caso para min recibir a confianza da asemblea de Salvaterra é moi gratificante. Estou tremendamente honrada e só podoo dicir que penso seguir dando o mellor de min mesma para humildemente tratar de ser

merecedora do apoio que me brindaron os meus compañeiros e compañeiras.

O BNG ten fixado un calendario para ir definindo os distintos candidatos e candidatas. Van comezar polas 7 cidades cuxas cabezas de lista van ser anunciadas arredor do 25 de xullo, para logo ir fixando as candidaturas das vilas e pobos. Pero vós adiantastes os prazos. Por que?

Porque no proxecto local de Salvaterra témolo moi claro. Vimos traballando todo o mandato con moita intensidade e solvencia. Temos un equipo enormemente sólido do que é un inmenso pracer formar parte e estamos preparados e preparadas para todo desde xa.



Patricia Mariño

Salvaterra necesita un cambio?

Rotundamente si.

Por que?

O proxecto do PP está esgotado desde hai moito tempo. A pulsión que percibimos nas rúas da vila e nos camiños das aldeas é unha moi maioritaria pulsión de cambio. O desleixo do goberno é tan evidente que esgotou a paciencia da maioría social. E o goberno non fai nada para evitalo porque carece de modelo. Non ten follas de ruta de a onde quere chegar porque non ten obxectivos definidos. O único que fai este goberno, e para iso mal, é xestionar o día a día como poden.

En verdade esa pulsión de cambio pode percibirse nas rúas?

Percíbese con moita frecuencia. Nós baixamos á area desde o primeiro día e levamos unha liña de traballo consistente no contacto diario coa veciñanza de todos os currunchos de Salvaterra. E son moitísimas as persoas que se nos achegan a manifestarnos o seu desexo de cambio. E tamén nos damos de conta de que o noso traballo chega e de que a xente o valora.

O goberno do PP ten maioría absoluta. Nos 3 anos que levamos de mandato fixo algún intento por levar uns orzamentos a pleno?

Nin nestes 3 anos nin en todo o mandato anterior. Levamos cuns orzamentos prorrogados desde o ano 2017.

Estamos cun plan económico financeiro que incumpren sistematicamente e nestes momentos acumulamos unha débeda de máis de 5.000.000 de €. Se o pobo de Salvaterra

nos dá a súa confianza maioritaria e podemos acceder ao goberno, temos claro que unha das primeiras cosas que faremos será unha auditoría das finanzas do Concello para saber exactamente como estamos.

Desde o 2017 o goberno fixo algún intento por levar uns orzamentos a pleno?

Non, nunca.

Iso é moi estraño pois sempre tiveron maioría absoluta e teríanllos aprobado sen ningún problema. A que motivo o atribúes?

É puro e duro desleixo. É un indicio clarísimo do tipo de goberno que padece Salvaterra. Por outra banda ao prorrogar orzamentos a veciñanza nunca pode saber exactamente en que se invisten os seus cartos.

Podes afirmar taxativamente que a situación económica do Concello é mala?

Si, por desgraza si que se pode afirmar taxativamente. Este goberno funciona a golpe de subvencións e con iso van tirando, pero non poden manter de maneira adecuada os servizos e infraestruturas necesarias para termos unha Salvaterra decente na que sexa posible desenvolver un proxecto de vida desde o principio ata o final.

Que pasa co instituto?

AGROPARAÑOS

- Piensos en xeral
- Plásticos e mallas
- Cereais
- Ferretería
- Abonos / Sulfatos
- Patacas
- Sementes e plantas
- Venda de polos e galiñas
- Viña, horta e froitas

SERVICIO A DOMICILIO
664 414 191
PARAÑOS, 3. COVELO

LA PARADA
VALCARCE
24 horas

Cafetería La Parada 24H
Desayunos, menú de día, cenas, bocadillos, platos combinados, comidas y postres para llevar, terraza, parque infantil, aparcamiento clientes.

GASOLINERA 24h
Tienda conveniencia-butano/propano, palets, carbón y leña, lavado de coches (túnel, boxes y aspirado), aparcamiento clientes

Taller Salco (9-13:30/15-19)

AS NEVES
TALLERES DE REPARACIÓN S.L.

Mecánica, Chapa y Pintura al Horno
B- 36307866
Tlf.: **986 68 29 08**
667 36 70 41
Pazo, n.º 8
36449 Tortoreos
As Neves
talleresneves@gmail.com

É un instituto deseñado a finais dos anos 90 do século pasado para unha Salvaterra de 8.500 habitantes pero agora case tres décadas despois o noso Concello achégase aos 11.000 habitantes.

Este aumento de poboación implica a necesidade de mellorar os servizos en todos os ámbitos, no educativo tamén. No caso do instituto pasamos de arredor de 300 matrículas a unhas 550 e as deficiencias no centro son evidentes.

Por exemplo?

Filtracións e insuficiencia de espazos. Por non haber non hai patio cuberto.

Cal sería a solución para o BNG?

A construción dun novo centro de ensino secundario e destinar as instalacións do centro actual á Formación Profesional. Temos o polígono industrial Chan da Ponte ao lado e é unha boa oportunidade para formar a mozas e mozos que tiveran unha saída laboral a carón das súas casas.

En relación á sanidade como está a situación?

O último dato que temos é que hai unha vacante sen cubrir. Logo están as vacacións e as baixas que tampouco se cobren adecuadamente, pero iso xa ven de longo.

No que respecta ao transporte que valoración fai o BNG?

A situación é mala, non hai conexión coas parroquias. Nós sabemos que non é fácil pero tamén pensamos que o goberno podería esforzarse moito máis do que se esforza.

Neste asunto do transporte quero aproveitar para mencionar unha das grandes teimas do BNG de Salvaterra: É imprescindible mellorar as conexións ferroviarias.

Nas pasadas semanas tivemos unha xuntanza coa eurodeputada do BNG Ana Miranda para trasladarlle a imperiosa necesidade que ten Salvaterra de mellorar o transporte por tren, e que ela intente influír para a captación de fondos

européos que o financien.

Nesa xuntanza coa eurodeputada só tratastes do asunto da conexión ferroviaria?

Non, tamén falamos da mellora doutras dúas cuestións que nós entendemos moi importantes para Salvaterra:

-A ponte da PLISAN

-A mellora da cobertura wifi e da telefonía móbil.

Un aspecto da vosa acción política que me chamou poderosamente a atención neste mandato é o intensísimo traballo de campo que facedes. Estadades percorrendo Salvaterra permanentemente e interactuando de maneira constante coa veciñanza de todos os lugares do Concello. Por que?

Eu estou moi orgullosa dos meus compañeiros e compañeiras. Xa che mencionei antes que é un pracer formar parte deste equipo que traballa tanto, e traballa tan ben. Nós entendemos que a política é un instrumento para mellorar a vida da xente. E non hai outro camiño para poderlo facer que escoitar as súas necesidades e os seus problemas. E iso é necesario facelo de maneira permanente non unhas semanas antes das eleccións.

Facelo así implica moito esforzo? Desde logo que si. Pero facéndoo así é como podes realmente coñecer e solucionar os problemas da veciñanza.

Seica ampliastes o equipo do BNG?

Si, con dúas mozas brillantes que estou segura que van achegar moito: Sheila e Noela. Sheila é doutora en dereito e Noela é psicóloga. Ambas son de Salvaterra e nos van axudar a chegar á maioría social do noso pobo.

Que tal son as relacións co PSOE local?

Son boas. As dúas organizacións temos claro que o necesario cambio que precisa Salvaterra pasa por artellar un goberno de progreso que necesitaría un acordo entre os dous. Estou convencida de que chegado o momento non haberá o máis

mínimo problema.

En calquera caso nós non pomos ningún límite e imos pola maioría.

Rematamos: De verdade hai posibili-

dades reais de que o PP perda o goberno de Salvaterra no 2027?

Estou convencida. En Salvaterra imos ter cambio.


LXVI festa da lamprea de Arbo 2026

Arbo, capital mundial da lamprea: tradición e sabor nunha festa gastronómica única en Galicia

No corazón da provincia de Pontevedra, á beira do río Miño, a vila de Arbo celebra este evento gastronómico, este evento consolidouse como un símbolo de identidade, historia e proxección internacional, situando a esta pequena vila

de 26 de abril de 2026. Máis alá dunha celebración gastronómica, este evento consolidouse como un símbolo de identidade, historia e proxección internacional, situando a esta pequena vila galega no mapa mundial da gastronomía.

A lamprea, protagonista indiscutible desta festa, é moito máis ca un manjar. Trátase dun animal prehistórico que leva habitando as augas do Miño desde hai millóns de anos, sobrevivindo a extinción dos dinosauros e mantendo intacta a súa esencia. En Arbo, este



COMERCIAL Carrera Xinzo, 1-Sobral Pontearreas
 986 641 439
 609 490 331
 Todo en baño y cocina
 WWW.comercialcarrera.com info@comercialcarrera.com

centro agrícola **AGRO CONDADO** PIENSOS NUDESA NUTRIMENTOS DEZA, S.A.
 Manuel Otero
 626 789 239
 630 549 955
 SERVICIO A DOMICILIO
 CEREALES - SULFATOS - PIENSOS - POLLOS - ABONOS
 COMIDA PARA PERROS, GATOS, PAJAROS, PECES Y TORTUGAS
 Xinzo - PONTEAREAS C/. Antonio Tobar, 38 36430 ARBO (Pontevedra)

Agrícola "A Sementeira"
 PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS - AGRÍCOLA
 JARDÍN - SULFATOS - ABONOS / SUSTRATOS - ETC
 Telfs: 986 65 93 94 - 606 7450 09
 Rúa Galicia 2 Bajo SALVATERRA DE MIÑO (al lado del DIA%)

EA ESPACIO arquitectura
 arquitectura | gestión | urbanismo
 Marqués de Viana 12 - Bajo SALVATERRA DE MIÑO
 +34 886 663 033 | info@espacioarq.es | espacioarq.es

peixe é un emblema que define a vida, a economía e a tradición da vila. Non existe constancia de ningún outro municipio en toda España que teña unha tradición tan antiga e arraigada arredor deste peixe prehistórico e misterioso.

Son moitas as festas que se celebran por toda Galicia, pero a que podemos dicir que a máis antiga é a da Festa da Lamprea arbense.

A primeira Festa da Lamprea tivo lugar o día 16 de abril de 1961, e a organización da I Festa da Lamprea estivo a cargo da Comisión "Pro Homenaxe á Lamprea", que tributaba a través desta xornada festiva o recoñecemento a unha riqueza antiga e inmemorial que o Río Miño proporcionaba. Desde esta primeira edición no ano 1961, os arbenses, atoparon un lugar no mundo e nos medios de comunicación, adquirindo para a posterioridade este produto do Miño tan excelente.

A idea inicial era facer unha festa que dese a coñecer e axudase a vender os estupendos viños que estas terras producían nestas terras así como comercializar outra materia prima excelente coa que contaba Arbo "A Lamprea".

O 16 de abril de 1961, visitantes e convidados foron recibidos ás portas da Casa Consistorial cos balcóns engalanados e aos acordes dos gaiteiros. Ás 15:00 horas, na planta principal do edificio, preto de trescentos comensais degustaron lamprea rechea con salsa Miño, lamprea guisada, viño albariño e tinto do país.

Xa no ano 1965 a festa da Lamprea de Arbo foi declarada "Festa de Interese Turístico Nacional", e cada ano conta milleiros de persoas que renden tributo e dan vida á Festa da lamprea coa súa presenza nos restaurantes da vila. Para a promoción da festa deste ano, o Concello deu un paso máis alá de Galiza e presentou o evento en Barcelona,

nunha xornada que reuniu a representantes institucionais, empresarios, medios de comunicación e profesionais do sector turístico.

Encabezada polo alcalde, Horacio Gil, a delegación arbense levou ata a cidade condal a esencia dunha festa recoñecida como de Interese Turístico Internacional desde o ano 2023. Durante os actos, destacou a capacidade de Arbo para converter os seus recursos naturais e culturais nun motor de desenvolvemento sostible.

Nun discurso cargado de simbolismo, o rexedor subliñou que a Festa da Lamprea non é simplemente unha data no calendario, senón "soubemos converter a lamprea e o viño nun activo cultural, social e económico que hoxe nos sitúa con orgullo no mapa gastronómico internacional. Agardámosvos en Arbo para brindar polo futuro. Porque Arbo é sabor, é historia, pero sobre todo, Arbo son 365 días de oportunidades". Unha celebración que honra o traballo dos pescadores que, ano tras ano, desafían o Miño nas tradicionais pesqueiras, así como o labor dos viticultores que producen os prestixiosos viños da zona, especialmente os amparados pola Denominación de Orixe Rías Baixas.

A presentación en Barcelona incluíu tamén degustacións de lamprea elaborada ao estilo tradicional, acompañada de viños do Condado e Albariños, conquistando así o padal dos asistentes e reforzando a imaxe de Arbo como destino gastronómico de excelencia.

Un dos momentos máis esperados da festa será, sen dúbida, o Xantar da Lamprea, que se celebrará o sábado 25 de abril no restaurante Os Pirus. Este evento reúne cada ano a amantes da gastronomía chegados de distintos puntos de Galicia, España e mesmo do estranxeiro.

O menú deseñado para a ocasión é

unha auténtica homenaxe á tradición culinaria arbense. Desde a empanada de lamprea como entrante ata o prato estrela –lamprea do Miño ao estilo Arbo con arroz e picatostes–, cada elaboración reflicte o saber facer transmitido de xeración en xeración.

Completan a proposta pratos de carne como o cabrito de San Fins e a tenreira galega ao forno, así como sobremesas tradicionais como o leite frito. Todo isto acompañado por viños da zona, que reforzan a estreita relación entre gastronomía e territorio.

Máis alá do menú, o Xantar da Lamprea representa unha experiencia sensorial e cultural que permite comprender a profunda conexión entre Arbo e este produto singular. Para o alcalde Horacio Gil, esta cita é tamén unha oportunidade para reivindicar o papel do municipio como "Capital Mundial da Lamprea", unha denominación que, asegura, está avalada pola historia e pola calidade das súas elaboracións.

A Festa da Lamprea non se limita á degustación gastronómica. O Concello de Arbo aposta por ofrecer unha experiencia integral que combine sabor, cultura e coñecemento. Neste contexto, destacan as visitas guiadas ao Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea "Arabo", unha das propostas culturais máis destacadas dentro da programación oficial da festa.

Estas visitas, de carácter gratuíto e cunha duración aproximada de 45 minutos, permiten aos asistentes mergullarse na historia da festa e na evolución da tradición lampreeira ao longo de máis de seis décadas. O museo ofrece un percorrido completo pola identidade do municipio, desde as súas raíces históricas ata a súa proxección actual. O edificio, construído grazas á achega de emigrantes galegos noa década dos anos vinte do pasado século XX, alber-

ga unha exposición distribuída en tres plantas. Na planta baixa, os visitantes atopan información sobre a festa e unha viñoteca cos viños das adegas locais. Na segunda planta, a historia de Arbo e o seu desenvolvemento económico e social ocupan o protagonismo. Finalmente, a última planta está dedicada integramente á lamprea, símbolo indiscutible da vila.

Estas visitas están dispoñibles en varios idiomas, co obxectivo de facilitar a participación de turistas internacionais e reforzar o carácter global do evento. A Festa da Lamprea tradúcese nun impulso para sectores como a hostalería, o comercio local e o turismo activo. Ademais, a festa serve como escaparate para outros aspectos da vila como a natureza que oferta a contorna de Arbo. Rutas de sendeirismo, as actividades de aventura no río Miño ou o patrimonio histórico das pesqueiras son outro atractivo máis para non deixar de visitar esta fermosa vila.

Para os veciños e veciñas de Arbo, a celebración representa tamén un motivo de orgullo colectivo. A lamprea non é só un alimento, senón un elemento identitario que define o carácter da comunidade e fortalece o sentimento de pertenza a un pobo e una comunidade. Baixo o lema "onde o tempo se detén e a historia se saborea", o municipio convida a visitantes de todas partes a descubrir un lugar único, onde a gastronomía se converte nunha porta de entrada á cultura, á paisaxe e á forma de vida galega.

A LXVI edición da Festa da Lamprea promete, unha vez máis, converter Arbo nun punto de encontro para amantes da boa mesa, da historia e das tradicións. Unha oportunidade para saborear non só un produto excepcional, senón tamén a esencia dun pobo que soubo facer da súa identidade un referente internacional.






A Sementeira faise maior de idade

“Cando eu non estea, a Sementeira vai seguir estando con seguridade”

Francisco Gordillo, Secretario da AC Quinta do Piñeiro de Corzans

Un ano máis os próximos 8, 9 e 10 de maio a festa da Sementeira chega á parroquia de Corzans, no concello de Salvaterra de Miño. E esta vai ser unha edición un tanto especial pois os nosos amigos da Sementeira fan 18 anos de vida, e en consecuencia acadan á súa maioría de idade. O sono que un pequeno grupo de amigos comezou hai case dúas décadas con moita ilusión pero con poucas expectativas realistas, acabou por se converter nun evento dunha dimensión extraordinaria que cada ano congrega a milleiros de persoas no recinto no que se celebra. Evidentemente o resultado amosa que a asociación que organiza esta festa, a Asociación Cultural Quinta do Piñeiro de Corzans, está a facer moi ben as cousas. E nós, como a calquera outro colectivo que traballe para conservar o que é unha parte da identidade colectiva do noso pobo, o pobo galego, así llo recoñecemos e valoramos. Falamos con Fran Gordillo, o secretario da AC e alma mater desta festa

A Sementeira chega á súa maioría de idade

Pois si, calquera o diría cando comezamos con ela, pero esta é a nosa 18ª Festa da Sementeira. E nós non podemos máis que expresar a nosa gratitude a todas as persoas que ao longo destes anos colaboraron para que este evento tan bonito puidera existir, e o noso tremendo orgullo polas inmensas cantidades de apoio que recibimos da veciñanza non só de Salvaterra senón da comarca do Condado.

En que días teremos a Sementeira 2026?

A fin de semana do 8, 9 e 10 de Maio.

A Sementeira é Fran, ou é algo máis que Fran?

A sementeira é moito máis que Fran. Eu se cadra poden ser a cara máis visible, pero a Sementeira ten un colectivo de persoas detrás, e todos desenvolvemos moito traballo para que poida ser realidade.

Historicamente a Sementeira sempre foi en dous días, e foi na edición anterior canto tomastes a decisión de aumentar a 3. Por que motivo?

Ben, pois porque quixemos facer unha Sementeira máis inclusiva e dedicar un



Organización da Sementeira

día a recibir a nenos e nenas que están en centros de atención á diversidade. Esta atención á inclusión social pretendemos que sexa un sinal de identidade da nosa festa, porque dar espazo a todos e a todas fainos mellor como sociedade, e este ano será, igual que o ano anterior, o venres, o primeiro día do evento.

Non sei que programa teredes este ano, pero vaivos ser difícil superar o do ano anterior, que fora dunha grande calidade

Cada ano faise máis difícil superar a calidade dos programas dos anos anteriores, non pola dimensión da Sementeira, que afortunadamente non deixa de medrar, senón pola cuestión económica. A dispoñibilidade económica non é ilimitada e os cartos dan para o que dan. Pero, honestamente penso que estamos no mesmo nivel có ano anterior, un nivel moi elevado, e que ademais é o nivel no que temos que estar.

A entrada segue sendo de balde os tres días?

Si, total e absolutamente de balde durante os tres días que dura a Sementeira.

Como vos financiades entón?

Facémolo coas achegas do Concello e da Deputación, coa publicidade de empresas e negocios que colaboran con nós, e co que consuman os asistentes distintas barras que haxa no recinto da festa.

Estades contentos coa colaboración do tecido comercial e empresarial de

Salvaterra?

Estamos moito máis que contentos. Estamos agradecidos e emocionados. Cada ano esta colaboración é máis importante, ata o punto de que en ocasións hai empresas que nos chaman a nós para ofrecernos a súa achega.

Fainos un resumo do máis importante do programa?

Para min todos os grupos que veñen son igual de importantes, e esu estoules moi agradecido. Dígovos os que me acordo de memoria: Teremos ao grupo “Bareixa”, coa cantante Iris Abril, que van facer a súa presentación na Sementeira, o DJ Sapocochos, os espectaculares Stormentos...O sábado temos a clásica saída dos tractores a primeira hora da mañá, que pasarán por distintas zonas de Salvaterra e As Neves.... O sábado asemade teremos espectáculos infantís, o grupo “Kortalumes”, Xes estará tamén con nós, a orquestra “Bravú Xangai” de Xurxo Souto.... “Caimán do Río Tea”..

Caramba, Xes e Xurxo Souto, pois si que vai ser difícil superar para o ano que ven

Ha, ha, ha....O ano que ven xa veremos o que acontece. De momento imos centrarnos nesta edición na que si, temos moi bo programa.

A sementeira propiamente dita chega o domingo?

Si, cos grupos “Son da Raia” e “Naiana gaiteiros” amenizando e ás 14:00 h teremos o pregón

Que o fai este ano?

Os membros dunha confraría madri-

Distribuidor Oficial para:
CALEFACCION,
INDUSTRIA y
AUTOMOCION

SERVICIO A DOMICILIO

Tel. 986 66 13 90
C/. Real, s/n. - bajo
Tel. y Fax 986 66 13 89
36860 PUENTEAREAS

Tel. 986 61 43 61
C/. Rosalía de Castro, 3
Tel. y Fax 986 61 43 12
36780 LA GUARDIA

EUROREPAR

Campiño N°2, Tortoreos
36440 As Neves (Pontevedra)

T. 986 64 84 50 - 722 17 09 89
talleresjdasneves@gmail.com

euorepar.es

SERMIÑO
SEAT
Experiencia 5

Toda una vida mimando tu auto...solo podemos decir:
GRACIASSSSSSS...!!!

Rúa Rosalía de Castro, 21
Salvaterra de Miño
Telf.: 986 65 82 00



Por que a clase obreira vota á dereita?

opinión

Manuel Alfonso Estévez, fillo de Fornelos da Ribeira

leña chamada "O Chuletón" ..Estarán con nós algúns dos seus representantes máis importantes: Fernando Romay, Iñaki Cano, Sergio Pazos, Aarón Guerrero, Jota Abril, Poty Castillo.....

E despois do pregón?

Ben, tamén estarán os nosos amigos "Os Carunchos" tocando por todo o recinto e despois ás 4 da tarde comecemos coas nosas míticas "olimpiadas agrícolas", teremos un grupo local "Hijos de Puchini" e remataremos cos "Festicultores" e "Son das Tabernas".

As expectativas de asistencia?

Sempre que o tempo nos axude son moi elevadas. Cada ano se achega máis xente a acompañarnos, de feito estamos tratando de poñer unhas lanzaderas para conectar a festa con Ponteareas, O Porriño, Salceda e Vigo para que a xente poida vir e gozar da festa con tranquilidade e seguridade..Isto último aínda non o temos pechado, estamos tratando de facelo.

Nestes 18 anos algunha vez tivestes mal tempo?

Si, de feito un día do ano pasado nos choveu. Afortunadamente só foi un par de horas de mañá e logo parou. Se as previsións deran moita chuvia pois teriamos que valorar mudar as datas

Algunha vez se deu ese caso?

Non, afortunadamente de momento nunca pasou.

Canto che leva organizar cada Sementeira?

Algo máis de medio ano.

Sinceramente Fran, Non estás canso?

Todos os anos. Todos os anos digo que é a última vez, pero estou tan comprometido emocionalmente a gústame tanto facer o que fago que mentres o corpo aguante e a saúde me respecte penso que seguirei.

Algunha edición tivestes algún problema de seguridade ou de orde pública?

Nunca xamais. Toda a xente portouse sempre de marabilla.

Segues coa mesma ilusión de sempre?

Absolutamente si.

Cando Fran Gordillo non estea a Sementeira vai seguir existindo?

Estou seguro que si. Ninguén é imprescindible, e desde logo que eu tam pouco o son.

O Concello pórtase ben con vós?

Si, a verdade é que non temos queixa. Sempre aspiras a algo máis, claro, pero o certo é que se portan ben.

Agora que temos eleccións autonómicas e posiblemente nacionais un pouco máis tarde, vexo como a perda de identidade, a ameaza cultural e as preocupacións vinculadas o estilo de vida son algúns dos factores que están facendo que votantes de esquerdas leven o seu voto para os partidos de dereita e ultradereita.

Non é que o invente eu, senón que o din tódalas enquisas. Vese na tele, na rúas, escoitámolo nas conversas, salta nas redes sociais, etc.

Non fai falta ir a lugares estraños para darse conta de como a dereita e a ultradereita están ascendendo perigosamente, a base de ruído, de desprestixiar e golpear polo baixo. Témolos en Chile, na Arxentina, en Italia, e a lista é longa...

En España, con Vox e Ayuso como valedora. É así como si fora con nós, coa xente traballadora e a xente humilde en xeral, que se decantan por estes partidos como se viviran realidades diferentes as nosas. E sempre me fago a mesma pregunta, coa incredulidade que suscita que políticos, en moitos casos, contrarios aos dereitos humanos, estean conseguindo o apoio dos cidadáns.

¿Por que a clase obreira e certas xentes votan cada vez máis á ultradereita e dereita, se supostamente gobernan en contra dos seus intereses?

Sumados á apatía e fastidio que provocan as oposicións políticas que historicamente reivindicaban a defensa dos traballadores e xentes populares, os sentimentos e afectos

xerados a través dos partidos liderados polos ultras están desprazando a conciencia xeral deste país.

A imaxe do currelo, sen estudos universitarios, votando de forma disciplinada á esquerda ten xa, a estas alturas, máis imaxe mitolóxica que real, que, como di "César Rundayes", mide non só o cambio de voto, senón a necesidade de cambiar de análise para entender por que se produce este viraxe.

"Entre esquerda dáse unha especie de ilusión intelectual e moralista, que nos fai pensar que o voto é o resultado dun proceso complexo".

Estas relacións, ao igual que as económicas, poden marcar a "clase social" a que pertencen, pola vida cotiá e a relación cos demais, di Rendueles.

"Os sentimentos son o motor político de primeiro orde". É algo que nos custa moito aceptar e tendemos a crer que as "xentes humildes" nos discursos políticos poden mobilizala e así mobilizar os intereses de todo o mundo. E, en todo ese viaxe, migración, inseguridade e incerteza convértense en factores propicios. Así, a xente traballadora séntese máis insegura coas "leis que defenden aos delinquentes" e non se decatan, ou non queren decatar, dos avances logrados en dereitos laborais. Outros, en cambio, guíanse polos bulos que se estenden como a pólvora.

A evidencia científica constata que hai unha desalineación cidadá mediante a divulgación, a educación e a comunicación política.

Existe unha percepción social cada

vez maior de desconexión entre os partidos políticos de esquerdas, que debe representar a clase obreira, e, á vez, a dereita non sempre elitista empuja por ese voto.

Paréceme todo o mesmo can con diferente collar, e necesita a corrupción da esquerda para roubar aos curritos.

A extrema dereita sabe explotar o aspecto social, por un lado, coas bandeiras e ir contra o "movemento feminista", activando sentimentos masculinistas e xenófobos, en lugar de orientar a un mundo máis xusto e igualitario para todos. Así insiste no "chivo expiatorio" coas mulleres, as disidencias sexuais e as xentes migrantes e racializadas.

¿Que pasa? Pregúntome ás veces.

A esquerda déixase absorber polo neoliberalismo e non realiza propostas ambiciosas, mentres que as dereitas ofrece propostas ás que a xente dubida, e a estes lle veñen ben para agarralas.

Outra, a esquerda se dereitizouse en parte, coas redes sociais, os "influencers" que consolidaron ideas arredor da decepción coa esquerda.

En fin: Co voto mestúranse moitos factores, e esta realidade encontra a súa razón de ser, que logo materializan en voto.

Hoxe, temos que desencorchar a dereita e ultradereita para chegar ao público cun particular tipo de mensaxe. E o de "A Nova Peneira" é un deles. Hai que rachar os moldes. Estamos nun momento para que ninguén arranque o teu voto.

Ferretería
Julio Pérez Giraldez

Tele/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
julioperezgiraldiez@hotmail.com

C/ Progreso. 81
36880 A CAÑIZA

apeneira

o teu
xonal en
galego

Pastelería
JAIRO Desde 1985

986 65 84 07 - 615 93 23 71 - 615 93 23 73
E-mail: pasteleria.jairo@telefonica.net
Oleiros, a 100 m. Rotonda As Neves, direc. Salvaterra por la carretera antigua

JUAN CARLOS
FOTOGRAFO

SERVICIOS FOTOGRÁFICOS

- REPORTAJE SOCIAL • RETRATO • PUBLICITARIA
- RETOQUE DIGITAL • REVELADOS
- VENTA DE MATERIAL • FOTOS CARNET

Telf: 986 65 92 51 - Móvil: 654 362 239
e-mail: j.carlosfotografo@hotmail.com
Rúa Fonte da Vila, 3 - 36450 Salvaterra de Miño

A Xunta financia con 40.000 euros a instalación dun ascensor no mercado municipal das Neves

A subvención encádrase na liña de axudas para a mellora de infraestruturas de uso público da dirección xeral de Administración Local e beneficiou a 18 concellos da provincia de Pontevedra cun importe total de máis de 662.000 euros

As Neves

O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, visitou esta mañá o resultado das obras de instalación dun ascensor no edificio do mercado municipal das Neves, unha actuación que foi posible grazas a unha achega da Xunta de 40.000 euros.

A subvención encádrase na liña de axudas para a mellora de infraestruturas de uso público da dirección xeral de

Administración Local, que beneficiou a 18 concellos da provincia de Pontevedra por valor de máis de 662.000 euros.

Neste sentido, o delegado territorial destacou a importancia da colaboración entre institucións e destacou "a importancia de implementar sistemas que fagan dos edificios públicos lugares máis accesibles para todos os veciños e veciñas".

Acto de presentación Asociación Canda Nós. 27 de Marzo de 2026.

Ponteareas



No acto contaron coa actuación da escola de danza Ítacas de Vigo, coas pandeireteiras de Gargamala e Toutón e coa Conferencia de Yolanda Domínguez, artista visual e comunicadora experta en igualdade.

Arredor de 100 persoas acompañaron a asociación no seu acto de presentación no día de onte na sala multiusos de Auditorio de Ponteareas. Dita asociación sen ánimo de lucro inicia a súa andaina coa intención de por o seu gran de área na construción dunha sociedade máis xusta a través do traballo no eido do benestar social e da igualdade. Este proxecto xurdiu coa idea de crear espazos de traballo e comunicación, realizar obradoiros, poner en valor o legado das mulleres ao longo da historia, levar a cabo actividades de sensibilización, conciencia e prevención.



Oscar Lomba

Cando a comida depende do petróleo

opinión

Unha crise silenciosa medra mentres a mirada colectiva permanece na superficie. Baixo o balbordo constante dos mercados enerxéticos e da xeopolítica, están a acumularse tensións máis profundas que ameazan algo moito máis esencial que o prezo do combustible.

O sistema alimentario global non foi concibido para garantir o dereito a comer, senón para maximizar beneficios nun contexto de estabilidade. Ese sistema depende de combustíbeis fósiles accesíbeis, de roteiros comerciais seguros e dun fluxo continuo de insumos industriais. Cando un destes piares falla, o equilibrio escacha. O peche dun enclave estratéxico como o estreito de Ormuz non só encarece a enerxía, senón que interrompe cadeas vitais para a agricultura mundial, entre elas as dos fertilizantes químicos que sosteñen boa parte dos rendementos actuais.

A dependencia é fonda e estrutural. Durante décadas, a agricultura industrial foi substituíndo procesos biolóxicos complexos por solucións químicas inmediatas. O resultado é un modelo altamente produtivo, porén tamén intensamente dependente. Sen fertilizantes sintéticos, millóns de hectáreas verían reducida drasticamente a súa capacidade de produción. E eses fertilizantes tampouco existen por si sós. Precisan gas, petróleo, transporte e estabilidade na política internacional. Xusto aquilo que comeza a fallar.

A esta fragilidade engádesa a concentración do poder oligopólico. Un número moi reducido de empresas dominan o comercio mundial do gran, mentres

a diversidade agrícola foi quedando reducida a unhas poucas especies. Isto simplifica a produción, porén incrementa os riscos sistémicos. Se fallan os insumos ou se interrompen os roteiros comerciais, a capacidade de resposta é mínima. Os alimentos percorren miles de quilómetros antes de chegar á mesa, convertendo calquera ruptura lóxística nun problema inmediato de acceso.

Porén, hai outra maneira de producir alimentos. O solo non é un soporte morto, senón un ecosistema vivo capaz de manter a fertilidade se se respectan os seus equilibrios. Microorganismos, fungos, fauna edáfica e raíces constrúen redes que reciclan nutrientes e os poñen ao alcance das plantas no momento preciso. Este funcionamento reduce a dependencia de insumos externos e reforza a resiliencia fronte á seca, á calor e ás perturbacións.

Reforzar estes procesos non é unha fantasía, senón unha vía avalada pola ciencia e por experiencias reais en moitos territorios. Supón relocalizar a produción, acurtar cadeas de subministración e revitalizar o tecido rural. Non abonda con cambiar técnicas, cómpre mudar prioridades. Alimentar á poboación require sistemas máis diversos, máis próximos e menos expostos á volatilidade externa. É necesaria a soberanía alimentaria.

A verdadeira ameaza non reside nunha escaseza puntual, senón en termos construído un modelo agroindustrial incapaz de adaptarse ás situacións críticas e cambiantes. E esa é unha decisión que, aínda hoxe, estamos a tempo de transformar.



Moncho Laereu, profesor

Frearmos o Capitalismo Epstein

opinión

Hai unha polémica coa decisión do goberno español de regular o acceso aos menores de 16 anos ás redes sociais sistémicas. Obviamente ese acceso vai ser sorteado de múltiples formas por unha xeración que nace cun móbil na man. Aliás, sabemos que o único que lles entra aos menores dende os ecráns dos seus móbiles son dúas cousas: porno e fascismo. No fondo son case mesmo: a pornografía é a sublimación fascista do sexo: violencia, dominación, humillación, machismo; e o fascio é a versión pornográfica da política: sexismo, irracionalidade, amoralidade, ignorancia. Como estar a favor deste acceso? A pregunta é: teñen capacidade crítica os maiores de 20? de 30? de 40?... Baixo o capitalismo, imposible. Estamos na Caverna de Platón, e para os da LOXSE, en Matrix. Antes disto xa tiñamos obreiros de dereitas, galegos españolistas e mulleres machistas. Marx e Engels

xa falaban de alienación, por non citar Gramsci, claro.

Hai outra polémica coa proposta de Gabriel Rufián de unir á esquerda reformista á esquerda do PSOE nunha única candidatura. Aquí en Galiza, dende o BNG a negativa é rotunda. Un Bloque que reivindica Castela. Un Castela que co sector republicano e de esquerdas do Partido Galeguista uniuse á Fronte Popular cando foi preciso. Risco non quixo. Eu teño claro dende hai anos que no BNG son máis de Risco, cada vez máis. Excúsanse na "experiencia das Mareas". Curiosa excusa: o único que quedou claro da experiencia política da década dos 10 foi que o Bloque é unha Forza do Réxime que tivo que botar man da banca sistémica e da prensa colonial para non desaparecer e finalmente fagocitar o espazo político desas "españolistas" [sic] Mareas. Por non falar do "salvavidas" que foi instrumentalizar e apropiarse por

enésima vez da CIG.

Porén, aplicar ese "Plan Rufián" en Galiza significaría que nas próximas eleccións xerais burguesas, só se presentase o BNG como única candidatura reformista. Non o farían nin Sumar, nin Podemos, nin nada similar. Esa é a teoría, outra cousa é que acepten tal. Lembremos que Podemos non, pero Sumar si que acadará (ou acadaba) representación en Galiza cando se celebran eleccións estatais. Coido que na Avenida de Lugo non están a facer ben os cálculos, probablemente cativos do seu búnker ideolóxico purista (coroneis "camisas viejas" e coroneis "pop" do pontonismo) e desatendendo, erradamente, á grande masa de votantes da "fronte patriótica" que no seu día levaron 6 galegos e galegas ás Cortes. Sería un erro para unha forza electoralista non colaborar en frear electoralmente un fascismo que xa comeza a aparecer con representa-

ción en Galiza nalgúns enquisas. Namentras, as clases populares, as forzas obreiras, as fronte antifascistas que actuamos nas rúas dende o terreo sindical, estudiantil, feminista, cultural... non debemos confiar nin o máis mínimo en que se poida frear o fascismo nas urnas se non se fai tamén nos centros de traballo, nas aulas, nas fábricas, nas facultades, nos espazos públicos, nas asociacións de todo tipo. Os electoralistas ao seu; nós ao noso. Como xa ten demostrado a historia da clase traballadora, tan só a autoorganización do Pobo pode frear de todo ese fascismo que, coma sempre, aparece "misteriosamente" cando o capitalismo se encontra ameazado, desacreditado e en crise. Ao final, todo este neofascio que atordoaa aos máis novos e -aos non tan novos- é o capitalismo máis pornográfico, o Capitalismo Epstein.

Auga C.B.
Beleza e saúde

Pedreira, 7
Baixo
A Lama
986 768 261
augacb@outlook.es

Granitos del Verdugo, S.L.

GRANIVER
Mármoles, Granitos y Piedras

Polígono Industrial de Racelo
36830 A LAMA (Pontevedra)
www.graniver.es

Teléfono: 986 768 111
Móvil: 609 105 773
info@graniver.es

Klimbim Taperia
Bocatería

Proba a nosa comida mexicana

Avda de Pontevedra, 10
Pontecaldelas

672 53 94 17

Escola Infantil
PAPAVENTOS
pontecaldelas

- Educación infantil 0-3 anos 100% subvencionada
- SED (Ludo, Deberes): Trades Vacacións
- Plan Madruga e sservicio comedor nen@s de 3-12 anos
- Horario 07:30- 20:30

C/ Paseo Cordo Boulosa, 3
36820 - Pontecaldelas

Tlf: 986 767 520
E-mail: eipapaventos@hotmail.com

O BNG de Ponte Caldelas pide ao goberno municipal que inicie o saneamento no rural e deixe de botar balóns fóra

O seu voceiro, Xosé Manuel Cal, urxe un Plan de Actuación Integral, deseñado por zonas e cunha cronografía de prioridades igual que se fixo no centro

Ponte Caldelas



municipal que inicie o saneamento no rural e deixe de botar balóns fóra cara a Xunta de Galiza. O portavoz Xosé Manuel Cal considera prioritario que o goberno local redacte un Plan de Actuación Integral que aborde a mellora do saneamento nas pa-

O novo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) en Ponte Caldelas, que tomou posesión no último Pleno, vén de pedir ao goberno

roquias, deseñado por zonas e cunha cronografía clara de prioridades, ao igual que se fixo previamente no centro da vila e nalgunha parroquia da marxe

oeste do Verdexo.

O BNG insta ao goberno local a deixar de desviar a responsabilidade cara á Xunta e a comprometerse cun plan realista e executable que poña fin aos problemas históricos da veciñanza. "Hai unha total falta de avances por parte do actual goberno municipal en materia de saneamento nas zonas rurais. Nin se executan obras nin se proxectan melloras, deixando completamente esquecido este problema", subliña o nacionalista.


Cal subliña que o alcalde Andrés Díaz non pode limitarse a trasladar a responsabilidade do saneamento rural ao goberno galego, indicando que esta debe reinvestir o cobro en taxas autonómicas, máis dun millón de euros nos últimos 12 anos. "Non nos convence que Díaz diga que temos que esperar pola Xunta", sinalou Cal, quen reclama que o goberno local deixe o seu actual abandono de funcións respecto a un servizo fundamental e prioritario para a cidadanía.

O novo voceiro destaca que nos orzamentos aprobados no último Pleno apenas se destina unha partida de 10.000 euros (sen concretar) para actuacións xerais de abastecemento e sanea-

mento, unha cantidade que só permite realizar cambios puntuais en canalizacións dentro do ámbito urbano, sen abordar as necesidades do rural.

Ademais, na súa estrea como portavoz, o nacionalista solicitou que o Concello se faga cargo de financiar e axudar ás traídas de augas mancomunadas para realizar analíticas, subliñando que o Concello debe velar pola vixilancia da calidade e a seguridade da auga, aínda que non sexa o operador do abastecemento.

O novo grupo municipal do Bloque en Ponte Caldelas, que acaba de iniciar a súa andadura, vai ter como eixo prioritario de actuación a reclamación de servizos no rural. A incorporación dos dous novos concelleiros faise para relevar a Xabier Lourenzo e Sol Seoane. Xosé Manuel Cal 'Chaín' é presidente da Mancomunidade de Montes de Ponte Caldelas, presidente das comunidades de montes e augas de Chaín e traballador da hostalaría. Fernando Malvar é ensinante, comprometido co movemento ecoloxista, presidente da comunidade enerxética de Buchabade e integrante da directiva da Comunidade de Montes e de Augas de Buchabade.



Decoraciones Victor
Roberto Rivas
 C/ de la Iglesia, 10
 36820 Ponte Caldelas
 Pontevedra
 roberto@decoracionesvictor.es

986 750 383
609 067 164

www.decoracionesvictor.es

INGENIERIA Y MONTAJES RIAS BAJAS, S.A.

Principales Proyectos 2019

- Montaje calderas 20 MW Viseu y Fundao.
- Montaje tanque clarificador Ø 18.000 mm dúplex.
- Sustitución tambor descortezador Saillat (Francia).
- Montaje caldera 50 MW Puertollano.
- Exportación sobrecalentadores y economizadores.
- Suministro y sustitución precalentadores en CAIMA
- Sustitución techo y pantalla caldera Huelva HU-50.
- Revamping caldera Huelva HU-41.
- Transformación caldera UPM Allizay (Francia).

OFICINAS
 C/ Pastro Díaz, 1 - 6ºB
 36001 PONTEVEDRA (España)
 Telfs.: +34 986 842 711/ 842 962 - Fax: +34 986 851 469

TALLER
 Ctra. Orense - Pontevedra, km 80
 36121 COTOBADE (Pontevedra)
 Telfs.: +34 986 765 500/ 8764 553 - Fax: +34 986 764 552

“O nacionalismo non tocou teito. O teito do nacionalismo galego é o pobo galego”

Manolo Caride, responsable comarcal do BNG de Vigo

Neste ano preelectoral achegámonos ata o local do BNG na comarca de Vigo para coñecermos de primeira man a situación do nacionalismo en todas as localidades que para o Bloque conforman a comarca viguesa. Falamos con Manolo Caride, o seu responsable comarcal.

En liñas xerais como está a saúde do BNG da Comarca?

Moi boa. Continuamos nun proceso de medre organizativo importante e, nestes momentos, comezamos cos traballos preparatorios das eleccións municipais do ano próximo.

Cando prevés que poderíamos saber as cabezas de cartel?

Hai un calendario nacional aprobado que fixa que no mes de xullo debemos ter nomeadas, cando menos, as cabezas de lista das cidades, das nosas alcaldías e dos concellos onde cogobernamos.

E das localidades máis pequenas?

Antes de fin de ano debe de estar todo definido, tanto das vilas máis importantes por poboación como cabezas de comarca e resto de concellos.

A boa saúde do BNG foi indiscutible nos últimos procesos electorais. Pero non tocou teito xa?

Estou seguro de que non. Temos espazo dabondo para seguir medrando. O teito do nacionalismo galego é

o pobo galego. Nós aspiramos a chegar á maioría social deste país porque a xestión dos intereses de Galiza por parte do BNG, indiscutiblemente incidiría no ben colectivo de todas as persoas que vivimos aquí.

Non percibes signos de desgaste? Non, todo o contrario. As localidades non paran de medrar en afiliación e as estruturas da nosa organización son cada vez máis fortes.

O fascismo españolista existe nas rúas de Galicia?

Creo que non, ou polo menos non de xeito significativo.

O nacionalismo galego é un dique de contención contra a extrema dereita?

O nacionalismo que representa O BNG indiscutiblemente si. Especialmente no que respecta á mocidade, onde o BNG é a forza política que desperta máis simpatías.

No resto do estado a medida que VOX foi gañando espazos o PP foi asumindo as súas posicións por medo a perder terreo, cando a realidade amosa que é así como o están



Manolo Caride

perdendo. Pensas que o PPdeG poida facer o mesmo e asumir posicións máis extremistas das que habitualmente defendían?

Si, creo que si. De feito creo que van esa dirección. O PPdeG desenvolve políticas cada vez máis antigalegas. A modo de exemplos podo mencionar a súa negativa a que Galiza estea na UNESCO ou que o galego sexa lingua oficial na UE. Pero que tipo de administración pode defender o disparate de que o idioma do seu territorio non sexa recoñecido internacionalmente? O PPdeG non representa en absoluto os intereses deste país.

Ben, imos falar da situación do nacionalismo en todas as localidades da túa comarca. Comecemos por Vigo:

Como valoras ao goberno municipal? E que perspectivas ten o Bloque

nas eleccións do 27

O goberno de Vigo xa non ten nada que ofrecer aos vigueses e viguesas. É un goberno esgotado que vive nun nadal permanente e que non atende aos problemas básicos da cidade como a vivenda e o transporte.

O BNG encabezado por Xabier Pérez Igrexas é a oposición real nesta cidade, unha oposición positiva e propositiva que amosa que outro tipo de políticas, en beneficio da maioría social da cidade, son posibles e necesarias para Vigo. Neste sentido, estou convencido de que teremos un grande resultado nas vindeiras municipais que se reflectirá nun importante aumento de votos e de representantes na corporación.

As maiorías absolutísimas do partido socialista de Vigo, non son reais. Xorden da personalidade de hiperlíder de Abel Caballero e das

Jamonería PATA NEGRA
LUIS MENÉNDIZ

CAZA · LAMPREA · COCIDOS · EMBUTIDOS IBÉRICOS · VINOS

Vía Hispanidad, 23 | 36203 VIGO
T. 986 482 372 | M. 649 988 934

A CASA DA BOA CARNE
CARNICERÍA

C/ José Regojo nº 19 Bajo
36800 Redondela

☎ 602 64 15 65
☎ 986 11 69 41

Café - Taberna Tenda Exprés

Laura
Vending 24 horas

Estrada de Zamáns, 219
Teléfono: 986 468 365
Móbil: 670 062 376

Kami
el auténtico croissant artesano de mantequilla

Bajada a la Playa, 152 B
36392 Sayanes / VIGO
Tel. 986 491 118 / Móvil 645 260 727

SERVICIO A CAFETERÍAS Y HOTELES

DISCO TASCAR

súas políticas populistas. Cando a bioloxía impida a Caballero volver a presentarse todo ese voto prestado vaise espallar en opcións moi diversas. *Honestamente ti cres que nese momento Xabier Pérez Igrexas ten opcións realistas de ser alcalde de Vigo?*

O BNG non se pon límites e, desde logo, aspiramos a gobernar de novo en Vigo. O noso traballo caracterízase de sempre por ser rigoroso na defensa dos intereses da cidade en xeral, e das viguesas e vigueses en particular. Neste sentido, xa tivemos a alcaldía no seu momento e volverémola ter, estou convencido. Do que si estou seguro é de que Xabier Pérez Igrexas sería un magnífico alcalde.

Ben, falemos de Redondela

A situación de Redondela é complexa. A aritmética municipal é difícil e o goberno ten moitas debilidades e erros notables. O BNG local está a facer un bo traballo, estando atento ás oportunidades que están xurdindo. Nesa dirección estase a traballar, reforzando a nosa organización na localidade de cara a presentar unha opción realista de cambio para Redondela.

Non terdes entrado no goberno no 19 e no 23 foi un erro?

Non. O resultado de entrar ou non nun goberno nunca se pode saber, ningunha destas opcións garante a priori obter mellores resultados. De feito, no caso de Redondela o BNG aumentou a súa representación sen ter entrado no goberno.

En Fornelos de Montes conservastes a concelleira de milagre, por moi poucos votos, no ano 23. Como valoras ao goberno deste concello e cales son as vosas expectativas realistas para as eleccións do 27?

O goberno do PSOE en Fornelos está instalado na absoluta inoperancia.

Non lle achega nada ao Concello e as súas políticas clientelistas non se diferencian en nada das do PP.

En canto a nós dicir que este é un concello moi pequeno no que todo o mundo se coñece e todo o voto está digamos, tocado. Creo que o grande traballo da nosa concelleira Mila Casal e do BNG en Fornelos merece un recoñecemento a través dunha mellora substancial de resultados nas vindeiras municipais.

Un concello no que si vexo unhas perspectivas moi elevadas de crecemento para vós é Pazos de Borbén. Opinás o mesmo?, Como valoras ao goberno do alcalde Luciano Otero?

Coincido absolutamente. Estou seguro de que en Pazos teremos un resultado magnífico. Nesa localidade consolidamos unha agrupación de moito peso político que realiza un grande traballo de campo e que dirixe de maneira brillante o noso concelleiro Xurxo Pardo. El é unha persoa capaz e intelixente, moi empático e que conecta moi ben coa xente.

En relación ao goberno a palabra que mellor o define é a frustración, e ollo: é un goberno que se frustrou a si mesmo pola súa incapacidade.

Se no 27 é precisa a suma de Alternativa e o do BNG para formar

goberno, que pode pasar?

Esa hipótese tería que decidirse no momento que se dea, se se dá. E de ser o caso, decidirían os compañeiros e compañeiras do BNG de Pazos.

En Baiona que tal pinta a cousa?

En Baiona temos por diante un traballo importante de reforzamento organizativo. Estamos facendo un traballo moi digno pero que require ensanchar a nosa base social organizada.

Nesa localidade hai campo para medrar?

Si, si que o hai. O que é imprescindible e que poidamos ter máis militancia activa que poida trasladar á sociedade as lamentables políticas que desenvolve o Partido Popular.

En Baiona temos un chan de votos elevado, pero é necesario dar un salto e para iso cómpre dotar de máis corpo á organización local.

O goberno de Almuíña supón unha continuidade das políticas de sempre da dereita de Baiona que en nada benefician á veciñanza. E o BNG ten que aparecer como o que en realidade é: a alternativa ao desgobierno do PP.

Falemos agora de Nigrán

Temos un moi bo concelleiro e un corpo militante forte. O traballo de Xavier Rodríguez e de toda a organización local é moi notable e estou

convencido de que se vai notar nun moi bo resultado nas municipais do 27.

Como valoras ao goberno de Juan González?

Notámoslle síntomas evidentes de desgaste e cansazo. Penso que tamén se reflectirá nunha perda de apoio electoral.

Ese suposto desgaste tamén o ves no goberno de Gondomar?

O desgobierno é o que mellor define a política de Paco Ferreira, un alcalde que non ten reparo algún en apoiarse en tráfugas.

O transfugismo desas dúas persoas foi buscado?

Non o sei. Eu remítome aos feitos e o que non é discutible é que o seu goberno se apoia en dous tráfugas.

As perspectivas do BNG para o 27?

Son moi boas. O traballo do BNG tanto institucional como social é sobresaínte e confío en que se verá recoñecido pola maioría social da veciñanza.

Acabamos con Mos porque eu creo que nesta localidade si que existen posibilidades reais de que o BNG acade a alcaldía no 27. Non vai ser doado, pero a pulsión que percibo nos camiños de Mos é que desta volta si que vai ser posible. Que pensas?

Eu penso o mesmo que ti. A oposición real que hai en Mos é o Bloque, unha oposición moi responsable, firmemente chantada na realidade social das parroquias e lugares do concello e penso que a suba que imos experimentar en apoios e en actas vai ser máis que notable.

Valoración do goberno de Nidia Arévalo?

Semella que está máis centrada no seu cargo no Senado que en atender, como alcaldesa, as necesidades e intereses do concello de Mos.

Grandes Ofertas en Pinturas
PINTURAS
SERVICIO
 Distribuidor Oficial
CLENIN

Pinturas Impermeables
Alta decoración
Papel Pintado desde 8€

Presupuesto sin compromiso
C/ Aragón 166, Vigo · Tlf: 986 37 64 00

SPAR
express

Rúa Venezuela - Vigo
Frente ao Colexio Maristas



EDUCA

40%

DE DESCUENTO EN TODOS LOS PUZZLES EN TODOS LOS EDUCA

Del 1 / 5
al 31 / 5

* Descuento directo del 40% sobre el importe de compra de cualquier puzzle Educa (infantil, adulto o 3D).

www.educaborras.com

newcompany
mouliner
VENTA Y DISTRIBUCIÓN DE
REGALOS Y JUGUETES



Polígono A Granxa

259-Nave, 6

O Porriño

986 346787
visita a nosa web:

info@jmouliner.com